O anterior entenderase sen prexuízo da posibilidade de continuar a colaboración que articula o presente convenio mediante a prórroga do mesmo, conforme ao previsto no artigo 49.h) 2ou da mencionada Lei 40/2015, ou de continuar as actuacións no marco dun novo convenio de colaboración.

#### **DÉCIMA. - RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN.**

O presente Convenio ten carácter administrativo e estará suxeito á normativa administrativa en vigor, sendo de aplicación, en todo o non previsto no mesmo, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público ou lexislación que en diante lle substitúa.

As partes acordan que as cuestións que poidan xurdir na interpretación e/ou cumprimento do presente Convenio serán dirimidas no seo da Comisión de Seguimento.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no cumprimento do presente Convenio se residenciarán no na orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

E en proba de conformidade, asínase o presente documento, por duplicado exemplar, no lugar e data do encabezamento.

2º Tenente de Alcalde e Concelleiro de Fomento e Servizos do Concello de Vigo,

2º Tenente de Alcalde e Concelleiro de  
Fomento e Servizos do Concello de Vigo,

A Presidenta de ADIF y  
de ADIF-ALTA VELOCIDAD

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Dna. María Luisa Domínguez González

#### **ANEXO I**

**DESCRIPCIÓN DO PROXECTO PILOTO DE EDIFICIO INTELIXENTE PARA A INTEGRACIÓN DA INFORMACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E AS ESTACIONS FERROVIARIAS DE VIGO URZAIZ (VIALIA VIGO) E VIGO GUIXAR, DA NECESIDADE PÚBLICA QUE SE PRETENDE ATENDER E DOS SEUS OBXECTIVOS**



## Concello de Vigo

Neste anexo detállanse os casos de uso para os que é necesario o desenvolvemento, implantación de sistemas de xestión, sensorización e posta en produción dos pilotos, así como para o tratamento da información procedente ou con destino a estacións titularidade de ADIF ou ADIF-Alta Velocidad, integradas na xestión intelixente do municipio, como un nodo IoT (Internet of Things), que achegue a información de carácter non persoal.

Igualmente, estableceranse os mecanismos de intercambio de información entre a cidade e as estacións que se consideren necesarios para desenvolver os casos de uso descritos.

Desta forma, co desenvolvemento do Proxecto Piloto, preténdese desenvolver as actuacións de instalación de elementos de sensórica para a integración dos datos das ESTACIONES FERROVIARIAS DE VIGO-URZAIZ (VIALIA VIGO) e VIGO-GUIXAR coa plataforma da cidade, mediante un nodo IoT ("Internet of Things"), de tal forma que se dispoña de información integrada que permita desenvolver os casos de uso que se describen a continuación.

Durante a execución do proxecto, e baixo a supervisión da Comisión de Seguimento, identificaranse e acordarán as necesidades concretas para cada caso de uso, isto é, o seu priorización e alcance, así como a información que se dispoña a intercambiar entre Cidade e Estación.

<b>CASOS DE USO</b>	<b>Información Concello → ADIF</b>	<b>Información ADIF → Concello</b>
CU01. Avaliación calidade de vida dos cidadáns	Subindicadores para accións programadas de mellora calidade vida	
CU02.- Análise intelixente consumo agua	Consumos non xustificados e perdas de rede	Consumos históricos / Datos comportamento social edificio
CU03.- Analítica mercadorías en entorno urbano	Mobilidade e tránsito urbano	Saídas e entradas de tránsito vinculados
CU04.- Calidade do aire exterior (básica)	Datos calidade do aire desagregados / Alarmas de saúde ambiental	Saídas e entradas de tránsito vinculados / Datos comportamento social edificio
CU07.- Mapas e informes meteorolóxicos	Datos ambientais externos desagregados a tempo real	
CU08.- Detección de ruído exterior	Nivel de ruído para determinar contaminación acústica, a súa tipoloxía y un sistema de alertas de medidas correctoras	Saídas e entradas de tránsito vinculados / Datos comportamento social edificio

CU09.- Análise intelixente consumo enerxía eléctrica e térmica	Xeneración accións de eficiencia e consumo enerxético responsable / Alarmas de consumo en situacións de uso indebido do espazo fora do horario de ocupación	Consumos históricos / Datos comportamento social edificio
CU10.- Xestión eficiente consumos e compromiso de usuarios concienciados	Acciones programadas para favorecer comportamentos sostibilidade ambiental dos usuarios	Consumos históricos / Datos comportamento social do edificio
CU11.- Confort térmico en interior	Medición do equilibrio térmico óptimo / Detección valores anómalos parámetros ambientais internos y xeneración sistema de alertas	Datos comportamento social del edificio
CU12.- Control de ruído interior	Nivel de ruído para determinar contaminación acústica, su tipoloxía y un sistema de alertas de medidas correctoras	Datos comportamento social edificio
CU13.- Calidade do aire interior	Datos avaliación calidade aire interior que determinan ausencia contaminantes prexudiciais para a saúde das persoas	Datos comportamento social del edificio
CU14.- Calidade lumínica	Datos de luz dinámica e difusa de orixe natural que deseñan estratexias de aforro enerxético	Datos comportamento social del edificio
CU15.- Creación dun "timetable" dinámica de transporte urbano único para a cidade	Datos de demanda de mobilidade urbana para mellorar planificación itinerarios polos operadores e xestión mobilidade sostible en contornos urbanos	Horarios de trens e incidencias no tráfico ferroviario
CU17.- Medida de ocupación en edificios e espazos públicos	Datos de ocupación en tempo real	Datos de comportamento social do edificio
CU18.- Afluencia de visitantes. Caracterización e medición da chegada de pasaxeiros	Datos de afluencia turística á cidade (portos, aeroportos, estacións tren, autobuses) para adecuación servizos-cidade	
CU24VI.- Monitorización do transporte activo	Datos monitorizados e parámetros de calidade urbana que favorecen o transporte activo (camiñar ou ir en bicicleta)	Datos de comportamento social do edificio





## Concello de Vigo

Adicionalmente a estes casos de uso, e en cumprimento do detallado na norma UNE 178109:2018 “Cidades Intelixentes. Estación intelixente e conexión coa plataforma de cidade intelixente”, tamén serán obxecto do presente convenio os seguintes casos de uso, co obxectivo de mellorar a xestión dos servizos da cidade e das estacións, e por tanto, mellorar a experiencia do cidadán.

O intercambio de información estrutúrase nos 5 alicerces detallados na Norma:

CASOS DE USO	Información Concello → ADIF	Información ADIF → Concello
<b>XESTIÓN MOBILIDADE (Elixir o mellor modo de transporte)</b>		
MODOS DE TRANSPORTE	MODOS DE TRANSPORTE CERCANOS: localizacións paradas, horarios, frecuencias, prezos, dispoñibilidade, accesibilidade,...  PUNTOS RECARGA VE (vehículos eléctricos) INCIDENCIAS	TRÁFICO FERROVIARIO: Conexións e horarios de trens INCIDENCIAS en Estación e en rede ferroviaria
TRÁFICO	Estado y restricións circulación en cidade (fundamentalmente en arredores estación)	
APARCAMENTOS CERCANOS	CERCANOS A ESTACIÓN: ubicación, horarios, aforo e ocupación (prazas en xeral, prazas PMR, coches eléctricos, ...), prezos e ofertas, servizos ofrecidos, etc	EN ESTACIÓN: ubicación, horarios, aforo e ocupación (prazas en xeral, prazas PMR, coches eléctricos, ...), prezos e ofertas, servizos ofrecidos, etc.
ACCESOS e ACCESIBILIDADE	Accesos máis óptimos á estación (peonís, accesibles, rodados e transporte público, etc)	Accesos e recorridos accesibles Servizos accesibles, ...
TAXIS		Gestión de bolsa de taxis
<b>SUSTENTABILIDADE (Contribuír a unha cidade máis sostible)</b>		
XESTIÓN AMBIENTAL	Mapa en tempo real calidade de aire e condicións atmosféricas peri-edificio	Información que poida afectar a la actividade da cidade: consumos de auga e enerxía, pegada ecolóxica, sensores de actividade, ...
RESIDUOS	Xestión de residuos e puntos limpos: frecuencias de recollida	Ubicación e nivel de xenado

XESTIÓN ENERXÍA (SERVIZOS ESENCIAIS)	Asegurar prestación servicios esenciais (auga, enerxía, gas) en Estacións (edificios considerados como infraestrutura crítica)	
<b>TURISMO (Orientar para conseguir a mellor oferta turística)</b>		
OFERTA TURÍSTICA	OFERTA TURÍSTICA / EVENTOS EN CIDADE e TERRITORIO: culturais, de ocio e deportivos, feiras, festas locais e autonómicas, congresos, festivais, ....	EVENTOS EN ESTACIÓN: culturais, de ocio e deportivos, feiras, festas locais e autonómicas, congresos, festivais, etc.
OFERTA CULTURAL	MUSEOS e EDIFICIOS DE INTERESE: ubicación, horarios, tempos de espera, tarifas, horarios, ofertas, bonificacións, etc.	
PRAIAS	Ubicación, valoración, aforo e ocupación, calidade da auga, servicios ofertados, etc.	
ALOXAMENTOS	CERCANOS A ESTACIÓN: Ubicación, nivel de ocupación, mapas de prezo por zonas, conexións, etc.	
SERVIZOS DE INFORMACIÓN AO CIDADÁN	Puntos de información, sistema de queixas, notificación de incidencias	
CONDICIÓN METEOROLÓXICAS	Actuais e previsión	
<b>HIPERCONECTIVIDADE (Interactuar para mellorar a valoración do servizo)</b>		
SERVIZOS PÚBLICOS	SERVIZOS PÚBLICOS: Ubicación, horarios, servicios ofrecidos, nivel de ocupación, tempos de espera,....	SERVIZOS AO CLIENTE: ubicación, horarios, servicios ofrecidos (información, atención ao cliente, venta de billetes, salas club, consignas, ...)
<b>SEGURIDADE (Percibir unha estación e contorno máis seguros)</b>		
SERVIZOS DE EMERXENCIAS	HOSPITAIS, EQUIPOS DE EMERXENCIA e CORPOS DE SEGURIDADE: Ubicación, horarios, servicios ofrecidos, nivel de ocupación, tempos de espera, ...	EQUIPOS DE EMERXENCIA, DESFIBRILADORES e outros equipamentos de seguridade e saúde a clientes
INCIDENCIAS	INCIDENCIAS NA CIDADE (con ou sin afectación para a estación): concentracións, manifestacións, ....	INCIDENCIAS EN ESTACIÓN: Aforo total e por zonas
ALARMAS / RECOMENDACIÓN S DE SEGURIDADE	ALARMAS / RECOMENDACIÓN S DE SEGURIDADE	ALARMAS EN ESTACIÓN: Incendio, fume, gases aparcamento, auga en aparcamento, cortes de subministro eléctrico, auga, comunicacións, ...



**Concello de Vigo**

2º Tenente de Alcalde e Concelleiro de  
Fomento e Servizos do Concello de Vigo,

A Presidenta de ADIF e  
de ADIF-ALTA VELOCIDAD

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Dña. María Luisa Domínguez González

**3(438).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS  
RESOLUCIÓN XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDIMENTOS. EXPTE.  
14805/111.**

Dáse conta do informe-proposta de data 1/06/2022 asinado polo xefe da Área Xudicial de Asesoría Xurídica e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

A/ RESOLUCIÓN DITADAS NA ORDE CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA

1.- Contencioso. Expediente nº 14468/111

Sentenza nº 118 do 27 de abril de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 46/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta. RPA, danos nun vehículo, asolagamento na rúa Xulián Estévez

Expte(s): 6460/243

Contía: 3.091,40 €

Esta sentenza, firme, estima parcialmente o recurso, anula a desestimación presunta impugnada e condena ao Concello ao pagamento de 2.972,50 euros, cos xuros legais dende a data da reclamación administrativa (31-5-2021), con custas taxadas de oficio.

Ao se tratar de sentenza firme con condena ao pagamento de cantidade determinada, a Intervención municipal debe executala en tempo e forma.

O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

2.- Contencioso. Expediente nº 14069/111

Sentenza nº 117 do 27 de abril de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 336/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do 23-12-2021 (E.P.). RPA, danos nun vehículo por caída de árbores en Samil

Expte(s): 6335/243

Contía: 7.345,00 €

Esta sentenza, firme, estima parcialmente o recurso, incrementando a indemnización en 1.412,50 euros con condena exclusivamente á concesionaria, e xuros legais dende a data da reclamación administrativa (4-1-2021), e dende o 28-10-2021 (en canto ao valor da afección engadido polo Xulgador).

A codemandada-concesionaria é condenada ás custas, taxadas de oficio.

O departamento de Patrimonio-RPA e o de Contratación, deben verificar a execución do resolto pola concesionaria obrigada.

3.- Contencioso. Expediente nº 14501/111

Sentenza nº 120 do 27 de abril de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 56/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do 22-12-2021(E.P.). RPA, caída na r/ de Montero Ríos o 10-5-2020

Expte(s): 6301/243

Contía: 28.832,60 €

Esta sentenza, firme, estima parcialmente o recurso, incrementa a indemnización en 15.696,01 euros, con xuros dende a data da reclamación administrativa (4/11/2022), aplicables sobre a total da indemnización (45.022,41 euros).

Ao se tratar de condena ao pagamento de cantidade determinada, a Intervención municipal debe executala en tempo e forma.

O departamento de Patrimonio-RPA, debe xestionar o contrato de aseguramento municipal en relación con esta resolución xudicial.

4.- Contencioso. Expediente nº 13853/111

Sentenza nº 167 do 29 de abril de 2022

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3

Recurso de apelación: 7145/2021

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Resolución do 23-7-2020 XGL. Desestimatoria da solicitude de aboamento de subvención directa.

Expte(s): 19653/333

Contía: 295.000,00 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima a nosa apelación contra a de instancia, confirmando o resolto na Sentenza nº 148/2021.

A Intervención municipal e o servizo de Deportes deben informar con urxencia sobre a procedencia e bases dunha eventual casación, ou ben proceder á execución do xudicialmente resol-



## Concello de Vigo

to (retrotraer as actuacións e resolver sobre a concesión da subvención ou aprobación do convenio, conforme ao art. 28 LXS e 63.3 da RXS).

*Procedemento de orixe:*

*P.O. 238/2020 Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, Sentenza nº 148/2021 de 30/07/2021, estimatoria parcial, comunicada na sesión da XGL do 29/10/2021*

5.- Contencioso. Expediente nº 14527/111

Sentenza nº 131 do 4 de maio de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 67/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do 17-11-2021. Proc. sancionador, infracción da L. 8/2008 (e art. 6.1. do R.D. - L. 21/2020)

Expte(s): 288661/280

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.

O departamento de Sanidade e a Tesourería - Recadación municipal deben coñecer o resolto.

6.- Contencioso. Expediente nº 14526/111

Sentenza nº 127 do 3 de maio de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 60/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Infracción de tráfico, aboamento anticipado e bonificado o 15-12-2021.

Expte(s): 288662/280

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Seguridade e a Tesourería Recadación municipal deben coñecer o resolto.

7.- Contencioso. Expediente nº 13610/111

Sentenza nº 95 do 5 de maio de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Ordinario: 157/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación “presunta” de solicitudes de pagamento de “minutas”.

Expte(s): 76681/212

Contía: 35.622,40 €

Esta sentenza, que non é firme, estima parcialmente o recurso, anula a desestimación presunta impugnada e condena ao Concello ao pagamento de 7.260 euros (6.000 euros máis I.V.E.) como indemnización para evitar o enriquecemento inxusto do Concello.

Os departamentos de Persoal e Seguridade deben informar con urxencia sobre a procedencia e bases dunha eventual apelación. Esta Asesoría Xurídica debe facer constar que descoñecía to-

das as resolucións xudiciais producidas con intervención do demandante, e que algunhas delas terían unha indubidable relevancia xurídico-administrativa.

8.- Contencioso. Expediente nº 11988/111

Providencia do 27 de abril de 2022

Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 1ª

Casación: 6470/2021

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: aprobación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local, aprobado polo Concello de Vigo e publicada no BOP do 29/11/2018

Expte(s): 2491/500

Contía: Indeterminada

Inadmite a trámite o recurso de casación deste Concello contra a sentenza nº 268/2021 de instancia, que resulta así firme e debe ser executada (en canto aos seus efectos en materia de xestión e a redacción substitutoria que se estime procedente).

*Procedemento de orixe:*

*P.O. 15103/2019 TSXG Sala do Contencioso-Administrativo Sección 4ª, Sentenza nº 268/2021 do 23/06/2021, estimatoria, comunicada na sesión da XGL do 10/09/2021*

9.- Contencioso. Expediente nº 13785/111

Sentenza nº 97 do 5 de maio de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Ordinario: 237/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do TE-A do Concello de Vigo do 21-5-2021. Rectificación de autoliquidación do IIVTNU

Expte(s): 5212/550

Contía: 34.843,07 €

Esta sentenza, que non é firme, estima o recurso, anulando o acto e condenando ao Concello á devolución como ingreso indebido de 34.843,07 euros, sen xuros, nin custas.

O departamento de Ingresos debe informar, con urxencia, sobre a procedencia e bases dunha eventual apelación (que este servizo considera pouco viable), ou en caso contrario proceder á execución do resolto.

10.- Contencioso. Expediente nº 13360/111

Auto nº 56 do 5 de maio de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela

Abreviado: 507/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do 19-10-2020. Sanción de tráfico

Expte(s): 2018/22474



## Concello de Vigo

Contía: 300,00 €

Declara rematado o procedemento por satisfacción extraprocésual (producida o 3-12-2020), con custas taxadas de oficio.

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación municipal deben coñecer o resolto.

11.- Contencioso. Expediente nº 13832/111

Sentenza nº 401 do 18 de maio de 2022

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 577/2021

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Reclamación de retribucións (horas extraordinarias nov. 2015 - dec. 2020), bombeiros

Contía: Indeterminada superior a 30.000,00 €

Esta sentenza (en relación cos recursos de apelación que presentamos as dúas partes) límitase a estimar o recurso de apelación municipal en relación co Auto (aclaratorio) do 27-7-2021 declarando a súa nulidade, por exceder os límites do recurso ou incidente aclaratorio, e retrotraendo as actuacións ao momento inmediatamente posterior á data da sentenza (2-7-2021), para que as partes poidan interpoñer recurso contra ela, nos seus termos.

O departamento de Persoal e o de Seguridade deben coñecer o resolto.

*Procedemento de orixe:*

*P.O. 242/2020, Xulgado do C-A nº 1 de Vigo, Sentenza nº 110 de 2-7-2021 (E.P.) e Auto (aclaración do 27-7-2021), comunicadas na XGL do 29-10-2021*

12.- Contencioso. Expediente nº 13592/111

Sentenza nº 135 do 11 de maio de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Ordinario: 144/2021

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución do TE-A do Concello de Vigo do 20-1-2021. Liquidación (2019) de taxa por ocupación de dominio público (subsolo) e indirecto contra a OF nº 30.

Expte(s): 5151/550 e 35516/502

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, estima o recurso en canto á pretensión anulatoria da liquidación practicada (“que ... tería que ter sido calculada ... conforme” ao artigo 24.1.c. do TR da LR Facs. Locais).

O departamento de Ingresos debe valorar a posibilidade e as bases (en relación con outras sentenzas recentes, a O.F. nº 30 e as cuestións controvertidas derivadas da práctica das operadoras de telefonía de crear sociedades instrumentais titulares das redes que non prestan servizos de telefonía) dunha eventual apelación ou, noutro caso, executar o resolto en tempo e forma.

13.- Contencioso. Expediente nº 14435/111

Sentenza nº 109 do 19 de maio de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 37/2022

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación presunta de reposición. Reclamación de “complementos de festividade e nouturnidade” en IT, vacacións, permisos e cálculo de horas extras seguindo os días efectivamente traballados.

Expte(s): 35363/220 e 38149/220

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, desestima integramente as pretensións da actora no relativo ás retribucións complementarias dos policía municipais (CE e gratificacións).

O departamento de Persoal e o de Tesourería-Nóminas, deben coñecer o resolto (e considerar todos os contidos desta e de anteriores sentenzas sobre asuntos conexas, tendo en conta que non son firmes, pero implicar a revisión de certos aspectos do réxime retributivo, en non só).

14.- Contencioso. Expediente nº 14405/111

Sentenza nº 107 do 19 de maio de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 28/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta. RPA, accidente en bicicleta o 2-6-2020.

Expte(s): 6458/243

Contía: 2.212,08 €

Esta sentenza, firme, estima o recurso e condena ao Concello ao pagamento de 2.212,08 euros máis xuros legais dende a data da reclamación administrativa (25-5-2021), e custas taxadas de oficio.

Ao se tratar de sentenza firme de condena ao pagamento de cantidade determinada, a Intervención municipal debe executala en tempo e forma.

O departamento de Patrimonio-RPA debe xestionar o previsto no contrato municipal de aseguramento e evitar “silenzos administrativos” que dan lugar a recursos inútis.

15.- Contencioso. Expediente nº 14335/111

Sentenza nº 212 do 13 de maio de 2022

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 2

Recurso de apelación: 4069/2022

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: XGL 22-1-2007. RPA

Expte(s): 15362/240

Contía: 24.000,00 €





## Concello de Vigo

Esta sentenza, que non é firme, resolve o recurso de apelación interposto pola demandante contra o Auto do 10-11-2021 (de arquivo do incidente de execución), desestimándoo con custas taxadas de oficio.

O departamento de Fomento debe coñecer o resolto (e xunto coa Xerencia Municipal de Urbanismo e os departamentos de Patrimonio e Parques e Xardíns) deberá inspeccionar o lugar en canto ao deber de conservación do espazo de uso público e dos espazos privados situados no subsolo para evitar máis recursos posteriores coma este.

*Procedementos de orixe:*

*Recurso apelación nº 4227/2008 TSXG Sala do C-A Sección 2ª, Sentenza nº 1064 de 23-10-2019, estimatoria.*

*P.O. 41/2007 XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 57, de 4-2-2008, desestimatoria.*

### B/ RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE SOCIAL

1.- Social. Expediente nº 13412/111

Sentenza nº 160 do 9 de maio de 2022

Xulgado do Social nº 3 de Vigo

Ordinario: 865/2020

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: “oficial-conductor vixiante”, Parque Central de Servizos”. Complementos de nouturnidade e festividade en IT e vacacións segundo “cadrantes”.

Expte(s): 37773/220

Contía: 710,54 €

Esta sentenza, firme por contía, estima a demanda e condena ao Concello ao pagamento de 710,50 euros, con xuros legais do art. 29.3. do ET.

O departamento de Persoal, e o de Tesourería-Nóminas, deben executar o resolto, en tempo e forma (en 2 meses: art. 287 da LRX. Soc.) identificando o órgano administrativo responsable de facelo.

2.- Social. Expediente nº 14120/111

Sentenza nº 2480 do 24 de maio de 2022

TSX Galicia, Sala do Social

Recurso de suplicación: 753/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Impugnación do ERTE (resolución da Xunta de Galicia do 11-4-2020, forza maior)

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso de suplicación dos demandantes, confirmando a sentenza nº 448/2021 de instancia.

O departamento de Transportes debe coñecer o resolto.

*Procedemento de orixe:*

*Procedemento Conflicto Colectivo nº 278/2020 Xulgado do Social nº 3 de Vigo, Sentenza nº 448 do 16/11/2021, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 03/02/2022.*

## **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

**I.** Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

**II.** Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

**III.** Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

**IV.** Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

**V.** E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

## **PROPOSTA DE ACORDO**

**Único.-** Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.



## Concello de Vigo

**Segundo.-** Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **4(439).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN VIDA DIGNA PARA O MANTEMENTO DUN COMEDOR SOCIAL E DISPENSACIÓN DE AXUDAS DE ALIMENTOS A PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (2022-2025). EXPTE. 234258/301.**

Visto o informe xurídico do 23/05/2022 e o informe de fiscalización do 03/06/2022, dáse conta do informe-proposta do 23/05/2022, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área, a concelleira-delegada de Política de Benestar Social e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### I. INFORME

I.1. Na necesidade de atender ás persoas que se atopan en situación ou risco de exclusión social reside a conveniencia de artellar un sistema de axudas públicas a asociacións sen ánimo de lucro e institucións que teñan como obxectivo a atención inmediata a este colectivo.

I.2. Dentro destas asociacións ou institucións, a Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo ven traballando desde hai anos coa Asociación “Vida Digna”, entidade colaboradora que presta un servizo inestimable que cubre as carencias da estrutura municipal actual no tocante á atención de necesidades básicas dos centros específicos que atenden ás persoas en estado de necesidade e xestiona en Vigo un comedor social de fin de semana e un servizo de reparto de alimentos de primeira necesidade.

I.3. Para garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos da Asociación “Vida Digna”, estímase conveniente que o convenio en cuestión teña carácter plurianual (2022 – 2025), dando así continuidade ó suscrito en 2019 para o período 2019-2021.

I.4. Para estes efectos, no orzamento da Concellería de Política de Benestar Social do ano 2022 existe consignación de crédito, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.12 - “*Convenio Vida Digna*”, por un importe de 45.000€. O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As subvencións previstas para os exercicios de 2023, 2024 e 2025 (45.000€/ano) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos deses anos e ó cumprimento dos obxectivos e finalidades previstas.

I.5. A concesión desta subvención nominativa artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinalan as Bases 38 e 40 das de execución do Orzamento: competencias

de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción por desenvolver, órgano de colaboración e seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

I.6. A L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL:

*«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»;*

e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais:

*«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

Polo exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar o Convenio de colaboración coa Asociación “Vida Digna” (exercicios de 2022, 2023, 2024 e 2025) para a execución do programa de comedor social de fin de semana e reparto de alimentos de primeira necesidade.

## II. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o informe da Xefa do Servizo, a orde de inicio de expediente da Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN VIDA DIGNA” PARA O MANTEMENTO DUN COMEDOR SOCIAL E DISPENSACIÓN DE AXUDAS DE ALIMENTOS A PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (2022 – 2025)», que ten por obxecto a atención das necesidades básicas de alimentación de persoas en estado de necesidade.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por un importe total de 180.000€, a razón de 45.000€/ano, con cargo, no exercicio de 2022, á aplicación nº 2310.489.00.12 (“*Convenio Vida Digna*”) do orzamento vixente, a favor da Asociación “Vida Digna” (CIF G-36884708). As achegas correspondentes a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e ó cumprimento dos obxectivos e finalidades previstas.



## Concello de Vigo

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN VIDA DIGNA” PARA O MANTEMENTO DUN COMEDOR SOCIAL E DISPENSACIÓN DE AXUDAS DE ALIMENTOS A PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (2022 – 2025)»

En Vigo, na Casa do Concello, o [data da sinatura electrónica]

### COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Administración Municipal, D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña.

Doutra parte,

D. Ricardo Misa Díaz, con DNI nº 76.990.621-F, Presidente da «Asociación VIDA DIGNA», CIF nº G-36884708, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Brasil nº 54, baixo, de Vigo (CP 36204).

### INTERVEÑEN

D<sup>a</sup>. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, de acordo cos Decretos do Alcalde – Presidente do 18.06.2019, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais e do 26.06.2019, de delegación de competencias específicas nos/as concelleiros/as delegados/as de Área (Apdo. Terceiro, Pto. 5).

D. Ricardo Misa Díaz, actuando en representación da «Asociación VIDA DIGNA», segundo así resulta dos seus estatutos e da certificación da Secretaria da Asociación de data 05.04.2022 achegada ó expediente, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Administración Local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira delegada e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os/As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

### EXPOÑEN

I.- Que a «Asociación VIDA DIGNA» é unha organización sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro de Asociacións de Pontevedra (nº 2001/005526-1), no RUEPSS (E-5716) e no Rexistro municipal de Asociacións do Concello de Vigo (nº 01119-10), que ten como obxectivo a atención integral ás persoas en estado de necesidade, facilitándolles a axuda necesaria para satisfacer as súas necesidades materiais, formativas, psicolóxicas, administrativas e ocupacionais.

II.- Que, entre os seus proxectos e programas de asistencia, desenvolve unha actividade de apoio con alimentos básicos a familias en situación de risco ou exclusión social e, ademais, xestiona un comedor social de fin de semana, proporcionando ás persoas usuarias alimentación todos os sábados e domingos do ano, complementando deste xeito ós outros servizos de comedor da cidade.

III.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas e familias na cidade que teñen a necesidade de acudir a este dispositivo para poder satisfacer, alomenos en parte, as súas necesidades básicas de alimentación. Ademais, este recurso constitúe un complemento dos recursos de servizos sociais de que dispón o Concello como, por exemplo, o comedor social do Albergue – CIES da rúa Marqués de Valterra.

IV.- Que de acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: *«avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social»*; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de *«prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social»* residenciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do*



## Concello de Vigo

*disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).*

V.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abundamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VII.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

### ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da «Asociación VIDA DIGNA», que se compromete a prestar atención ás persoas en situación de emerxencia ou risco de exclusión social, sen distinción ideolóxica, relixiosa ou étnica, cun servizo de comedor social os fins de semana e festivos durante todo o ano. Atenderá tamén ás persoas que sexan derivadas pola Concellería de Política de Benestar Social para axuda de alimentos por medio de paquetes mensuais que comprendan alimentos básicos e, ademais, bolsas de alimentos e roupa para as persoas sen fogar ou que non teñen acceso a cociñar.

SEGUNDA.- A Asociación comprométese a cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

TERCEIRA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á «Asociación VIDA DIGNA» unha subvención para cada un dos exercicios de 2022, 2023, 2024 e 2025 por importe de 45.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 180.000€. O gasto correspondente a 2022 imputarase á aplicación nº 2310.489.00.12 – “*Convenio Vida digna*”. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

CUARTA.- Xustifícase expresamente o periodo de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

- No ano 2022, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2023, 2024 e 2025, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.
- O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos catro (4) exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acredi-





## Concello de Vigo

tativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

SEXTA.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do Convenio (2022-2025).

SÉTIMA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

OITAVA.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

NOVENA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

DÉCIMA.- No caso de que a entidade beneficiaria leve a cabo algún tipo de publicidade ou difusión das actividades subvencionadas deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política de Benestar Social e incluír de maneira explícita os seus logotipos de identificación corporativa.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de catro (4) anos (2022 – 2025), condicionado ó cumprimento dos obxectivos e á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios.

DÉCIMO SEGUNDA.- Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMO TERCEIRA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial

declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccdtes.).

DÉCIMO CUARTA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous representantes da Asociación e dous técnicos municipais, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área (ou persoa na que delegue).

DÉCIMO QUINTA.- A «Asociación VIDA DIGNA» comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do servizo, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

DÉCIMO SEXTA.- A Asociación poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Convenio, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.

DÉCIMO SÉTIMA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de cada un dos catro exercicios a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.



## Concello de Vigo

2. Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contratos de traballo e documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social (RNT e RLC).
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
  1. Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
  2. Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
  3. Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
  4. Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na AEAT.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total é o que se reflicte na memoria de rendición (Base 38.5 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas.

Se a beneficiaria da axuda solicita a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas procederá á súa devolución, obtendo os orixinais do expediente electrónico, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “*estampillado*” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos).

DÉCIMO OITAVA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO NOVENA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar Social. O/a responsable técnico/a do proxecto emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

VIXÉSIMA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do Art. 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro desta na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMO TERCEIRA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto



## Concello de Vigo

reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

VIXÉSIMO CUARTA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Administración municipal, dou fe.

### **5(440).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO DO PROXECTO “FARO EDUCA 2022” ORGANIZADO POLO FARO DE VIGO S.A.U. EXPTE. 19007/101.**

Visto o informe de fiscalización do 31/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 31/05/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral (Delegación do 3/05/2019) e pola xefa da Unidade Administrativo de Alcaldía, que di o seguinte:

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade do contrato de patrocinio publicitario para o “Faro Educa 2022” organizado polo FARO DE VIGO S.A.U. (PCAP)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 12 de maio de 2022, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ao disposto no artigo 168 da Lei 9/2017, para o contrato de patrocinio publicitario do proxecto “FARO EDUCA 2022”, á mercantil Faro de Vigo S.A.U., como organizador exclusivo do proxecto.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía e asinado con data 18 de abril de 2022.*

*Terceiro.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, con data 6 de maio de 2022.*

*Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de base á negociación de dun total de 112.295,00 € (CENTO DOCE MIL DOUSCENTOS NOVENTA E CINCO €) sendo o importe do IVE correspondente de 19.489,21 € de euros.*

*O gasto imputarase á aplicación orzamentaria 9120.2279905 (Programas Alcaldía) o a súa bolsa de vinculación do vixente orzamento.*

*O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo art.101.1 LCSP é de 92.805,79 €*

*Quinto.- Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.*

*Sexto.- Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requirindo ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP”.*

**Segundo.-** O 19 de maio de 2022 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a FARO DE VIGO S.A.U., concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

**Terceiro.-** O 25 de maio de 2022 FARO DE VIGO S.A.U., presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

**Cuarto.-** O 25 de maio de 2022, reúnense a xefa da Unidade administrativa de Alcaldía coa técnica de Administración xeral (por delegación da xefa do Servizo de Contratación de data 21.06.19), co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación persoal, e dado que o licitador acreditou a súa capacidade e solvencia (cláusula 14.2 do PCAP), acordouse admitir neste procedemento a FARO DE VIGO, S.A.U.

A continuación, abriuse o “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”. Revisada a proposición, comprobouse que se axusta ás esixencias dos pregos.



## Concello de Vigo

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación “*dado que a empresa foi seleccionada, as características do patrocinio determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación*”.

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP “*Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada*” e de acordo coa citada cláusula 15 ao haber un único licitador non se lle outorga puntuación.

O licitador xa achegou no sobre A a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP pero non achegou o anexo IV “Declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI) para os contratistas e subcontratistas” esixido na cláusula 13.7A do PCAP, polo que o 27 de maio concedeuse ao licitador un prazo de tres días para a presentación do citado anexo. O 30 de maio o licitador comprobou a documentación esixida polo que toda a documentación se considera correcta, procedendo formular proposta de adxudicación a favor de FARO DE VIGO S.A.U., sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2).

Constan no expediente os certificados acreditativos de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, coa Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como coa Seguridade Social.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, FARO DE VIGO S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao xefe do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á acta do 25 de maio de 2022 de apertura dos sobres A e B.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a FARO DE VIGO S.A.U. (A-36.600.815) o procedemento negociado sen publicidade do contrato de patrocinio publicitario para o “Faro Educa 2022” por un prezo total de 112.295,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 19.489,21 euros”.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(441).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO PREVENTIVO E CORRECTIVO PARA OS EQUIPOS AUTÓNOMOS DE RESPIRACIÓN, COMPRESORES E RAMPLA DE CARGA, E BOTTILLAS DE AIRE COMPRIMIDO DOS ERAS. EXPTE. 6634/213.**

Visto o informe de fiscalización do 03/06/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 02/06/2022, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento preventivo e correctivo para os equipos autónomos de respiración, compresores e rampla de carga, e botellas de aire comprimido dos ERAS (expediente 6.634-213)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento preventivo e correctivo para os equipos autónomos de respiración, compresores e rampla de carga, e botellas de aire comprimido dos ERAS (expediente 6.634-213)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 7 de abril de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:





## Concello de Vigo

*1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto de servizo para o mantemento preventivo e correctivo dos compresores, ramplas de carga, equipos autónomos e botellas de aire para o Parque Central de Teis e parque provisional das instalacións EDAR. que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo en data 14 de marzo de 2022.*

*2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación en data 16 de marzo de 2022.*

*3º.- Autorizar o gasto por importe de 153.186,40 euros, do que 26.586,07 euros corresponde ao 21% de IVE soportado pola administración, que se imputará á aplicación orzamentaria 13602279901 " Mantemento Grupos Autónomos" do presuposto municipal vixente de acordo cá seguinte distribución por anualidades con IVE.*

*Ano 2022: 30.637,28€.*

*Ano 2023: 30.637,28€.*

*Ano 2024: 30.637,28€.*

*Ano 2025: 30.637,28€.*

*Ano 2026: 30.637,28€.*

*4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 12 de maio de 2022 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 12 de maio de 2022, de PEYCAR PONTEVEDRA,S.L. no lote 2 deste procedemento por exceder a súa oferta o orzamento base de licitación (motivo de exclusión previsto na cláusula 14.2c do PCAP).*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento preventivo e correctivo para os equipos autónomos de respiración, compresores e rampla de carga, e botellas de aire comprimido dos ERAS (expediente 6.634-213) na seguinte orde descendente:*

*- Lote nº 1: compresores e ramplas de carga*

<b>Orde</b>	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación</b>
1	AIRBOX, S.A.	100,00 puntos
2	SENSO INGIENERÍA E INSTALACIONES, S.L.	60,97 puntos

- Lote nº 2: 64 equipos autónomos de respiración (ERAS)

<b>Orde</b>	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación</b>
1	AIRBOX, S.A.	100,00 puntos

- Lote nº 3: 166 botellas de aire respirable que forman parte dos ERAS

<b>Orde</b>	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación</b>
1	SENSO INGIENERÍA E INSTALACIONES, S.L.	95,85 puntos
2	AIRBOX, S.A.	40,32 puntos

*Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, AIRBOX, S.A. (lotes 1 e 2) (A-08.950.685) e SENSO INGIENERÍA E INSTALACIONES, S.L. (lote 3) (B-70.250.055), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, AIRBOX, S.A. (lotes 1 e 2) e SENSO INGIENERÍA E INSTALACIONES, S.L. (lote 3), o día 12 de maio de 2022, que presentan a documentación requirida nas datas 24 e 27 de maio, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 2 de xuño de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarse aos licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



## Concello de Vigo

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificado sen primeiro lugar, AIRBOX, S.A. (lotes 1 e 2) e SENSO INGIENERÍA E INSTALACIONES, S.L. (lote 3), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AIRBOX, S.A. SENSO INGIENERÍA E INSTALACIONES, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliáveis mediante fórmula de data 6 de maio de 2022.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a AIRBOX, S.A. (A-08.950.685) os lotes 1 e 2 do procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento preventivo e correctivo para os equipos autónomos de respiración, compresores e rampla de carga, e botellas de aire comprimido dos ERAS (expediente 6.634-213) coas seguintes condicións:*

- *Lote 1 Mantemento preventivo e correctivo dos compresores e ramplas de carga:*
  - *O prezo total do mantemento preventivo (parte fixa) deste lote é de 5.898,75 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.023,75 euros.*
  - *O prezo máximo do mantemento correctivo (parte variable) é de 11.948,75 euros, cunha porcentaxe de desconto único a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP para este lote do 25%.*
  
- *Lote 2: mantemento preventivo e correctivo dos 64 equipos autónomos de respiración (ERAS)*
  - *O prezo total do mantemento preventivo (parte fixa) deste lote é de 57.775,08 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 10.027,08 euros.*
  - *O prezo máximo do mantemento correctivo (parte variable) é de 27.718,65 euros, cunha porcentaxe de desconto único a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP para este lote do 25%.*

*Adxudicar a SENSO INGIENERÍA E INSTALACIONES, S.L. (B-70.250.055) o lote 3 “Mantemento preventivo e correctivo das 166 botellas de aire respirable que forman parte dos ERAS” do procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento preventivo e correctivo para os equipos autónomos de respiración, compresores e rampla de carga, e botellas de aire comprimido dos ERAS (expediente 6.634-213) coas seguintes condicións:*

- O prezo total do mantemento preventivo (parte fixa) deste lote é de 18.973,02 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.292,84 euros.*
- O prezo máximo do mantemento correctivo (parte variable) é de 9.501,50 euros, cunha porcentaxe de desconto único a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP para este lote do 20,20%.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **7(442).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “ACONDICIONAMENTO DO ANDAR BAIXO E SOTO DO I.M.E. MIGUEL SERVET PARA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL”. EXPTE. 1145/441.**

Visto o informe de fiscalización do 03/06/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 02/06/2022, que di o seguinte:

### 11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Acondicionamento do andar baixo e soto do I.M.E. Miguel Servet para escola infantil municipal” (expediente 1.145-441)

## **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de “Acondicionamento do andar baixo e



## Concello de Vigo

soto do I.M.E. Miguel Servet para escola infantil municipal” (expediente 1.145-441)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 10 de febreiro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de “ACONDICIONAMENTO DO ANDAR BAIXO E SOTO DO IME MIGUEL SERVET PARA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL”, redactado polo Arquitecto D. Ángel J. Santorio Cuartero, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS VINTE E SETE MIL DOUSCENTOS VINTE E TRES EUROS CON TRES CÉNTIMOS (627.223,03 €) e asinado dixitalmente en data 11/08/2021.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación de data 21/01/2022.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de SEISCENTOS VINTE E SETE MIL DOUSCENTOS VINTE E TRES EUROS CON TRES CÉNTIMOS (627.223,03 €) sendo o importe correspondente ao IVE de 108.856,89 €.*

*Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 3230.632.00.06 (INVESTIMENTOS NOVAS EIM)*

*Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:*

2022	30.000,00 €
2023	597.223,03 €
TOTAL	627.223,03 €

*As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.*

*Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 1.990,74 %.*

*Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 25 de maio de 2022 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Excluir deste procedemento a CONSTRUCCIONES OREGA, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non presentou xustificación ningunha en prazo.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de “Acondicionamento do andar baixo e soto do I.M.E. Miguel Servet para escola infantil municipal” (expediente 1.145-441) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	98,05
2	ORECO, S.A.U.	94,95
3	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	94,61
4	CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	87,11
5	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	29,78

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. (B-36.746.584), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., o día 26 de maio de 2022, que presenta a documentación requirida o 31 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 2 de xuño de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adjudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**



## Concello de Vigo

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 5 e 20 de maio de 2022, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión adoptada pola concelleira de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 25 de maio de 2022, de CONSTRUCCIONES OREGA, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non presentou xustificación ningunha en prazo.*
2. *Adxudicar a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. (B-36.746.584) o procedemento aberto para a contratación das obras de “Acondicionamento do andar baixo e soto do I.M.E. Miguel Servet para escola infantil municipal” (expediente 1.145-441) por un prezo total de 601.506,89 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 104.393,76 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(443).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DIRECTA, MEDIANTE CONVENIO, Á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y HOSTELEROS ZONA NAUTICO VIGO PARA A CELEBRACIÓN DA FEIRA DE ABRIL. EXPTE. 8700/106.**

Visto o informe xurídico do 03/06/2022 e o informe de fiscalización do 06/06/2022, dáse conta do informe-proposta do 27/05/2022, asinado polo xefe do Servizo de comercio, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 06 de maio de 2022 a Asociación de Comerciantes y Hosteleros Zona Náutico, despois de máis de dous anos de restricións sanitarias; limitacións horarias e de mobilidade e a merma da capacidade financeira causada por diferentes conxunturas nacionais e internacionais que afectan negativamente ao sector do comercio na cidade de Vigo, solicita a sinatura dun convenio de colaboración entre esta entidade e o Concello de Vigo para a organización da **XXXII edición da Feira de Abril** na contorna da Zona Náutico. A celebración da Feira está prevista entre o **16 e o 19 de xuño de 2022**.

A celebración da Feira de Abril estaba xa plenamente consolidada en Vigo nas datas anteriores á chegada da pandemia, considerándose unha cita imprescindible das festas de primavera e da axenda cultural en Vigo.

Nesta **XXXII edición o programa de actividades** previsto contempla:

- Recreación dunha Feira de Abril nun espazo de +- 100.00 metros cadrados.
- Montaxe dunha caseta promovida pola Casa de Andalucía.
- Organización dunha feira de artesanía e antigüidades coa temática da Feria de Abril.
- Instalación de varias atraccións infantís.
- Organización de Paseos en Calesas.
- Iluminación da zona con máis de 500.000 lámpadas.
- Ambientación musical na zona.

Con data 12 de maio de 2022 o concelleiro-delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais resolveu que polo servizo de Comercio se inicie o expediente de subvención directa do Concello de Vigo á Asociación de Comerciantes y Hosteleros Zona Náutico para a organización da XXXII edición da Feira de Abril mediante a sinatura dun convenio entre ambas entidades.

ANTECEDENTES.-





## Concello de Vigo

1.- A Asociación de comerciantes e hosteleiros Zona Náutico é unha entidade sen ánimo de lucro cuxa actividade principal e obxectivos se definen nos seus estatutos, centrándose fundamentalmente en:

1. Aumentar o caudal de público, intentando desestacionalizar os fluxos de asistentes.
2. Mellorar a oferta comercial, hostaleira e de ocio de cara ao turismo.
3. Consolidar Zona Náutico como unha área de ocio en todos os tramos horarios.
4. Conseguir sinerxias entre turismo-cultura-comercio e hostalería.

A Asociación de Comerciantes y Hosteleros Zona Náutico está inscrita no rexistro municipal de asociacións co número 01297-17.

Na actualidade a representación da mesma a ostenta o seu presidente, D. Rubén Pérez Méndez, con NIF \*\*\*7134>, conforme ao certificación do secretario da Asociación de data 18 de maio de 2022 e segundo se desprende dos estatutos da entidade.

2.- Que en virtude da Resolución da Alcaldía de data 18 e 26 de xuño de 2019 a Concellería delegada da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas especiais ten competencias en materia de comercio, en especial, a promoción e dinamización do comercio local, impulso das actividades feirais e mercados municipais, así como en materia de Distritos e concretamente a dirección das actuacións en materia de promoción, dinamización, fomento e desenvolvemento do pequeno e mediano comercio da cidade, principalmente en canto á formación, asociacionismo e actividades, etc., así como a xestión das axudas destinadas a estes fins.

3. Que a dinamización da actividade comercial como actividade de interese público, habida conta da importante repercusión desta para Vigo en termos de facturación, de emprego, de valor engadido e de imaxe da cidade, constitúe un dos obxectivos prioritarios da concellería delegada da Área.

Nos últimos dous anos a situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 obrigou a adoptar unha serie de medidas en canto á mobilidade de persoas e ao exercicio de actividades sociais e económicas para conter o avance da pandemia, protexer as persoas do risco de contaxio e garantir, na medida do posible, a continuidade da actividade económica e, conseguintemente, a protección do emprego e afectou notablemente ao comercio local. A obriga de peches e restricións de horarios, xunto co auxe da venda on-line, causou unha progresiva redución tanto na facturación do sector como no número de establecementos comerciais abertos ao público.

A esta situación engadiuse a merma enorme da capacidade financeira causada polo incremento dos custos da enerxía; o aumento da inflación (+9,8% o pasado mes de marzo do ano 2022); a recente folga do transporte, a perda do poder adquisitivo e a alza

dos prezos en múltiples materias primas a causa da guerra que se está a manter en Ucraína ou a gran competencia das áreas comerciais.

Neste contexto, o sector comercial, formado na súa maior parte por persoas autónomas e pequenas e medianas empresas, sufriu un forte impacto polo que é de interese público a realización de actuacións para promover e reactivar a actividade local que permitan manter a actividade económica, o emprego e a dimensión competitiva do sector do comercio.

4.- Que o obxectivo do presente convenio é prestar axuda á Asociación para contribuír a acadar os obxectivos que lle son propios no tocante ao fomento da participación activa da cidadanía e a celebración e conservación de eventos lúdicos xurdidos da iniciativa popular, que poidan ser considerados de interese social e económico para a cidade, e, en consecuencia:

- Conseguir unha cidadanía participativa e transformadora da súa contorna, coa consecución da mellora da súa calidade de vida e a cohesión social do municipio.
- Fortalecer o tecido asociativo que traballa no ámbito lúdico, sociocultural e veciñal.
- Fomentar acontecementos que promovan a manifestación de valores culturais, sociais e de espazos para a convivencia lúdica e de recreación na tradición popular entre a cidadanía, con especial consideración as súas características etnolóxicas e de especial atractivo comercial e turístico.
- Favorecer a cooperación entre o sector público e as entidades sen ánimo de lucro no desenvolvemento de programas de actividades que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.
- A promoción da revitalización da cidade, mediante o impulso de actuacións que permitan un maior desenvolvemento económico da zona, incluído o sector do Comercio.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de **34.990,28 euros** (IVE incluído), financiándose os mesmos mediante as achegas de 26.000 € do Concello de Vigo (74,31%); 3.000 euros das atraccións (8,57 %) e 5.990,28 euros da Asociación (17,12%).

#### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da Asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- NIF do presidente.
- CIF da Asociación.
- Inscripción da Asociación de Comerciantes y Hosteleros Zona Náutico no Rexistro provincial de Asociacións da Xunta de Galicia.



## Concello de Vigo

- Acta fundacional da Asociación.
- Estatutos da Asociación.
- Memoria das actividades a realizar.
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria.
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia.
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo.
- Certificación da conta bancaria.
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración de non exención da presentación do IVE.
- Declaración doutras axudas.
- Solicitudes das autorizacións do uso do solo correspondente á Autoridade Portuaria e á Zona Franca.
- Plan de Emerxencias.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil e recibo de estar ao corrente no pago.
- Escrito de data 26 de maio de 2022, remitido pola Asociación, de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo á celebración da Feira de Abril proposto polo Concello de Vigo.

### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención proposta fundamentase no exercicio da competencia en materia de comercio que ostenta a Concellería delegada da area de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas especiais en virtude das delegación de facultades por Resolución da Alcaldía de data 18 e 26 de xuño de 2019 atribuíndose en dita materia e de forma especial, a promoción e dinamización do comercio local, impulso das actividades feirais e mercados municipais, así como en materia de Distritos e concretamente a dirección das actuacións en materia de promoción, dinamización, fomento e desenvolvemento do pequeno e mediano comercio da cidade, principalmente en canto a formación, asociacionismo e actividades, etc., así como a xestión das axudas destinadas a estes fins.

A dinamización da actividade comercial como actividade de interese público, habida conta da importante repercusión das mesmas para a cidade en termos de facturación, de emprego, de valor engadido e de imaxe da cidade, constitúe un dos obxectivos prioritarios da concellería delegada da area.

Fronte o procedemento ordinario de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva o artigo 22.2 da LXS determina a posibilidade de concesión de forma directa das subvencións por interese xeral, e con carácter excepcional, daquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Así mesmo, existen razóns que dificultan a convocatoria pública, en tanto que a feira organízase na contorna da Zona Náutico e é a **Asociación de Comerciantes y Hosteleros Zona Náutico de Vigo**, como entidade beneficiaria, **integrada na Federación de Comercio de Vigo a que representa á maioría dos comercios da súa área de influencia.**

A concesión subvención que outorgue o Concello de Vigo á Asociación, para a celebración da Feira de Abril, obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

A concesión da subvención directa á Asociación deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartado c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, polo seu carácter excepcional acreditadas por razóns de interese público, social e económico xustificadas no expediente e que dificultan a súa convocatoria pública; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade de fomento da actividade comercial promovida polo Concello.

De acordo co previsto no art. 26. da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual a través dos cales se canalicen estas subvencións, e establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co previsto neste precepto legal e conforme aos mínimos establecidos no apartado 2 do citado artigo..

#### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano competente para a aprobación da concesión desta subvención é a Xunta de Goberno Local en virtude do artigo 127.1 g) da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local e Resolución da Alcaldía de data 18.06.2019 e 17.08.2020

#### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á Asociación ten como obxecto financiar a celebración da Feira de Abril contra a partida **4310.470000 “Subvencións pequeno e mediano comercio”**, por importe de **26.000 €**, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á Asociación é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.



## Concello de Vigo

### CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN Á FEDERACIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei xeral de subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Comercio e, tralos informes xurídicos e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 26.000 € (vinte e seis mil euros) á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y HOSTELEROS ZONA NÁUTICO, CIF: \*\*\*8072>>, para a celebración da XXXII edición da Feira de Abril, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á partida 4310 470000“ Subvencións pequeno e mediano comercio.”,*

*SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y HOSTELEROS ZONA NÁUTICO, CIF: \*\*\*8072>>, que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento da celebración da XXXII edición da Feira de Abril.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y HOSTELEROS ZONA NÁUTICO DE CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCIÓN PARA A CELEBRACIÓN DA FEIRA DE ABRIL

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil vinte e dous.

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Ángel Rivas González, concelleiro da área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, en virtude das facultades conferidas por Resolución da Alcaldía de data 26 de xuño de 2019 e posterior de data 17 de agosto de 2020;

Doutra parte, D. Rubén Pérez Méndez, NIF 53171347-Q, en calidade de presidente da Asociación de comerciantes y hosteleros Zona Náutico, CIF.- G 27807205, en adiante Asociación.

E, D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, secretaria de Administración Municipal por delegación da Secretaria de Goberno Local de data 27 de febreiro de 2020, aos meros efectos de asistencia ao Sr. Alcalde - Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para a sinatura deste convenio,

### **MANIFESTAN**

**I.-** Que a Asociación é unha entidade sen ánimo de lucro, que conta con personalidade xurídica e capacidade de obrar, que conforme aos seus estatutos ten como fin potenciar a zona do ámbito de influencia (Náutico e contorna), así como establecer normas para a boa imaxe e convivencia na zona. A Asociación para o cumprimento destes fins realiza as seguintes actividades, podendo subscribir os acordos, convenios que fosen necesarios e sexan considerados convenientes e beneficiosos para esta:

- Reclamar ante as institucións competentes as melloras e actuacións que consideren necesarias.
- Investir en publicidade, organización de eventos, promocións, acordos de colaboración (parkings, eventos deportivos, eventos musicais...).

**II.-** Que en virtude da resolución da Alcaldía de data 18 e 26 de xuño de 2021 a Concellería delegada da área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas especiais ten competencias en materia de comercio, en especial, a promoción e dinamización do comercio local, impulso das actividades feirais e mercados municipais, así como en materia de Distritos e concretamente a dirección das actuacións en materia de promoción, dinamización, fomento e desenvolvemento do pequeno e mediano comercio da cidade, principalmente en canto a formación, asociacionismo e actividades, etc., así como a xestión das axudas destinadas a estes fins.

Que a dinamización da actividade comercial como actividade de interese público, habida conta da importante repercusión desta para Vigo en termos de facturación, de emprego, de valor engadido e de imaxe da cidade, constitúe un dos obxectivos prioritarios da concellería delegada da Área.

Nos últimos dous anos a situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 obrigou a adoptar unha serie de medidas en canto á mobilidade de persoas e ao exercicio de actividades sociais e económicas para conter o avance da pandemia, protexer as persoas do risco de contaxio e garantir, na medida do posible, a continuidade da actividade económica e, conseguintemente, a protección do emprego e afectou notablemente ao comercio local. A obriga de peches e restricións de horarios, xunto co auxe da venda on-line, causou unha progresiva redución tanto na facturación do sector como no número de establecementos comerciais abertos ao público.



## Concello de Vigo

A esta situación engadiuse a merma enorme da capacidade financeira causada polo incremento dos custes da enerxía; o aumento da inflación (+9,8% o pasado mes de marzo do ano 2022); a recente folga do transporte, a perda do poder adquisitivo e a alza dos prezos en múltiples materias primas a causa da guerra que se está a manter en Ucraína ou a gran competencia das áreas comerciais.

Neste contexto, o sector comercial, formado na súa maior parte por persoas autónomas e pequenas e medianas empresas, sufriu un forte impacto polo que **é de interese público a realización de actuacións para promover e reactivar a actividade local que permitan manter a actividade económica, o emprego e a dimensión competitiva do sector do comercio.**

**III.-** Que é o obxectivo deste Concello prestar axuda á Asociación para contribuír a acadar os obxectivos que lle son propios no tocante ao fomento da participación activa da cidadanía e a celebración e conservación de eventos lúdicos xurdidos da iniciativa popular, que poidan ser considerados de interese social e económico para a cidade, e, en consecuencia:

- Conseguir unha cidadanía participativa e transformadora da súa contorna, coa consecución da mellora da súa calidade de vida e a cohesión social do municipio.
- Fortalecer o tecido asociativo que traballa no ámbito lúdico, sociocultural e veciñal.
- Fomentar acontecementos que promovan a manifestación de valores culturais, sociais e de espazos para a convivencia lúdica e de recreación na tradición popular entre a cidadanía, con especial consideración as súas características etnolóxicas e de especial atractivo comercial e turístico.
- Favorecer a cooperación entre o sector público e as entidades sen ánimo de lucro no desenvolvemento de programas de actividades que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.
- A promoción da revitalización da cidade, mediante o impulso de actuacións que permitan un maior desenvolvemento económico da zona, incluído o sector do Comercio.

**IV.-** Que no presuposto do Concello consta a partida 4310 47000000 co concepto “subvencións pequeno comercio”.

E, na súa virtude, ambas entidades consideran oportuno subscribir un convenio polo que se instrumentaliza a concesión dunha subvención directa ao abeiro do art. 22.2 c) da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións, en virtude do cal poderán concederse de forma directa e con carácter excepcional subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, que dificulten a súa convocatoria pública con arranxo ás seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRO.-OBJECTO

O obxecto do convenio é o outorgamento á Asociación dunha subvención directa por un importe certo co fin de colaborar no financiamento da actividade recreativa Feira de Abril.

A actividade realizarase do 16 ao 19 de xuño do presente ano, na contorna de dominio publico da Autoridade Portuaria do Náutico (Avda. Beiramar e Paseo das Avenidas) e do Concello de Vigo-rúa Montero Ríos, conforme ao programa de actos que se achega ao expediente do citado convenio.

### SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O presuposto total do proxecto ascende a **34.990,28 euros**.

O Concello de Vigo contribuirá oa financiamento da actuación coa cantidade de **26.000 €** (IVE incluído) que representa un porcentaxe de **74,31%**, financiando o resto a Asociación.

Este financiamento realizarase efectivo coa aplicación presupuestaria 4310 4700000 "subvencións pequeno comercio" do orzamento municipal.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A estes efectos a beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención non poderá superar o da actuación subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da lei xeral de subvencións.

### TERCEIRA.- COMPROMISOS DAS PARTES

1.- A Asociación comprométese a:

- a) Cumprimento do obxecto do Convenio que fundamenta a concesión da achega e a aplicar a subvención concedida ao pago dos gastos derivados da execución do proxecto.
- b) Asumir toda responsabilidade concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal





## Concello de Vigo

fin, así como cumprir a programación que consta no expediente. Todas as actividades serán organizadas por un equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola Asociación, baixo da dirección do presidente da entidade, Rubén Pérez Méndez, con número de teléfono 686481348 que actuará como director do plan de actuación en emerxencias que se achega ao expediente e interlocutor final ante á Concellería.

- c) Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades, achegando para tal efecto as autorizacións do uso do solo correspondentes á Autoridade Portuaria e á Zona Franca.
- d) Adoptar as medidas preventivas específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia que determine a autoridade sanitaria en cada momento.
- e) Deberá respectar e cumprir as prescricións previstas na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e, se procede, o Decreto 48/2021, do 11 de marzo, polo que se regula a actividade de control de acceso aos espectáculos públicos e actividades recreativas, así como aos establecementos ou espazos abertos ao público en que se realicen.
- f) Xestión dos medios materiais e técnicos, así como a contratación dos traballos necesarios para o cumprimento do obxecto do convenio, así como o abono de todos os gastos derivados da súa realización.
- g) Facilitar ao persoal técnico e ao persoal da inspección municipal o acceso á instalación para canda comprobación teñan que realizar aos efectos de comprobación das actuacións realizadas, así como a colaboración co persoal municipal a efectos de comprobación de canda documentación e información lle sexa requirida.
- h) Darlle as actividades o maior grao de publicidade incorporando os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada.
- i) Ter información actualizada e continua sobre a situación do sector do comercio durante o período de aplicación do convenio.
- j) No caso de desenvolverse no recinto algunha actividade comercial ocasional, a Asociación velará polo cumprimento da normativa de venda ambulante, das condicións hixiénicas sanitarias e da montaxe e posta en funcionamento das instalacións desmontables e atraccións recreativas, promovendo a tal fin unhas bases de participación e instalación dos postos, baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación; presentando a tal fin, e previo ao inicio da actividade, a respectivas declaracións responsables asinada polos titulares dos postos conforme cumpren cas condicións de venda ambulante, manipulación de alimentos e hixiénico sanitarias.
- k) Comunicar á Concellería de Comercio as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións

de Galicia), en particular os cambios no proxecto, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización das eventuais modificacións, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

- l) Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención do Concello de Vigo pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

## 2.- O Concello de Vigo comprométese

- a) Financiamento do custe das actuacións previstas a través da concesión dunha subvención polo importe máximo establecido na cláusula segunda.
- b) Xestionar as autorizacións de ocupación de dominio público.
- c) Colaborar na promoción do evento cos distintos medios de comunicación e difusión municipais.
- d) Recabar do Servizo de Seguridade e Mobilidade o outorgamento da licenza de actividade recreativa, así como as súas funcións de inspección, control e resto das actuacións precisas no exercicio do resto das competencias municipais en materia de espectáculos e actividades.
- e) Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

## **CUARTA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

Calquera que sexa o medio de difusión, a Asociación adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente e expresamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando a tal fin o anagrama-logotipo do Concello ademais das lendas indicadas polo servizo de Comercio e Festas Especiais, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo co Concello.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello, deberá acordarse con este a prelación e características de cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado ao servizo de Comercio e Festas Especiais, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da Asociación, Concello e outras entidades que



## Concello de Vigo

realicen algunha achega ao proxecto subvencionado. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a Asociación entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación desde o servizo de Comercio e Festas Especiais.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos...) deberá estar previamente comunicada e acordada co Concello antes da súa divulgación pública.

A presentación pública institucional dos intervintes nos actos de presentación do programa e outros actos institucionais, deberá estar previamente acordada entre o organizador e o Concello de Vigo .

A Asociación comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que empregue a Asociación para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese a Asociación ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A Asociación facilitará ao servizo de Comercio e Festas Especiais, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010...).

### Lingua de difusión en publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da normalización lingüística do Concello, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan carácter non periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares co Concello para que os elementos sexan subvencionables.

En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito da cidadanía a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas.

## **QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO**

1.- O prazo de xustificación finalizará o 10 de novembro de 2022. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente,

este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei xeral de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei xeral de subvencións, correspondan.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 30/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC) a Asociación está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org> e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

2.- A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha **conta xustificativa** conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse mediante a presentación de facturas a través do **Rexistro electrónico do Concello de Vigo** polo total do orzamento. Poderá substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de **34.990,28 euros..**

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de todos os xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
- Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Renditas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.
- Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
- A xustificación deberá facerse con documentos electrónicos pola parte subvencionada. Poderase substituír a presentación de facturas pola parte do gasto



## Concello de Vigo

non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.

- Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.

En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 15.000 euros no suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o fornezan ou presten, ou salvo que o gasto realizouse con anterioridade á solicitude da subvención. A elección entre as ofertas presentadas, que haberán de achegarse na xustificación, ou, no seu caso, na solicitude da subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Así mesmo, achegarase copia, de ser o caso, das autorizacións para a realización da actuación, ou indicación do número de expediente municipal correspondente, sempre que non se achegase con anterioridade.

### **SEXTA.- PAGO DA SUBVENCIÓN**

O pago da subvención se realizarase previa xustificación por parte da entidade beneficiaria mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES31 2080 5136 9730 4001 5265, entidade bancaria A Banca, da que é titular a entidade beneficiaria.

O CONCELLO xestionará o pagamento á Asociación do importe da subvención outorgada ou resultante, tras a entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa.

Non obstante a beneficiaria pode solicitar o pago anticipado do 40% do importe total da subvención proposta, que será abonado á beneficiaria mediante transferencia bancaria tras a aprobación da resolución de adxudicación da subvención, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. A estes efectos e conforme ao artigo 42.2 do Regulamento da lei xeral de subvencións a Asociación de comerciantes y hosteleros Zona Náutico queda exonerada da constitución de garantía, para a tramitación de dito pago, por ser unha entidade fundacional sen ánimo de lucro coa finalidade de promoción do comercio local.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da lei xeral de subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade. A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. Non será necesario achegar nova certificación se a achegada na solicitude non expirou o prazo de seis meses de validez.

A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Comercio do Concello de Vigo. O instrutor dos expedientes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

O xefe do servizo de Comercio como instrutor do expediente emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

Os inspectores do Servizo de Seguridade poderán efectuar visita para comprobar, deixar constancia e informar sobre o estado das obras obxecto de subvención antes da resolución do expediente de outorgamento.

### **SÉTIMA.- SUBCONTRATACIÓN**

A Asociación, como entidade executora das actuacións subvencionables, co obxecto de garantir a súa adecuada execución, comprométense a asumir a dirección técnica, debendo proceder, en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, de ser o caso, á subcontratación de servizos necesarios para desenvolver as actuacións subvencionables, podendo subcontratar totalmente as actividades previstas, e asumindo expresamente o contido dos límites e obrigas establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante as entidades beneficiarias, que asumirán a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Administración. As entidades beneficiarias serán as responsables de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e exixiran-



## Concello de Vigo

lles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os subcontratistas están obrigadas/os a lles facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a autorización previa de órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

### **OITAVA.- GASTOS SUBVENCIONABLES**

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período de desenvolvemento do convenio dende o 16 de xuño ata o 19 de xuño inclusive.

### **NOVENA.- REINTEGRO**

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos dos artigos 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso, procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

### **DÉCIMA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN S**

En canto ás infracción e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

## **DÉCIMO PRIMEIRA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións e a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, nos termos establecidos na súa normativa reguladora, de acordo co previsto no artigo 19.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

2. Os beneficiarios poderán solicitar ao órgano concedente con carácter excepcional a modificación da resolución de concesión cando aparezan circunstancias imprevistas que alteren ou dificulten a execución da actividade ou proxecto subvencionable ou cando sexan necesarias para o bo fin da actuación. A solicitude poderá ser autorizada sempre que non se altere o obxecto ou finalidade da subvención e non se danen dereitos de terceiros e deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

O incumprimento, total ou parcial, dalgunha das condicións establecidas no presente convenio dará lugar á súa rescisión e ás accións que, no seu caso, correspondan a ambas as partes. Desta maneira, o Concellería quedaría obrigada ao reintegro das cantidades percibidas indebidamente, sen prexuízo das responsabilidades en que puidese incurrir, en aplicación do disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

## **DÉCIMO SEGUNDA.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO**

Será motivo de resolución do convenio incurrir nalgunha das seguintes causas:

1. Acordo unánime de todos os asinantes.
2. Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes neste convenio. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo, transcorrido o mesmo se persistira o incumprimento, notificarase as partes asinantes a causa de resolución e se entenderá resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados, atendendo o valor económico das obrigas deixadas de cumprir.
3. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
4. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis vixentes.

## **DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**





## Concello de Vigo

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) xeral de protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

### **DÉCIMO CUARTA.- PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN**

En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de Subvencións artigo 20.4 e 20.8.b).

### **DÉCIMO QUINTA.- NATUREZA XURÍDICA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE**

Este convenio ten natureza administrativa e atópase excluído do ámbito do texto refundido da Lei de contratos do sector público, en virtude dos establecido no artigo 6 do devandito texto legal.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Dada a natureza administrativa do presente Convenio, as cuestións litixiosas que puidesen suscitarse na súa execución, liquidaranse ante a orde xurisdiccional contenciosa administrativo.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo no lugar e data que se indican.

## ANEXO I

### PRESUPUESTO FERIA DE ABRIL 2022

GASTOS	DEFINITIVO
GASTOS ILUMINACION	13.800,00 €
GASTOS SONIDO	3.800,00 €
GASTOS CUÑA RADIO	495,00 €
GASTOS IMPRENTA CARTELERIA	1.746,65 €
GASTOS EVENTO ACTO ENCENDIDO ALUMBRADO	1.200,00 €
GASTOS PLACAS AGRADECIMIENTO	200,00 €
GASTOS ACTUACIONES	6.000,00 €
GASTOS DIRECTOS ORGANIZACIÓN	1.200,00 €
GASTOS INDIRECTOS DE ORGANIZACIÓN	5.792,10 €
GASTOS PLAN DE EMERGENCIA	400,00 €
GASTOS POLIZA DE RC	356,53 €
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>34.990,28 €</b>
<b>INGRESOS</b>	
CONVENIO CONCELLO	26.000,00 €
APORTACION ATRACCIONES	3.000,00 €
APORTACION ORGANIZACIÓN	5.990,28 €
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>34.990,28 €</b>

**9(444).- RENUNCIA DA DIOCESE DE TUI-VIGO DA SUBVENCIÓN DIRECTA PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO DE “ALUMEADO ORNAMENTAL NO EXTERIOR DA CAPELA DA GUÍA” (FASE 2). EXPTE. 2326/150.**

Visto o informe xurídico do 30/05/2022 e o informe de fiscalización do 31/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 30/05/2022, asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

Con data 23 de novembro de 2020 o Concello de Vigo asinou un convenio marco para a colaboración coa Diocese de Tui Vigo para contribuír ao mantemento, conservación,



## Concello de Vigo

restauración, difusión e divulgación do Patrimonio Cultural de Titularidade Eclesiástica sito no ámbito municipal.

En data 14 de decembro de 2020 o Concello de Vigo solicitou unha subvención á Deputación provincial de Pontevedra para o financiamento da Fase I das actuacións a realizar na Capela da Guía conforme o seguinte detalle:

- Fase 1.- Proxecto de “INSTALACIÓN DA ESCULTURA DO SAGRADO CORAZÓN NA TORRE DA CAPELA DA GUÍA”, que conta cun orzamento total de 84.234,15 euros, IVE engadido.

Dita solicitude trae causa do acordo de data 26/11/2020 da Comisión de Seguimento do Convenio Marco entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo para contribuír ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do patrimonio cultural de titularidade eclesiástica sito no termo municipal de Vigo.

Por todo isto, en desenvolvemento do principio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra, realizouse un convenio de colaboración entre as dúas entidades no que a Deputación realiza unha achega para a execución do proxecto de “INSTALACIÓN DA ESCULTURA DO SAGRADO CORAZÓN NA TORRE DA CAPELA DA GUÍA” (FASE 1), por importe de OITENTA E CATRO MIL DOUSCENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (84.234,15€) comprometéndose o Concello ao financiamento da Fase 2.- Proxecto de “ALUMEADO ORNAMENTAL NO EXTERIOR DA CAPELA DA GUÍA”, que conta cun orzamento total de VINTE E UN MIL OITOCENTOS CORENTA E CINCO CON CINCUENTA CÉNTIMOS DE EURO ( 21.845,50 euros), IVE engadido.

Con data 30 de decembro de 2020, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo (expte 2326/150):

*“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de concesión directa á Diocese Tui Vigo mediante sinatura de convenio específico para o financiamento do proxecto de “INSTALACIÓN DA ESCULTURA DO SAGRADO CORAZÓN NA TORRE DA CAPELA DA GUÍA” (Fase 1) e proxecto de “ALUMEADO ORNAMENTAL NO EXTERIOR DA CAPELA DA GUÍA” (Fase 2).*

*SEGUNDO.- Aprobar o texto do Convenio segundo anexo I.*

*TERCEIRO.- Aprobar e dispoñer o gasto que comporta dita subvención por importe de 106.079,65 euros, dos que o Concello de Vigo aporta 21.845,50 euros, o que supón o 20,59 %, e a Deputación provincial de Pontevedra, 84.234,15 euros, o que supón o 79,41 %, imputándose á partida presupostaria 3360 780 0010 do estado de gastos del presuposto.*  
”

*CUARTO.- Publicar o convenio no portal de transparencia segundo o artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, de Transparencia, Acceso e Información Pública e Bo Goberno”.*

En data 30.12.2021 formalizouse o convenio .

Remitido o proxecto á delegación territorial de Pontevedra da Consellería de Cultura, Educación e Universidade o 21 de xullo de 2021, esta remite un requirimento de

documentación para que as actuacións de mellora de iluminación sobre a ermida da Nosa Señora das Neves e a súa contorna inmediata poidan ser informadas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Con data 24 de febreiro de 2022 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural dá conta das actuacións necesarias para salvagardar os valores culturais dos bens patrimoniais afectados o que supón que o custe da obra increméntase considerablemente polo que a subvención non cubre o referido.

En data 14 de marzo de 2022 recíbese no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (doc. 220053569), escrito no que D. Jesús Martínez Carracedo, en representación da Diocese Tui Vigo, solicita a **renuncia** á parte do convenio suscrito co Concello de Vigo no referente ao proxecto de iluminación da imaxe do Sagrado Corazón de A Guía.

“

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTAIBG)
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS)
- RD 887/2016, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións (RLXS)
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e regulamento de desenvolvemento.
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades Locais (ROF)
- Bases de execución do presuposto xeral da corporación
- Instrución 1/2019, Secretaría de Goberno Local: funcionamento do rexistro electrónico de data 21.02.2019

#### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- O artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas establece o réxime de desistencia e renuncia da solicitude por parte dos interesado no procedemento administrativo e determina que a Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia e declarará concluído o procedemento salvo que comparezan terceiros interesados

En consecuencia considérase que procede estimar a solicitude e, previo informe xurídico, sométese a Xunta de Goberno local como órgano competente para conceder as subvención en virtude de acordo de data 30 de decembro de 2020 a seguinte PROPOSTA

**Primeiro:** Aceptar a renuncia presentada pola Diocese de Tui-Vigo a subvención por importe de 21.845,50 euros concedida pola Xunta de Goberno Local en data 30 de



## Concello de Vigo

decembro de 2020 para o financiamento do proxecto de “ALUMEADO ORNAMENTAL NO EXTERIOR DA CAPELA DA GUÍA” (fase 2).

**Segundo.-** Notificar a presente resolución á Diocese de Tui-Vigo e comunicarlle que contra este acordo, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao presente notificación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

**Terceiro.-** Dar traslado do presente acordo a Deputación Provincial de Pontevedra.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(445).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTENIMENTO DO SISTEMA DE BASE DE DATOS DE PERSOAS USUARIAS DO SERVIZO DE EMPREGO. EXPTE. 18962/77.**

Visto o informe xurídico do 31/05/2022 e o informe de fiscalización do 31/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 16/05/2022, asinado pola técnica de Xestión, a xefa do Servizo de Desenvolvemento Local, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

#### **I.- ANTECEDENTES.**

Primeiro.- Mediante resolución do 7/02/2022, o Concelleiro Delegado de Cultura e Emprego, resolveu iniciar o expediente de contratación do SERVIZO DE MANTEMENTO DA BASE DE DATOS DE PERSOAS USUARIAS DO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

- a) Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato e orde de inicio do contrato, asinado pola Técnica de xestión, a Técnica de Administración Xeral (en atribución temporal de funcións por Resolución de data 25/11/2021), e polo Concelleiro Delegado de Cultura e Emprego en data 7/02/2022.
- b) Declaración do redactor do prego técnico de prescricións técnicas particulares asinado pola técnica de xestión, de data 15/02/2022.
- c) Pregos de prescricións técnicas particulares do contrato, de data 8/03/2022, asinado pola técnica de Xestión e a técnica de Administración Xeral do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
- d) Informe de conformidade co procedemento de contratación, asinado polo xefe de Administración Electrónica en data 26/04/2022
- e) Memoria económica do contrato, emendada en data 9/05/2022, asinada pola Técnica de xestión, a xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (Resolución de 11/04/2022), e o concelleiro delegado de Cultura e Emprego.
- f) Documentos contables de retención de crédito de 9/05/2022 (RC núm. Operación: 202200043967 e RCFUT núm. Operación: 202200043968)
- g) Memoria xustificativa do contrato co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, de data 11/05/2022, asinada pola técnica de xestión, a xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (Resolución de 11/04/2022) e o concelleiro delegado de Cultura e Emprego.
- h) Informe do servizo de contratación, asinado pola técnica de administración xeral e pola xefa do servizo de Contratación, de data 12/05/2022.
- i) Pregos de cláusulas administrativas particulares de data 12/05/2022, asinado pola técnica de administración xeral e pola xefa do servizo de Contratación.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciarase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia está delegada por Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020). O Concelleiro Delegado de Cultura e Emprego, en resolución de 7 de febreiro de 2022 autorizou o inicio deste expediente de contratación.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado pola Xestión e a técnica de Administración Xeral do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola técnica de administración xeral do servizo de Contratación.



## Concello de Vigo

**Terceiro.-** O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado abreviado.

**Cuarto.-** No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorpora o certificado de existencia de crédito, documento que se ten incorporado polo servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

**Quinto.-** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adjudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

**Sexto.-** As técnicas que subscriben o informe declaran non estar incursas en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado por Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 3 de marzo de 2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación. Asemade, os concelleiros delegados de Cultura e Emprego, e Orzamentos e Facenda subscriben declaración de non estar incursos en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da concellería delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e no Plan de Integridade na Contratación.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral en virtude do disposto na Base 29.1 de Execución dos vixentes Orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (18962-77) por procedemento aberto simplificado abreviado dos SERVIZOS DE MANTEMENTO DA BASE DE DATOS DE PERSOAS USUARIAS DO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO.

2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, de 8 de marzo de 2022, e o prego de cláusulas administrativas particulares, de 12 de maio de 2022, que rexerán a contratación dos SERVIZOS DE MANTEMENTO DA BASE DE DATOS DE PERSOAS USUARIAS DO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO.

3º.- Aprobar o gasto de **6.498,57 €** para a contratación dos SERVIZOS DE MANTEMENTO DA BASE DE DATOS DE PERSOAS USUARIAS DO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO”, do vixente orzamento do concello de Vigo do ano 2022.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(446).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL POLAS ENTIDADES LOCAIS DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL, TR 351F 2022/37-5. EXPTE. 19269/77.**

Visto o informe de fiscalización do 06/06/2022, dáse conta do informe-proposta do 07/06/2022, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento Local, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 24 de febreiro de 2022, acordou:

1.1.- Aprobado a memoria do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, **“Rehabilitación de lavadoiros da cidade de Vigo II”**, que se xunta para presentar á convocatoria de axudas e subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación de persoas en situación ou risco de exclusión social receptoras da RISGA para o ano 2022, e que se resume no cadro que se achega no Anexo I.

●2.- Solicitar á Xunta de Galicia unha subvención de **470.852,64 €** para o desenvolvemento da memoria aprobada.

●3.- Asumir as obrigas económicas que o Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos.

●4.- Delegar no concelleiro de Cultura e Emprego, D. Abel Losada Álvarez a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

**ANEXO I:**

**Resumo de proxecto memoria do servizo:**

Grupo Cotización Seg.Soc.	Núm. Trab.	Categoría	Salario mes (xornada completa)	Prorrata pagas extras (xornada completa)	Importe bruto mes (xornada completa)	Base cotización (xornada completa)	% cotización	CNAE/Cód. Ocup.	Cotización SS empresa (xornada completa)	Custo total (bruto+social, a xornada completa).	Base cotización mínima contratos a tempo parcial (75% xornada). (1)	CUSTO TOTAL (Nº meses: 9 75% xornada Nº trab.).
8	9	Oficial albanel	1.087,32	181,22	1.268,54	1.268,54	37,80	84/d	479,51	1.748,05	1.064,46	109.655,37 €
8	3	Oficial conducción	1.087,32	181,22	1.268,54	1.268,54	37,80	84/f	479,51	1.748,05	1.064,46	36.551,79 €
8	1	Oficial electricista	1.087,32	181,22	1.268,54	1.268,54	37,80	84/d	479,51	1.748,05	1.064,46	12.183,93 €
8	1	Oficial fontaneiro	1.087,32	181,22	1.268,54	1.268,54	37,80	84/d	479,51	1.748,05	1.064,46	12.183,93 €
8	2	Oficial pintor	1.087,32	181,22	1.268,54	1.268,54	37,80	84/d	479,51	1.748,05	1.064,46	24.367,86 €
10	24	Peón construción	1.000,00	166,67	1.166,67	1.166,67	37,80	84/d	441,00	1.607,67	1.064,46	275.909,76 €
<b>TOTAL</b>	<b>40</b>											<b>TOTAL 470.852,64 €</b>

II. Con data 02 de xuño de 2022 recíbese a notificación electrónica da concesión da subvención para a contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou





## Concello de Vigo

risco de exclusión social, TR351F 2022/37-5, por resolución da xefa territorial de Pontevedra da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, de data 01 de xuño de 2022 en base á "ORDE do 7 de xaneiro de 2022 (DOGA núm. 21, do martes 1 de febreiro de 2022, pola que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe de **449.231,76 €** para a contratación de **40 persoas** durante 9 meses cunha xornada parcial do 75%.

A devandita resolución non supón a concesión da totalidade da subvención solicitada polo Concello de Vigo (expdte. 18967/77), por canto a Xunta de Galicia discrepa da interpretación municipal efectuada no cálculo do importe das bases de cotización á Seguridade Social, que segundo o criterio desta Administración municipal son superiores ás que a Xunta de Galicia considera como subvencionables.

III. De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), a competencia para a adopción do presente acordo corresponde á Xunta de Goberno Local.

Polo anteriormente exposto e, previo da informe da Intervención Xeral Municipal, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

### ACORDO:

*1.- Aceptar a subvención concedida na resolución da xefa territorial de Pontevedra da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, de data 01 de xuño de 2022 en base á orde do 7 de xaneiro de 2022 (DOGA núm. 21, do martes 1 de febreiro de 2022, (pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social, perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2022 TR351F 2022/37-5), na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe de 449.231,76 € para a contratación de **40 persoas** durante 9 meses cunha xornada parcial do 75%.*

*2.- Encomendar ao Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, a xestión da subvención para a contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social, TR351F 2021/42-5.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(447).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS SUBVENCIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DE FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS,**

## **GASTRONÓMICAS E ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS. PERÍODO 2021-2022. EXPTE. 9195/335.**

Visto o informe xurídico do 25/05/2022 e o informe de fiscalización do 31/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 25/05/2022, asinado pola xefa do Servizo de Festas e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

Con data 14 de marzo o Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas (por resolución de delegación de competencias municipais de data 17/08/2020) resolveu que se iniciase o expediente para a Convocatoria, Bases reguladoras e Extracto de Subvencións para festas tradicionais, patronais, gastronómicas e desenvolvemento de actividades de ámbito sociocultural que se realicen con carácter público en Vigo **entre o 1 de novembro do ano 2021 ata o 31 de outubro do ano 2022.**

A concesión de subvencións do Servizo de Festas do Concello de Vigo, dentro dos límites dos créditos aprobados nos orzamentos municipais, para festas tradicionais, patronais e gastronómicas e o desenvolvemento de actividades socioculturais que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.

A contía total destinada á presente convocatoria ascende a 390.000,00 euros con cargo á partida 3380.489.0000 (transferencias a entidades e comisións de festas) do programa orzamentario de Festas do vixente exercicio.

O ámbito temporal dos programa de actividades e gastos a subvencionar é dende o 1 de novembro de 2021 ata o 31 de outubro do presente ano 2022. As actividades realizadas no mes de novembro e decembro do ano 2022 incorporaranse á convocatoria anual seguinte.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, e a tal se redactáronse polo servizo de Festas a convocatoria, as bases reguladoras e o extracto que se achegan a este expediente.

Os destinatarios, presentación de solicitudes, prazos, publicación, procedemento de concesión, criterios de valoración, obrigas, pagamentos e xustificación, seguimento e control atópanse nas bases reguladoras, no marco xurídico definido en: Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións; Lei de Galicia 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno; Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no SNPS; e Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, os beneficiarios están obrigados a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

No relativo ao procedemento de concesión de subvencións se tramitará en réxime de concorrencia competitiva. A concesión das subvencións realizaranse mediante a comparación das solicitudes presentadas, coa fin de establecer unha prelación entre as mesmas, conforme



## Concello de Vigo

aos criterios de avaliación sinalados na base anterior, coa excepción dos conceptos a subvencionar 1.1); 1.2); 1.3) e 1.4) da convocatoria que se lles aplicará unha cantidade fixa respectivamente: Festas de especial interese 18.000 €; Festas patronais en barrios e parroquias 18.000 €, 12.000 € ou 4.000 €, en función do orzamento e antigüidade da festa; Festas gastronómicas de especial interese en barrios e parroquias 4.000 € e Festivais internacionais folclóricos cunha antigüidade de máis de 25 anos 4.000 €.

Procederáse en primeiro lugar á avaliación das solicitudes que optaron aos conceptos a subvencionar 1.1); 1.2); 1.3) e 1.4) e á suma da cantidade total deste concepto. O saldo restante distribuirase entre as solicitudes que optaron aos conceptos a subvencionar 2.1) e 2.2) mediante a avaliación por puntos de cada unha das solicitudes admitidas conforme o establecido na base oitava – criterios de valoración- das bases da convocatoria. A suma total de puntos se divide entre o saldo restante (a cantidade de 390.000 € menos a suma do importe concedido aos conceptos a subvencionar 1.1); 1.2); 1.3) e 1.4) coa fin de obter o valor por punto.

O importe máximo a conceder a cada entidade solicitante por cada concepto a subvencionar será do 75% do importe do proxecto presentado, sempre que alcancen o mínimo de puntos establecido na convocatoria anual (30 puntos).

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, as entidades beneficiarias terán que achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

Todas as festas tradicionais, patronais e gastronómicas e desenvolvemento de actividades de ámbito sociocultural que se celebren deberase dar cumprimento á lexislación vixente pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación da Convocatoria, Bases e Extracto de Subvencións para Festas tradicionais e patronais e desenvolvemento de actividades socioculturais que se realicen no ano 2020 e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da Lei de Galicia 9/2007.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención Xeral que procedan, coa conformidade da concelleira da Área de Participación Cidadá e Festas e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte,

## PROPOSTA

**Primeiro.-** Que se probe a convocatoria, bases reguladoras e extracto de subvencións para festas tradicionais, patronais, gastronómicas e desenvolvemento de actividades socioculturais que se realicen entre o 1 de novembro de 2021 ata o 31 de outubro do ano 2022 na cidade de Vigo.

**Segundo.-** Que se autorice e dispoña un gasto por un importe de 390.000,00 euros, con cargo á aplicación 3380.489.0000 (transferencias a entidades e comisións de festas) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio, para atender as solicitudes que se presenten ao abeiro desta convocatoria.”

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

### I

De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

O artigo 25.1 da Lei 7/1985 determina que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e conforme o parágrafo segundo de dito artigo o municipio exercerá competencias propias.

A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno, resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado polo que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no SNPS, a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2022, Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembre, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

### II

A Concellería de Festas ten atribuída a competencia de “Programar, desenvolver e xestionar a celebración de actividades festivas e socioculturais, de lecer e tempo libre, así como promover todo tipo de programas, plans, actividades e servizos que contribúan á animación sociocultural dos cidadáns”.



## Concello de Vigo

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 6 de febreiro de 2020, aprobou o “Plan de dinamización e desenvolvemento do servizo de Festas: Liñas estratéxicas básicas de actuación no período 2020-2023” (expediente 8385/335), que recolle os cinco obxectivos do Servizo de Festas e traza as liñas estratéxicas básicas.

Entre os obxectivos básicos recóllense os obxectivos 3 e 4 relativos a:

1. Favorecer a cooperación entre o sector público e as entidades sen ánimo de lucro no desenvolvemento de programas de actividades de animación sociocultural, de festas tradicionais e patronais que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal coa fin de apoiar e fortalecer o tecido asociativo.
2. Favorecer o apoio a actividades organizadas por entidades sen ánimo de lucro ou entidades privadas que sexan de interese xeral e complementen a programación sociocultural municipal.

A Liña estratéxica 2 “Apoio no desenvolvemento de proxectos socioculturais a través da xestión de subvencións” da cobertura á consecución dos obxectivos básicos do servizo de Festas números 3 e 4 a través convocatoria en concorrencia competitiva de subvencións ou concesión de subvencións nominativas de actividades que suplan ou complementen aquelas de competencia municipal. Contémplase a Convocatoria anual de subvencións en concorrencia competitiva destinada a entidades sen ánimo de lucro para festas tradicionais e patronais e desenvolvemento de actividades socioculturais (apartado 3.2.a)

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade, consonte coas seguintes,

### BASES

#### Primeira.- OBXECTO

O obxecto das presentes bases é a regulación da concesión de subvencións do Servizo de Festas da Concellería de Participación Cidadá e Festas do Concello de Vigo, dentro dos límites dos créditos aprobados nos orzamentos municipais, para o desenvolvemento de programas de Festas tradicionais, patronais, gastronómicas e actividades socioculturais durante o período comprendido entre o **1 de novembro do ano 2021 ata o 31 de outubro do ano 2022**, na cidade de Vigo.

#### Segunda.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán subvencionables aquelas festas, programas e actividades organizadas por entidades xurídicas non empresariais e sen ánimo de lucro que se desenvolvan no ámbito territorial de Vigo, dende unha dimensión de barrio, parroquia ou cidade.

O ámbito temporal dos programas de actividades e gastos a subvencionar será dende o **1 de novembro de 2021 ata o 31 de outubro do presente ano 2022**, ámbolos dous incluídos. As actividades realizadas nos meses de novembro e decembro do ano 2022 incorporaranse á convocatoria do vindeiro ano 2023.

A mesma festa, programa ou actividade soamente poderá presentarse a unha única liña de subvención. Non se admitirán programas que agrupen varias festas ou actividades diferentes.

Defínense as seguintes liñas de subvención:

### **Liña 1.- Festas tradicionais, patronais, gastronómicas e festivais folclóricos.**

#### 1.1.- Festas de especial interese.

Festas celebradas no ámbito urbano con unha antigüidade de máis de 50 anos e un presuposto de superior a 60.000 € (IVE incluído). O número máximo de programas a presentar por cada entidade a este concepto a subvencionar será de UN (1).

#### 1.2.-Festas patronais en barrios e parroquias (incluídas no calendario festivo anual).

A) Festas cunha antigüidade de máis de 50 anos e un presuposto de superior a 60.000 € (IVE incluído).

B) Festas cunha antigüidade de máis de 25 anos e que teñan un orzamento superior a 30.000 € (IVE incluído).

C) Festas cunha antigüidade de máis de 15 anos e un presuposto de superior a 10.000 € IVE incluído).

#### **1.3.- Festas gastronómicas de especial interese en barrios e parroquias.**

Festa gastronómica que teñan unha antigüidade de máis de 15 anos. O número máximo de programas a presentar por cada entidade a este concepto a subvencionar será de UN (1).

#### **1.4.- Festivais internacionais folclóricos cunha antigüidade de máis de 25 anos.**

Festival internacional folclórico que teña unha antigüidade de máis de 25 anos. O número máximo de programas a presentar por cada entidade a este concepto a subvencionar será de UN (1).

### **Liña 2.- Actividades socioculturais e relacionadas coas artes escénicas.**

#### 2.1.-Programas de actividades relacionados coas artes escénicas, música, danza, artes plásticas e literatura.

O número máximo de festas, programas ou actividade a presentar por cada entidade a este concepto a subvencionar será de DOUS (2).

#### 2.2.- Programas de actividades de dinamización sociocultural nos barrios e parroquias.

O número máximo de programas a presentar por cada entidade a este concepto a subvencionar será de DOUS (2).

### **Terceira.- CRÉDITO ORZAMENTARIO**

A concesión das subvencións axustaranse á aplicación orzamentaria do Servizo de Festas da Concellería de Participación cidadá e Festas nº 3380.4890000 "Transf. a entidades e comisións de festas".

### **Cuarta.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS**



## Concello de Vigo

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas procedentes doutras Administracións ou entes públicos nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a solicitude e obtención doutras subvencións ou axudas que financien a actividade. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o custo total da festa, programa ou actividade subvencionada; suposto no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xuño (Regulamento da Lei xeral de subvencións).

### **Quinta.- REQUISITOS-DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS**

Poderán solicitar subvención, as entidades non empresariais e sen ánimo de lucro que reúnan os seguintes requisitos:

- 1.- Asociacións que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo na data na que remata o prazo de presentación de solicitudes, sen ánimo de lucro e que non desenvolvan actividade empresarial.
- 2.- Que a actividade sociocultural se celebre dentro do termo municipal de Vigo
- 3.- Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes coas establecidas nas presentes Bases.
- 4.- Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.
- 5.- As persoas ou entidades solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiarias da subvención, das previstas no citado artigo para o que se esixirá ás solicitantes unha declaración de non estar incurso nas devanditas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.
- 6.- Que teñan debidamente xustificadas, se é o caso, e antes da presentación da solicitude para cada convocatoria, as axudas recibidas no ano anterior nesta mesma área municipal. Así mesmo, é necesario que se efectúe o correspondente ingreso nos casos nos que, sobre as entidades beneficiarias das axudas económicas recaíse resolución administrativa ou xudicial firme de reintegro.
- 7.- As entidades solicitantes deben atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia (ATRIGA), a Axencia Estatal de Administración Tributaria do Estado, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo. Entenderase que a entidade solicitante, ao presenta-la solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para comprobar de oficio os datos acreditativos de tal extremo ós departamentos administrativos responsables, aínda que de non ser posible esta comprobación a comisión poderá esixir ás solicitantes a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións. No caso de

opoñerse a dita consulta (mediante indicación expresa no modelo de solicitude) deberán achegar ditos certificados debidamente actualizados e cunha vixencia inferior a seis meses.

Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:

- Entidades cuxo obxecto social sexa actividade empresarial
- As entidades con ánimo de lucro

## **Sexta.- FORMA, DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES, PRAZO E DOCUMENTACIÓN**

### 6.1.- Forma de presentación

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login>.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na paxina web:

<https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/?lang=cas>

Todas as solicitudes, así como as posibles emendas telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberán achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a emenda.

A mera presentación da solicitude suporá que o/a solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria.

### 6.2.- Prazo de presentación

O prazo de presentación das solicitudes será o establecido no anuncio que, como estrato desta convocatoria, se publique no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, que será comunicado dende a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da Lei 39/2015 do Procedemento administrativo común das AAPP.

O cómputo de dito prazo realizarase consonte co establecido no art. 30 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Toda a información relativa á convocatoria estará dispoñible na sede electrónica do Concello de Vigo en cumprimento do establecido nos artigos 13.d) da LPAC en relación co previsto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e o resto do Ordenamento Xurídico.

### 6.3.- Modelo de presentación





## Concello de Vigo

As solicitudes realizaranse mediante a presentación do modelo establecido no Anexo I destas bases, mediante a presentación do modelo establecido no anexo I.1 ou no modelo anexo I.2, segundo a liña de subvención de que se trate.

### 6.4.- Documentación

Toda a documentación deberá presentarse debidamente cuberta, con indicación da data na sinatura.

A) Coa solicitude asinada electronicamente pola persoa representante legal da entidade, segundo o modelo que figura como **Anexo I (solicitude)** desta convocatoria, deberase achegar :

#### Anexos:

- 1 Declaración responsable do Anexo I.1 (liña 2) ou Declaración responsable do Anexo I.2
- 2 Ficha resume do programa do Anexo II (liña 1) de cada programa
- 3 Orzamento de gastos e ingresos do Anexo III de cada programa

#### Documentación

- a.- Documento acreditativo da representación
- b.- Copia do CIF/NIF da entidade e copia do NIF da persoa que a representa
- c.- Certificado da titularidade da conta bancaria da entidade solicitante
- d.- Certificado de situación no Censo de Actividades Económicas da Axencia Tributaria
- e.- Documento acreditativo de que a entidade solicitante é unha entidade sen ánimo de lucro.

Tal e como se indicou na base quinta, no caso de a entidade solicitante se opoña expresamente á consulta de débedas por esta administración, deberá achegar xunto á súa solicitude os certificacións de estar ao corrente coas débedas da Axencia Estatal de Administración Tributaria, da Tesourería Xeral da Seguridade Social e da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

No caso de que algunha circunstancia imposibilite ao Concello de Vigo á obtención dos citados datos, poderá solicitarse ás entidades interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

#### B) Para as entidades que opten á liña de subvención 1

Ademais da documentación indicada no apartado A) anterior, a entidades interesadas nesta liña deberán achegar xunto á súa solicitude un programa da festa/berbena a desenvolver, no que se inclúa a seguinte información mínima:

- 1 O ámbito de execución e indicación do tempo no que leva executándose o evento/festa
- 2 A coordinación do evento
- 3 Os obxectivos
- 4 As persoas destinatarias
- 5 A metodoloxía
- 6 A temporalización: calendario de preparación da actividade ou desenvolvemento en xornadas ou espazos de tempo.

- 7 Os recursos humanos dispoñibles
- 8 Os materiais e recursos económicos
- 9 Os sistemas de seguimento e avaliación do evento
- 10 Descrición da localización dos elementos institucionais (lonas, banderolas, pancartas...) co logo oficial do Concello de Vigo
- 11 Canta información consideren oportuna

### C) Para as entidades que opten á liña de subvención 2

Ademais da documentación recollida no apartado A) terá que presentar cumprimentado o seguinte:

C.1. No caso de que a actividade a subvencionar consista en publicacións periódicas de carácter informativo e divulgativo no ámbito da animación sociocultural, cumpriran os seguintes requisitos:

- a) Non pode ter a condición de boletín interno da asociación.
- b) Deberán achegar xunto á solicitude un proxecto editorial no que se inclúa entre outros datos: os responsables da redacción e da edición, índice, número de páxinas, número de exemplares, características (tamaño, cores, papel, etc), periodicidade da tirada, números xa publicados, sistema de distribución e plan de financiamento.
- c) Deberán achegar documentación acreditativa sobre a disposición relativa ao depósito legal.
- d) Indicarase na contraportada da publicación o patrocinio da Concellería de Participación Cidadá e Festas
- e) Deberán depositar gratuitamente tres exemplares na Concellaría de Participación Cidadá e Festas no prazo máximo dun mes dende a súa edición.
- f) Se a publicación xa está editada e cumpre cos requisitos anteriores, presentarse, xunto ao programa, un exemplar dela. En caso contrario, achegarse xunto á documentación xustificativa da subvención outorgada.

C.2. No caso de que a actividade a subvencionar consista no desenvolvemento de cursos de formación, achegarse o currículo do profesorado, os datos de custo hora por alumnado e custo hora por profesor/a, así como as características técnicas do local de formación e os recursos didácticos cos que se contan.

A Concellería de Festas poderá requirir tanta outra documentación considere precisa para acreditar o cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria, verificar ou completar datos e/ou informacións facilitadas polos solicitantes para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

### **Sétima.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Na valoración das actividades socioculturais incluídas na Liña de subvención 2 aplicaranse as seguintes puntuacións ata un **máximo de 100 puntos**:

#### **7.1. Criterios de avaliación da entidade solicitante: ata 40 puntos.**

1.A): Traxectoria e antigüidade da entidade: ata 10 puntos.



## Concello de Vigo

Puntuación valorada en base aos datos relativos a antigüidade sinalados pola entidade na súa declaración responsable (Anexo I.2), (7.1) e trasladados a táboa de puntuación.

Traxectoria e antigüidade da entidade					
De 0 a 3 anos	De 4 a 10 anos	De 11 a 20 anos	De 21 a 35 anos	De 36 a 60 anos	Maís de 61 anos
0 puntos	2 puntos	4 puntos	6 puntos	8 puntos	10 puntos

### 1.B): Masa social e representatividade: ata 20 puntos

Enténdese como masa social, o número de habitantes do ámbito de influencia da entidade; e como representatividade a porcentaxe resultante do número de socios entre a poboación ou masa social.

Puntuación valorada sobre a información aportada pola entidade sobre o número de socios e poboación no seu ámbito de influencia no ano 2022, recollida nos anexos I.2 (7.2) ou sobre o plano facilitado polo departamento de estadística a petición da entidade solicitante, relativo a poboación que abarca o seu ámbito de influencia con relación ao número de socios, e trasladada á táboa de puntuación.

Masa social e representatividade									
Menos do 6%	Do 6% ó 10%	Do 11% ó 15%	Do 16% ó 20%	Do 21% ó 25%	Do 26% ó 30%	Do 31% ó 35%	Do 36% ó 40%	Do 41% ó 50%	Maís do 50%
2 puntos	4 puntos	6 puntos	8 puntos	10 puntos	12 puntos	14 puntos	16 puntos	18 puntos	20 puntos

### 1.C): Ámbito xeográfico da poboación destinataria: ata 10 puntos

Puntuación valorada en base aos datos do alcance social sinalados pola entidade no Anexo I.2, (7.3) e trasladados a táboa de puntuación.

Ámbito xeográfico da entidade e poboación destinataria			
Barrio	Parroquia	Distrito	Municipal
4 puntos	6 puntos	8 puntos	10 puntos

## **7.2.- Criterios para avaliación de cada programa: ata 60 puntos**

2 A): Interese e calidade do programa: Ata 50 puntos.

2 A) 1.- Fundamentación das necesidades, razón, obxectivo e alcance do programa: Valórase ata 20 puntos a aqueles programas de interese sociocultural cun contido que complemente ou supla a programación que sexa competencia do servizo de Festas.

2 A) 2.- Innovación: Valórase ata 5 puntos aquelas propostas innovadoras ou diferentes.

2 A) 3.- Consolidación: Valórase ata 5 puntos as propostas consolidadas no tempo e que levan realizándose dende hai anos. Outorgaráselle un punto por cada 5 anos de antigüidade ata un máximo de 5 puntos.

2 A) 4.- Temporización: Valóranse ata 10 puntos aqueles programas que levan un calendario de preparación da actividade ou cuxo desenvolvemento sexa realizado ao longo de varias xornadas ou espazos de tempo diferente.

2 A) 5.- Recursos humanos e materiais: Valorarase ata 10 puntos aqueles programas que impliquen a participación dos recursos humanos e materiais propios da entidade.

2.B): Viabilidade técnico-económica e financeira do programa: ata 10 puntos.

2 B)1.- Viabilidade económica: Valorarase ata 10 puntos. O resultado da puntuación ven dado polo traslado á táboa de puntuación da porcentaxe económica que solicitan con respecto ao custe do programa, segundo consta no orzamento aportado no anexo III das bases.

Viabilidade técnico-económica e financeira do proxecto								
Importe subvencionado 0% ó 10%	Importe subvencionado 11% ó 20%	Importe subvencionado 21% ó 30%	Importe subvencionado 31% ó 40%	Importe subvencionado 41% ó 50%	Importe subvencionado 51% ó 60%	Importe subvencionado 61% ó 70%	Importe subvencionado 71% ó 75%	Importe subvencionado 76% ou máis
10 puntos	8 puntos	6 puntos	5 puntos	4 puntos	3 puntos	2 puntos	1 puntos	0 puntos

Os datos para obter as puntuacións nas táboas 1A), 1B), 1C) e 2B) son datos obxectivos, facilitados polas propias entidades solicitantes ou obtidos de oficio polo servizo de Festas.

A xustificación das subvencións solicitadas e concedidas en convocatorias anteriores é un requisito para a concesión das subvencións.

A Comisión de Avaliación encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento a través dos datos existentes no Concello de Vigo.

## **Oitava.- INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO**

8.1.- A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspóndelle ao Servizo de Festas que revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida.

8.2.- Consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo



## Concello de Vigo

Común, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, a entidade solicitante será requirida mediante notificación electrónica para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Remítanse os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

**8.3.- Rematada a instrución** do expediente, este será remitido á Comisión de Avaliación, integrada polo concelleiro delegado da Área de Participación Cidadá e Festas que actuará como presidente, a xefa do servizo de Festas que actuará como vogal e a administrativa do servizo que actuará como secretaria da Comisión, sen prexuízo dos suplentes que poderán ser nomeados por ausencia dos anteditos titulares.

En cumprimento do disposto no art. 21.4 parágrafo 6 da Lei de subvencións de Galicia, e no artigo 24.4 da Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de subvencións, o órgano instrutor acreditará na proposta que as beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas, segundo a información que obra no seu poder.

**8.4.- A valoración** individual das subvencións determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes a que se refire a base oitava e valorando as restantes solicitudes conforme ao establecido na base novena.

### **8.5.- Prazo de resolución e notificación**

O prazo máximo de resolución das solicitudes e notificación ás entidades solicitantes é de seis meses contados a partir da publicación da convocatoria, e notificaranse tanto as subvencións concedidas como as denegadas. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo ([www.hoxevigo.org](http://www.hoxevigo.org)).

A resolución de solicitudes de subvención será competencia da Xunta de Goberno Local, previo informe-proposta da xefatura do servizo de Festas.

A resolución notificarase electronicamente ás entidades solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data a través da sede electrónica.

As resolucións ditadas ao abeiro da convocatoria, así como a desestimación presunta das solicitudes porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse, sen prexuízo de que as entidades ou agrupacións interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente, os seguintes recursos:

- Recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da notificación. Se o acto non fora expreso, a persoa solicitante e outras posibles interesadas poderán interpoñer o recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, consonte coa súa normativa específica, se produza o acto presunto (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común)
- O recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte á da notificación, se esta fora expresa, o de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto (artigo 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

Non pode interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Así mesmo en calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración competente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s de conformidade cos artigos 84 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

## **Novena.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDES**

9.1.- Unha vez presentadas, serán desestimadas as seguintes solicitudes:

- a).- Aquelas que para a mesma finalidade, foran solicitadas noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo.
- b).- Aquelas que teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo, ou que o obxecto da súa petición estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contratación co Concello de Vigo.
- c).- Aquelas nos que os gastos subvencionados leven asociados investimentos en bens de natureza inventariable (infraestruturas e equipamentos) e o seu mantemento, sempre que supoña un incremento da vida útil dos bens; os gastos de carácter suntuario, liberalidades ou gastos financeiros.
- d).- Aquelas que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.



## Concello de Vigo

- e).- Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
- f).- Aquelas que inclúan actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.
- g).- Aquelas que en consideración ao proxecto e programación non reúnan as condicións mínimas de interese xeral e non acaden unha puntuación mínima suficiente establecida na convocatoria anual para a Liña 2 de 30 puntos, xa que de non chegar a esta puntuación indicaría unha mala definición do proxecto ou que a materia non se axusta aos obxectivos da convocatoria.

### 9.2.- Tamén se desestimarán as solicitudes que:

- a).- Se presente fora do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa do atraso.
- b).- Teñan pendentes xustificar en tempo e forma algunha das subvencións concedidas na convocatoria do ano 2021.
- c) Non se presenten cun proxecto específico
- d).- Se refiran a actividades non recollidas na base segunda
- e).- Conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, non teñan obxectivos e finalidades de carácter sociocultural.
- f).- Foran presentadas por Entidades que desenvolvan actividade empresarial ou teñan ánimo de lucro.
- g).- Foran presentadas por entidades que teñan previsto realizar as actividades obxecto de subvención fora do termo municipal de Vigo.
- h).- Non se presenten por medios electrónicos a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica.

Cando unha entidade achegue máis dunha solicitude para o desenvolvemento dunha festa, programa ou actividade dentro dunha mesma liña de subvención das descritas na base segunda, sempre que exista limitación en dita liña a unha soa actividade, daráselle un trámite de audiencia de tres días para que escolla o proxecto para o que solicita a subvención e renuncie ao/s outro/s achegado/s. No caso de non facelo, desestimaranse as súas solicitudes por non axustarse ás limitacións establecidas nestas bases.

### **Décima.- PROCEDIMENTO DE OUTORGAMENTO**

O presente procedemento rexerese por estas bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as vixentes Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

## **Décimo primeira: CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCÍONS**

### **11.1. Liña 1.- Festas tradicionais, patronais, gastronómicas e festivais folclóricos.**

#### **1.1.- Festas de especial interese.**

Contará cunha asignación fixa de **18.000 €**

#### **1.2.-Festas patronais en barrios e parroquias incluídas no calendario festivo anual.**

A) Contará cunha asignación fixa de **18.000 €**

B) Contará cunha asignación fixa de **12.000 €**

C) Asignación fixa de **4.000 €**

#### **1.3.- Festas gastronómicas de especial interese en barrios e parroquias.**

Contará cunha asignación fixa de **4.000 €**

#### **1.4.- Festivais internacionais folclóricos cunha antigüidade de máis de 25 anos. Contará cunha asignación fixa de 4.000 €**

### **11.2. Liña 2.- Actividades socioculturais e relacionadas coas artes escénicas.**

O importe que se distribuirá entre as solicitudes a esta liña será o resultado de restar ao crédito orzamentario da partida 3380.4890000 (390.000,00 €) a suma do importe concedido aos conceptos subvencionables 1.1; 1.2, 1.3 e 1.4).

Este importe dividirase entre o total de puntos obtidos por todos os programas admitidos coa fin de obter o valor por punto en euros. O importe que se asignará a cada entidade solicitante é o resultado do produto entre os valor por punto e os puntos obtidos en cada programa admitido.

O importe máximo a conceder a cada entidade solicitante por cada programa subvencionable terá como límite o 75% do presuposto do proxecto presentado (IVE incluído).

### **Décimo segunda.- OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIOS.**

a) Cumprir todas as estipulacións establecidas nestas bases e no marco xurídico definido na Lei de Galicia 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia, Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencions e o Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

b) Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

c) Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención.





## Concello de Vigo

d) Comunicar calquera eventualidade, no momento en que se produza, na programación, desenvolvemento ou finalización da actividade subvencionada.

e) Informar e publicitar as actividades subvencionadas e financiamento municipal, incorporando o logotipo do Concello de Vigo, nos materiais impresos (carteis, folletos, follas informativas...), placas conmemorativas, medios electrónicos ou audiovisuais, ou anuncios nos medios de comunicación escritos.

f) As Festas que opten a subvencións da liña 1 deberán incorporar o logotipo do Concello mediante banderolas ou lonas nas zonas escénicas (escenarios, palcos, tarimas...) e accesos aos recintos.

Antes da celebración do eventos deberán consensuar a ubicación destes elementos co Servizo de Festas.

g) A lingua que se empregará, nos distintos soportes de difusión da actividade, será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia; a Concellería de Participación Cidadá e Festas estudará cal sería a lingua a empregar para a difusión noutros ámbitos territoriais. En todo caso, actuaríase conforme á Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo.

h) En cumprimento coa disposición adicional cuarta da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade de Galicia relativa a Festas e verbenas populares organizadas por agrupacións o asociacións de veciños/as o por comisións de festas, as festas e verbenas populares organizadas por agrupacións o asociacións de veciños/as ou por comisións de festas requirirán a presentación dunha declaración responsable dirixida ao Concello e formulada polos representantes da agrupación, asociación o comisión na que se relate o programa das actividades a realizarse e súas características. A declaración terá que acompañarse do compromiso de contratación dun seguro previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia o documentación acreditativa da dispoñibilidade do mesmo.

Se as actividades contemplan a montaxe de instalacións suxeitas a declaración responsable o a licenza á que se refiren os artigos 40 e 42, esta será presentada o solicitada pola persoa titular da instalación.

i) Todas as festas tradicionais, patronais e gastronómicas e desenvolvemento de actividades de ámbito sociocultural que se celebren deberase dar cumprimento á lexislación vixente pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

j) Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión das súas actividades.

k) En relación coa muller, utilizar imaxes non estereotipadas, que visualice a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

### **Décimo terceira.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) as entidades

beneficiarias están obrigadas a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a emenda.

A beneficiaria, deberá xustificar antes do **1 de novembro de 2022**, o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

1.- Prazo de xustificación: unha vez rematado o programa, e como data límite o 1 de novembro de 2022 terá que xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

O prazo sinalado para a xustificación, segundo o establecido no art. 70.3 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, poderá ser ampliado se concorreran causas que o xustifiquen, previa aprobación do mesmo por parte da Xunta de Goberno Local.

2.- Cantidade a xustificar: A beneficiaria terá que presentar facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel equivalentes ao 100% do **orzamento executado** do proxecto presentado.

3.- Sistema de xustificación: A tal efecto deberá achegar unha conta xustificativa coa seguinte documentación:

a) **Solicitud** de liquidación e **Memoria das actividades** levadas a cabo para a execución de cada programa, segundo o modelo facilitado polo Concello (ANEXO IV), que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:

- Datos sobre os participantes na actividade: número de beneficiarios, perfil, etc.
- Explicación detallada do desenvolvemento da actividade.
- Memoria de prensa
- Fotografías do recintos onde se amosen os elementos coa imaxe institucional (lonas, bandeirolas, pancartas....)

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais (orzamento executado) e desviacións con relación ao orzamento inicial (ANEXO V)
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor,



## Concello de Vigo

obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.

- Facturas electrónicas. As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto desta subvención. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.
- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

4.- Pagamento da subvención: efectuarase mediante transferencia bancaria á conta corrente da que é titular a entidade, declarada xunto a solicitude.

O pagamento non se levará a cabo se a entidade beneficiaria tivese pendente de xustificar algunha subvención cun prazo de xustificación xa rematado.

5.- Procederá, por razóns xustificadas, o dereito ao cobro parcial e redución da subvención no caso da non execución dalgunha das actividades previstas no proxecto ou incumprimento dalgunha das obrigas do beneficiario. En caso de non xustificarse a totalidade do orzamento do proxecto, a subvención será minorada na mesma proporción. A resolución da redución das axudas será competencia da Xunta de Goberno Local. Asemade, reducirase a subvención cando os gastos xustificados fosen inferiores aos subvencionados, ou se obtivesen ingresos superiores aos previstos.

### **Décimo cuarta.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONES**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión desta será comprobada polo servizo de Festas. A xefatura do servizo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

### **Décimo quinta.- OBRIGA DE INFORMACIÓN**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo servizo de Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

## **Décimo sexta.- PERDIDA DO DEREITO AO COBRO, REVOGACIÓN, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCÍONS**

16.1.- Procede a revogación parcial ou total da subvención e a obriga do reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pago, sen menoscabo das sancións que, no seu caso, resulten esixíbeis no caso de:

a) Incumprimento por parte do/a beneficiario/a das subvencións de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento; así como a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, ou obtención concorrente doutras axudas compatíbeis ou incompatíbeis dará lugar á revogación.

b) A non xustificación da subvención no prazo concedido.

16.2.- A beneficiaria poderá renunciar voluntariamente á subvención, reintegrando, no seu caso, o importe percibido, nas condicións que establece a normativa legal de aplicación. A renuncia soamente poderá admitirse no prazo de tres meses a contar dende a notificación definitiva do outorgamento da axuda, no caso contrario procederá a anulación por incumprimento, coa conseguinte esixencia das responsabilidades que dela se deriven.

16.3.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións: Cando concorran causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

16.4.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

16.5.- En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer as beneficiarias destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

## **Décimo sétima.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE OUTORGAMENTO**

A resolución ou acordo de concesión poderá modificarse, previa solicitude da entidade beneficiaria, cando circunstancias sobrevidas e imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos da subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

## **Décimo oitava.- PUBLICIDADE DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS**

A Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade de subvencións, en cumprimento do establecido no artigo 18.1. da Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións.



## Concello de Vigo

De acordo co previsto na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno (LT), a resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo ([www.sede.vigo.org](http://www.sede.vigo.org)).

A tales efectos, as administracións outorgantes competentes deberán remitir á Base de Datos Nacional de Subvencións información sobre as convocatorias e as resolucións de concesión recaídas nos términos establecidos no artigo 20 da LT.

As beneficiarias deberán dar publicidade das subvencións e axudas nos termos e condicións establecidos na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno. No caso de que se faga uso da previsión contida no artigo 5.4 da citada Lei, a Base de Datos Nacional de Subvencións servirá de medio electrónico para o cumprimento das obrigas de publicidade.

As beneficiarias deberán dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento dos programas, actividades, inversións o actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, nos termos regulamentariamente establecidos.

### **Décimo novena -SEGUIMIENTO, CONTROL E INSPECCIÓN**

O persoal técnico do servizo será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á conta xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

### **Vixésima .- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

Os datos persoais facilitados nos formularios son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedementos para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento do deporte, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial.

Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).


Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

#### **Vixésimo primeira.- DISPOSICIÓN FINAL**

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións ás que están obrigadas as entidades destinatarias das subvencións outorgadas.



**Concello de Vigo**

<b>CONCELLO DE VIGO</b> 	<b>ANEXO I: SOLICITUDE</b> <b>Liña 1</b> (É requisito imprescindible o cumprimento de todos os campos)	
	<b>SUBVENCIONS PARA FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS NO ANO 2022.</b>	

Nome da entidade:									
Enderezo:							Código postal:		
NIF ou CIF:				Número Rexistro municipal de Asociacións:					
Teléfonos (móbil de contacto e fixo da entidade):									
Correo electrónico:									
Número IBAN		Entidade		Sucursal		DC		Número de conta	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**Datos do representante legal (para persoas xurídicas)**

Nome e apelidos:									
Enderezo							Código postal:		
Teléfono contacto:				Correo electrónico:					
Cargo que ocupa:									


**Solicita subvención** (programa/s que presenta e concepto subvencionable ao que se acolle):

<b>CONCEPTO SUBVENCIONABLE 1</b>  <b>FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, GASTRONÓMICAS E FESTIVAIS FOLCLÓRICOS.</b>	1.1 Título do programa:	Importe solicitado:
	1.2 Título do programa:	Importe solicitado:
	1.3 Título do programa:	Importe solicitado:
	1.4 Título do programa:	Importe solicitado:
<b>CONCEPTO SUBVENCIONABEL 2</b>  <b>ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS/ ARTES ESCÉNICAS.</b>	2.1 Título do programa:	Importe solicitado:
	2.2 Título do programa:	Importe solicitado:

**Documentación que se achega**

- Copia do CIF/NIF e documento acreditativo da persoa que actúe en representación da entidade solicitante.
- Declaración responsable relativa aos datos da entidade solicitante (ANEXO I.1 e 2, ou segundo corresponda)
- Ficha resume do programa solicitado (ANEXO II)
- Presuposto do programa (ANEXO III)

Vigo, de de 20\_\_  
 Sinatura (dixital) do/da solicitante  
 AO EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VIGO

<b>CONCELLO DE VIGO</b>		<b>ANEXO I.1</b>  <b>DECLARACIÓN RESPONSABLE</b> <b>Liña 1</b>
<b>SUBVENCIONS PARA FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS REALIZADAS NO ANO 2022.</b>		

D/Dna ..... con NIF ..... e en calidade de .....da entidade .....

**DECLARA**

1.- Que na reunión do órgano de dirección da entidade, levada a cabo o día ...../...../....., adoptouse o acordo de solicitar subvención para os programas que se indican na solicitude.

2.- Que á entidade se lle concederon outras axudas:  si  non

Que se solicitaron outras subvencións para a mesma finalidade:  si  non

Relación de axudas solicitadas para cada proxecto	Importe

3.- Que a entidade solicitante non está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no artigo 13 apartados 2 e 3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e artigo 10 apartados 2 e 3 da Lei 9/2002 do 13 de xuño de subvencións de Galicia, e que son certos os datos presentados.

4.- Que a entidade non ten pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Vigo no pasado exercicio económico.

5.- Que a entidade atópase ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda pública do Estado, coa Xunta de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e coa Seguridade Social, e (marcar cun "X")\_

- AUTORIZA
- NON AUTORIZA

á comisión avaliadora para comprobar de oficio os datos acreditativos de tal extremo

6.- Que a entidade á que represento non ten actividade empresarial nin ánimo de lucro.

7. Os seguintes **datos xerais da entidade** co fin de que o Concello proceda á valoración do solicitado:

7.1.- Traxectoria e antigüidade da entidade:

Traxectoria e antigüidade da entidade					
De 0 a 3 anos	De 4 a 10 anos	De 11 a 20 anos	De 21 a 35 anos	De 36 a 60 anos	Maís de 61 anos

**Ano de constitución:** .....





Concello de Vigo

<b>CONCELLO DE VIGO</b>		<b>ANEXO I.2</b> <b>DECLARACIÓN RESPONSABLE</b> Liña 2
<b>SUBVENCIÓNS PARA DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS E RELACIONADAS COAS ARTES ESCÉNICAS PERÍODO 2021-2022.</b>		

D/Dna. .... con  
 NIF ..... e en calidade de ..... da  
 entidade .....

**DECLARA**

1.- Que na reunión do órgano de dirección da entidade, levada a cabo o día ...../...../....., adoptouse o acordo de solicitar subvención para os programas que se indican na solicitude.

2.- Que á entidade se lle concederon outras axudas:  si  non

Que se solicitaron outras subvencións para a mesma finalidade:  si  non

Relación de axudas solicitadas para cada proxecto	Importe

3.- Que a entidade solicitante non está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no artigo 13 apartados 2 e 3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e artigo 10 apartados 2 e 3 da Lei 9/2002 do 13 de xuño de subvencións de Galicia, e que son certos os datos presentados.

4.- Que a entidade non ten pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Vigo no pasado exercicio económico.

5.- Que a entidade atópase ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda pública do Estado, coa Xunta de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e coa Seguridade Social, e (marcar cun "X"):

- AUTORIZA  á comisión avaliadora para comprobar de oficio os datos acreditativos de tal extremo

- NON AUTORIZA  á comisión avaliadora para comprobar de oficio os datos acreditativos de tal extremo

6.- Que a entidade á que represento non ten actividade empresarial nin ánimo de lucro.

7.- Os seguintes **datos xerais da entidade** co fin de que o Concello proceda á valoración do solicitante:

7.1: Datos xerais

Traxectoria e antigüedad da entidade					
De 0 a 3 anos	De 4 a 10 anos	De 11 a 20 anos	De 21 a 35 anos	De 36 a 60 anos	Maís de 61 anos

Ano de constitución: .....

7.2.- Masa social, representatividade e participación

Número de persoas asociadas	Ano	Total
	2021	
	2022	

Data da última renovación da Xunta: ...../...../.....

Cargos renovados: .....

.....

.....

Indicar o número de persoas que abarca o ámbito territorial da entidade: .....

7.3.- Ámbito de intervención da entidade e alcance social:

Barrio	Parroquia	Distrito	Municipal

\*Deberá xustificar a existencia dunha sede fora do termo municipal.

Vigo, de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Sinatura e selo da entidade



**Concello de Vigo**

<b>CONCELLO DE VIGO</b>	<b>ANEXO II: FICHA RESUME DO PROGRAMA Liña 1</b> (débesse achegar unha ficha por cada programa que se presente)
<b>SUBVENCIONS PARA FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS NO PERÍODO 2021-2022.</b>	

N.I.F. \_\_\_\_\_ da entidade: .....

Concepto subvencionable: .....

Nome do programa: .....

Obxectivos do programa:.....

Fundamentación (consideracións xerais de porque se vai facer este proxecto: motivacións da entidade organizadora, situación de partida, realidade que nos fai realizar o proxecto, situación que se trata de paliar ou resolver, etc.):

proxecto de nova creación                       proxecto que xa existía

Ámbito do programa:

a propia asociación     barrio                       parroquia                       distrito     municipal  
 comarcal                       provincial                       autonómico                       estatal     internacional

Colectivo de idade ao que se dirixe o programa (marque unha única casiña principal):

todas as idades                       infantil (ata 13 anos)                       adolescentes (de 14 a 17)  
 novos (de 18 a 35)                       adultos                       maiores

Descrición das actividades e metodoloxía (actividades programadas ao longo do proxecto, como se van facer, técnica e instrumentos que van ser utilizados, organización do equipo, interno, localización, etc):

.....  
.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....Período do programa:

Data inicio...../...../.....      Data remate...../...../.....      Periodicidade: .....

actividades	Ano 2021		Ano 2022									
	Novembro	decembro	X	F	M	A	M	X	X	A	S	O

Vigo,      de      de 20\_\_

Sinatura e selo da entidade



Concello de Vigo

**CONCELLO  
DE VIGO**




**Anexo III  
ORZAMENTO DO PROGRAMA**  
(débese achegar un orzamento por cada programa que se presente)

**SUBVENCIÓNS PARA FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS NO PERÍODO 2021- 2022.**

NOME DO PROGRAMA: .....

<b>GASTOS</b>		<b>INGRESOS</b>	
Concepto	Importe	Concepto	Importe
<b>Directos</b>			
<b>Indirectos (máximo 10%)</b>		<b>Outras achegas</b>	
<b>TOTAL GASTOS</b>		<b>TOTAL INGRESOS</b>	

Vigo, de de 20\_\_\_\_  
Sinatura e selo da entidade

 <b>CONCELLO DE VIGO</b>	<b>ANEXO IV:</b> <b>MEMORIA XUSTIFICATIVA</b> (débese achegar unha memoria por cada programa subvencionado)	
	<b>SUBVENCÍONS PARA FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS NO PERÍODO 2021- 2022.</b>	

D/Dña.....con  
 NIF .....en representación da  
 entidade .....

**CERTIFICO**

Que o(s) proxecto(s) subvencionados por acordo da Xunta de goberno local de data ..... realizouse/realizáronse nas condicións previstas, o que se acredita coa presente memoria que se achega coa documentación complementaria.

<b>CONCEPTO SUBVENCIONABLE 1</b>  FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, GASTRONÓMICAS E FESTIVAIS FOLCLÓRICOS.	1.1 Título do programa:	Importe concedido:
	1.2 Título do programa:	Importe concedido:
	1.3 Título do programa:	Importe concedido:
	1.4 Título do programa:	Importe concedido:
<b>CONCEPTO SUBVENCIONABLE 2</b>  ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS/ ARTES ESCÉNICAS.	2.1 Título do programa:	Importe concedido:
	2.2 Título do programa:	Importe concedido:

**DECLARO**

1. Que todos os datos que contén a presente MEMORIA XUSTIFICATIVA se axustan á realidade e cumpren coas bases do programa de subvencións obxecto da solicitude.
2. Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan se aplicaron á actividade subvencionada.
3. Que foron aboadas aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares de dereito que incorporan.
4. Que as subvencións ou achegas obtidas para un mesmo programa ou actividade non superaron o custe total do programa ou actividade subvencionada.
5. Que foi practicada a pertinente retención do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas sobre os gastos que están suxeitos a retención, así como que esta foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria (no caso de empregar os ditos xustificantes).
6. Que está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e Seguridade Social, conforme ao réxime simplificado de acreditación previsto polo art. 31.7. da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso o Concello de Vigo, poderá solicitar estes datos de oficio.
7. Que as facturas presentadas para a xustificación da subvención son orixinais.
8. Que asume o IVE do importe das facturas presentadas: **SI** \_\_\_ **NON** \_\_\_









## Concello de Vigo

**Recursos materiais** (aquilo que foi preciso adquirir para o desenvolvemento do proxecto, sexan funxíbeis ou non)

.....  
.....  
.....  
.....

Sistema de información, comunicación e publicidade

Folletos	Carteis	Inserción en prensa	Outros (indicar)
Nº	Nº		

**Outras observacións** sobre o proxecto

.....  
.....  
.....

### 6. Avaliación

Avaliación dos indicadores dos sistemas de seguimento e da execución final

.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....



Nº de orde	Nº factura	Data da factura	Provedor	CIF/NIF provedor	Concepto	Importe facturas	DATA PAGAMENTO	FORMA PAGAMENTO
<b>Custos indirectos</b>								
							TOTAL	

Sinatura e selo da entidade

**8. Viabilidade futura do proxecto**

Valoración final e posíbeis propostas de mellora do proxecto. No caso de tratarse dun proxecto con posibilidade de continuidade, indicar, no seu caso, as medidas correctoras e de mellora do mesmo.

.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....

**9. Suxestións**

Suxestións ao Concello de Vigo en relación coa convocatoria

.....  
.....  
.....  
.....

**10. Anexo documental**

Documentación anexa á memoria xerada pola actividade do proxecto

- |   |   |
|---|---|
| <input type="checkbox"/> material de difusión, información e publicidade, carteis | <input type="checkbox"/> programa de man                    |
| <input type="checkbox"/> enquisa de auto avaliación dos participantes             | <input type="checkbox"/> documentación fotográfica, prensa. |
| <input type="checkbox"/> Outros (indique).....                                    | <input type="checkbox"/> memoria complementaria             |

Vigo, de

de 20\_\_

Sinatura e selo da entidade



**13(448).- CESIÓN TEMPORAL DE VIVENDA INTEGRADA NA REDE MUNICIPAL DE PISOS DE PROTECCIÓN PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO IDENTIFICADA NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS CON NÚMERO E-638-C-6. EXPTE. 11540/224.**

Dáse conta do informe-proposta do 03/06/2022, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a asesora xurídica do Servizo de Igualdade e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Con data 4 de febreiro de 2009 a Xunta de Galicia, resolve conceder ao Concello de Vigo a autorización de inicio de actividades para tres vivendas de propiedade municipal co obxecto de poder destinalas ao acollemento temporal para mulleres vítimas de violencia de xénero, baixo a tipoloxía de “Vivendas tuteladas” ordenando a anotación destas autorizacións no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais cos seguintes números de identificación: E-638-C-6; E-638-C-7 e E-638-C-8.

O día 2 de xuño de 2022 o equipo de profesionais do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* emite informe no que se expón a problemática familiar da usuaria identificada con DNI núm. \*\*\*4882\*\* onde se reflicte a necesidade de procurarlle un acollemento temporal, a medio prazo, nunha das vivendas que conforman a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

En atención á demanda formulada e á situación descrita no proxecto de intervención emitido polo servizo municipal de atención á muller, a concellería de Igualdade valora necesario que se aprobe a ocupación provisional da vivenda identificada con número E-638-C-6, co obxecto de que a usuaria identificada con DNI núm. \*\*\*4882\*\*, a ocupe por un período de seis meses, (a contar desde a data de ingreso, data fixada polo equipo multidisciplinar do Centro municipal de información dos dereitos da muller), transcorridos os cales deberá abandonar a vivenda, agás se xustifique a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller.

Durante o período de permanencia na vivenda municipal a unidade familiar recibirá apoio profesional por parte da educadora de apoio asignada e polo equipo multidisciplinar adscrito á concellería de Igualdade.

Por todo o exposto, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Autorizar a cesión temporal da vivenda da rede municipal de pisos de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-638-C-6 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 11540/224 por un período de 6 meses, transcorridos os cales a unidade familiar deberá abandonar a vivenda, agás se xustifique a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller”.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

**14(449).- PERDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E A PARTICIPACIÓN CIDADÁ (PROGRAMAS I E II) OUTORGADA Á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE CORUXO NO ANO 2021. EXPTE. 10532/320.**

Visto o informe de fiscalización do 25/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 12/04/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral do Servizo de Participación Cidadá e o concelleiro-delgado de Área, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES E FUNDAMENTOS DE DEREITO**

A Xunta de Goberno Local acordou, en relación ao procedemento de “*Outorgamento de Subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá, para o ano 2021*” (expedientes número 10476-320 e 10477-320) outorgar á Asociación de Veciños de Coruxo (CIF: 36659829) a seguinte subvención para:

PROGRAMAS I e II	PUNTOS	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN
<b>Gastos de mantemento:</b> subministros, Servizos Xerais, Seguros, Impostos, Material Funxible, Avarías e Conservación	59	6.883,82 €	<b>5.079,88 €</b>
<b>Equipamento:</b> Material Informático. Material CoVID	46	1.636,98 €	<b>1.636,98 €</b>
	<b>TOTAL</b>	<b>8.520,80 €</b>	<b>6.716,86 €</b>

Unha vez transcorrido o prazo de xustificación sen ter presentada a documentación xustificativa correspondente, con data 7.12.2021 remitiúselle unha notificación onde se lle concedía un novo **prazo improrrogable de 15 días para presentar telemáticamente, e cun número de rexistro propio, unha solicitude de abono de subvención para cada un dos programas subvencionados.**

En resposta a dita notificación, a entidade presenta os seguintes arquivos:

- 28.12.2021: Documento número 210296967
- 30.12.2021: Documentos números 210298198, 210298191 e 210298209

Unha vez examinada a documentación presentada, apreciouse que estaba incompleta, polo que conforme ao establecido na base 15ª da convocatoria, concedeuselle a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de 10 días hábiles para a súa emenda. Tramitáronse 2 novas notificacións nos expedientes de xustificación, tanto no Programa I, coma no Programa II:

**I.- Expediente 10476-320: Programa I. Gastos de Mantemento** coa notificación número 106076-2021 publicada no Portal de Notificacións da Web Municipal con data 13.01.2022 e onde se lle requiría a seguinte información:

**1.- Anexo VIII. 7: Relación clasificada dos gastos en cada un dos programas subvencionados (táboa 6):** conforme ás bases “en dita relación xustificáronse gastos por un importe igual ou superior ao importe do proxecto que serviu de base para a concesión de

dita subvención, polo que queda acreditado que o programa subvencionado foi executado, no seu caso, na súa totalidade”:

1.1.- A columna de “**DATA**” debe cumprimentarse correctamente coa data das facturas presentadas e, en todo caso, que pertencen ao período subvencionable (1.12.2020 a 29.12.2021).

1.2.- A táboa presentada relaciona gastos por un total de 6.924,63 €, si ben, deben **indicar que porcentaxe das facturas que se indican a continuación, se imputan ao “Programa I. Gastos de Mantemento” e cal ao “Programa II. Gastos en Equipamento Inventariable”, tendo en conta os conceptos subvencionables en cada un dos programas:**

- Ofimatica Cies S.L.U, nº de factura 1000527 por importe total de 609,27 €
- Ofimática Cies S.L.U, nº de factura 1000161 por importe total de 990,00 €

1.3.- **Non é computable o gasto da empresa Mimomimovil número 2113001128 por importe de 11,90 €, xa que en ningún caso, se admiten simples recibos e/ou tiques de caixa.**

2.- Así mesmo, conforme ás bases, **deberán presentarse facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas** e asinadas electronicamente das facturas orixinais en papel e/ou demais documentos de valor probatorio equivalente, cuxo importe total debe cubrir como mínimo, o importe da subvención outorgada:

2.1.- Unha vez examinada as facturas presentadas, non se poden computar as facturas que se relacionan a continuación xa que **falta por acreditar a realización do pago (xustificante bancario):**

- Vodafone Servicios S.L.U, nº factura Z121-003484957 de importe 80,97 €
- Limpeza Cies S.L, nº factura 21-001485 por importe 121 €
- Limpeza Cies S.L, nº factura 21-002744 por importe 121 €

2.2.- Tampouco sería computable o importe correspondente ao seguro xa que, conforme ás bases cando se inclúan, como documentación orixinal, os recibos dos gastos de seguros, **debe presentarse copia do contrato vixente durante o período subvencionado (póliza).**

- Seguros AXA de data 6.01.2021 por importe 897,47 €

2.3.- Finalmente, tampouco son computables **as facturas detallas no apartado anterior, en tanto en canto non se detalle que porcentaxe das facturas se imputa ao programa I de Gastos de Mantemento:**

- Ofimatica Cies S.L.U, nº de factura 1000527 por importe total de 609,27 €
- Ofimática Cies S.L.U, nº de factura 1000161 por importe total de 990,00 €
- Non se computa a factura Mimomimovil número 2113001128 por importe de 11,90 €, xa que non se admiten simples recibos de caixa

**II.- Expediente 10477-320: Programa I. Gastos en Equipamento**, coa notificación número 106124-2021 publicada no Portal de Notificacións da Web Municipal con data 13.01.2022 e onde se lle requiría a seguinte información:





**Concello de Vigo**

**1.- Anexo VIII. 6: Declaración responsable:** non achega debidamente cumprimentado o dito formulario e, xa que logo, non acredita o cumprimento dos requisitos esixidos para a concesión da subvención a tenor do esixido no art. 13 da LXS.

**2.- Anexo VIII. 7: Relación clasificada dos gastos en cada un dos programas subvencionados (táboa 6):** conforme ás bases “en dita relación xustificárase gastos por un importe igual ou superior ao importe do proxecto que serviu de base para a concesión de dita subvención, polo que queda acreditado que o programa subvencionado foi executado, no seu caso, na súa totalidade”:

2.2.- Na última táboa presentada relaciona gastos por un total de 1.108,70 € polo que non queda xustificada a totalidade do proxecto subvencionado. Así mesmo, deben **indicar que porcentaxe das facturas que se indican a continuación, se imputan ao “Programa I. Gastos de Mantemento” e cal ao “Programa II. Gastos en Equipamento Inventariable”, tendo en conta os conceptos subvencionables en cada un dos programas:**

- Ofimática Cies S.L.U, nº de factura 1000527 por importe total de 609,27 €
- Ofimática Cies S.L.U, nº de factura 1000161 por importe total de 990,00 €

**3.- Reportaxe fotográfica da totalidade do equipamento subvencionado** coa correspondente etiqueta identificativa do cofinanciamento municipal conforme o Anexo II. “Publicidade corporativa-cartelería”.

Unha vez transcorrido o prazo establecido (25.01.2022), comprobouse que a entidade beneficiaria non atendeu ao requirimento de emenda da xustificación presentada.

Conforme a Base 18ª.a) da convocatoria, dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, porén, á súa **revogación, o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases convocatoria e, en particular de :**

- **A obriga de xustificación no prazo legalmente establecido**
- A non achega da memoria de actividades ou cando a mesma non se axusta a termos da base décimo terceira
- **As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións**
- Finalidade para a que se concederon que determinou o seu outorgamento
- **Adopción de medidas de difusión do financiamento público recibido nos termos previstos nestas bases**
- Concorrenza de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS
- Tamén suporá perda do dereito ao cobro a ocultación ou falsidade de datos e/ou documentos ou obtención de subvencións falseando as condicións requiridas para iso.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a revogación da subvención, adoptárase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á entidade co

conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá.

## **INFORMO**

De conformidade co anteriormente exposto resulta procedente iniciar un expediente de revogación da subvención outorgada para fomento do asociacionismo e da participación cidadá a prol da Asociación de Veciños de Coruxo (CIF: G36659829), xa que, salvo proba en contrario, apréciase a concorrencia de determinadas circunstancias establecidas na Base 18ª da convocatoria que determinan a perda do dereito ao cobro da subvención. “

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### **- Perda do dereito ao cobro:**

De acordo co disposto no art. 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e no artigo 89 do seu Regulamento, producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37. A tal efecto, a letra f) sinala como unha destas causas: *o incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao xeito en que se teñan que acadar os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención; e a letra i) engade: nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.*

O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito ao cobro da subvención será o establecido no artigo 42 da LXS.

Xa que logo e, en consonancia co exposto no informe anteriormente transcrito, procedeuse mediante orde de inicio de expediente asinada polo concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas de data 16.02.2022, ao inicio do procedemento de revogación e perda do dereito ao cobro da subvención outorgada a prol da entidade **Asociación de Veciños de Coruxo (CIF: G36659829 ) unha subvención para o Programa I por gastos de mantemento por importe de 5.079,88 € e Programa II por gastos en equipamento (“Material informático e material Covid”) por importe de 1.636,98 €.**

Mediante notificación asinada pola técnica de administración xeral en data 16/02/2022, co conforme do concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas, **efectuouse o trámite de audiencia** e posta a disposición do expediente, a fin de que no prazo de 10 días a asociación puidese achegar as alegacións e documentación que considerase oportunas.

A notificación foi recibida con data 21/02/2022, conforme consta no acuse de recibo electrónico que consta no expediente.

Con data 5/03/2022 a entidade presenta vía rexistro (doc. 220047864) nova documentación como emenda ao requirimento do pasado 13/01/2022. **Vista a documentación achegada, non se pode admitir por resultar extemporánea, non achegando ningún tipo de xustificación respecto de circunstancias alleas á súa vontade que lle impidisen dar**



**Concello de Vigo**

**cumprimento á presentación da documentación no prazo outorgado para tal fin (25/01/2022).**

A presente declaración da perda do dereito ao cobro total da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións; polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o acordo aos efectos oportunos.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL).

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dítar e notificar a resolución.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Participación Cidadá e Festas, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 17/08/2020, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

**ACORDO**

**1º.- Declarar a perda do dereito ao cobro da subvención outorgada á Asociación de Veciños de Coruxo (CIF: 36659829) para o Programa I por gastos de mantemento por importe de 5.079,88 € e Programa II por gastos en equipamento (“Material informático e material Covid”) por importe de 1.636,98 €, debido ao incumprimento dos requisitos establecidos na Base 14ª “Prazo e forma de xustificación” e as circunstancias previstas na Base 18ª da convocatoria de dita subvención.**

**2º.- Notificar o presente acordo á interesada** no expediente, facendo constar que contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa

desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(450).- NOMEAMENTO INTERINO DUNHA DIPLOMADA EN TRABALLO SOCIAL CON CARGO A VACANTE/S PARA O SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 39806/220.**

Visto o informe de fiscalización do 31/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 27/05/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

**1.-** En data 04/03/2022 pola Xefatura da Área de Benestar Social coa conformidade da concellería delegada competente, se emite informe de urxencia da cobertura das vacantes de Diplomado/a en Traballo Social existentes no servizo.

**2.-** En data de sinatura electrónica, polo órgano municipal competente, á vista da solicitude, o informe administrativo de verificación de datos sobre postos vacantes de data 22/04/2022 e visto o informe xeral asinado pola técnica de administración xeral, procedeu a ordenar que *“se proceda á tramitación do expediente administrativo que proceda para a cobertura interina de unha praza vacante de Diplomado/a de traballo social existente na Área Benestar Social, derivada dunha vacante producida con posterioridade á aprobación da Oferta de Emprego de 2021.”*

**3.-** Consta anexado ao expediente informe técnico *de cuantificación económica do gasto, segundo o cal* “os custos anuais no ano 2022 do posto Codg 81 “Diplomado/a Traballos Sociais son os seguintes:

Básicas	14.415,00 €
CD	9.686,32 €
CE	16.777,74 €
Total Retribucións	40.879,06 €
Seguridade Social	10.774,68 €
Custo Total	51.653,74 €

**4.-** En consecuencia, tramitado o expediente pola Área xestora, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo



Concello de Vigo

que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

## **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

### **I.- Normativa de aplicación**

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:  
*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

*"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”*

## **II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta**

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empleado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concurra algunhas das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa **“la existencia de plazas vacantes, cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera, por un máximo de tres años, en los términos previstos en el apartado 4”** (letra a) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que *“los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”*

O concreto apartado 4 citado recolle que *“en el supuesto previsto en el apartado 1.a) las plazas vacantes desempeñadas por personal funcionario interino deberán ser objeto de cobertura mediante cualquiera de los mecanismos de provisión o movilidad previstos en la normativa de cada Administración Pública.*

**No obstante, transcurridos tres años desde el nombramiento del personal funcionario interino se producirá el fin de la relación de interinidad, y la vacante solo podrá ser ocupada por personal funcionario de carrera, salvo que el correspondiente proceso selectivo quede desierto, en cuyo caso se podrá efectuar otro nombramiento de personal funcionario interino.**

*Excepcionalmente, el personal funcionario interino podrá permanecer en la plaza que ocupe temporalmente, siempre que se haya publicado la correspondiente convocatoria dentro del plazo de los tres años, a contar desde la fecha del nombramiento del funcionario interino. En este supuesto podrá permanecer hasta la resolución de la convocatoria, sin que su cese dé lugar a compensación económica.”*

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademáis delo, a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.



## Concello de Vigo

No presente caso, e segundo consta no informe administrativo de verificación de datos sobre postos vacantes, en data 22/04/2022, constan 4 postos vacantes de Diplomados en Traballo Social na Área de Benestar Social.

Consta informe no expediente segundo o cal: *“Aos efectos de poder incoar expediente para a cobertura interina das vacantes referidas, e previa comprobación no programa informático xestión de expedientes do que se relaciona a continuación, infórmase que:*

*. Consta no expte 39564-220, acordo de XGL de data 22/04/2022, de nomeamento interino de DTS con cargo a vacante incluída na OEP 2021*

*. Consta xubilación producida con posterioridade á aprobación da OEP 2021, (...).”*

*O artigo 128.2 do Real Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local dispón que: “No podrá nombrarse personal interino para plazas que no se hayan incluido en la oferta de empleo público, salvo cuando se trate de vacantes realmente producidas con posterioridad a su aprobación. El personal que ostentare la condición de interino cesará automáticamente al tomar posesión como funcionarios de carrera los aspirantes aprobados en la respectiva convocatoria. Sólo podrá procederse al nombramiento del nuevo personal interino para las plazas que continúen vacantes una vez concluidos los correspondientes procesos selectivos.”*

Polo tanto, visto os artigos 128.2 do TRRL e 10.4 do TREBEP, procede o nomeamento interino con cargo á vacante que deberá incluírse na vindeira oferta de emprego correspondente ao ano 2022, pendente de aprobación na que inexcusablemente deberá incorporarse unha praza de Diplomado/a en Traballo Social, salvo que proceda a súa amortización.

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino; no caso da modalidade de nomeamento obxecto de proposta, tómase como referencia a analoxía coas prazas (retribucións básicas) e postos de traballo (retribucións complementarias fixas e periódicas) da categoría profesional ofertada, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 20.09.2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade; referencia que, no presente suposto e segundo o informe técnico emitido, efectúase ao posto de traballo cód. 81 – Diplomado/a en traballo social

CAS.08.05	ud	SUMINISTRO Y PLANTACIÓN DE "AZALEA JAPONIOCA" EN JARDINERA	8.68 €	40.00	347.20 €	90.00	781.20 €	434.00 €
CAS.08.06	ud	SUMINISTRO Y PLANTACIÓN DE "ACER JAPONICUM".14CM.	125.40 €	2.00	250.80 €	2.00	250.80 €	- €
E07-BHB040	m 2	FÁBRICA BLOQUE HORMIGÓN LISO BLANCO 2 C/V 40x20x20 cm	59.01 €	0.00	- €	12.28	724.64 €	724.64 €
E10IAL030	m 2	IMPERMEABILIZACIÓN BICAPA AUTOPROTEGIDA	19.03 €	0.00	- €	56.42	1 073.67 €	1 073.67 €

Inclúese a continuación cadro resumen coas partidas nas que se desglosan as variacións segundo o artigo 205, e segundo o artigo 204 da LCSP:

CÓDIGO	U D	DESCRIPCIÓN DE LOS TRABAJOS	MODIFICACIONES art. 205			MODIFICACIONES art. 204		
			MEDICIÓN	PRE-CIO	IMPORTE	MEDICIÓN	PRE-CIO	IMPORTE
<b>CAS.08</b>		<b>JARDINERÍA</b>			<b>4 006.81 €</b>			<b>3 131.83 €</b>
CPE1.06.03	m	JARDINERAS LINEAL c/ 2CHAPA GALVANIZADA e=5mm H terminada=25cm	47.20	84.89 €	4 006.81 €	0.00	84.89 €	- €
CAS.08.01	m	CHAPA GALVANIZADA EN JARDINERA DOBLE ALTURA=85cm Y e=5mm	0.00	94.54 €	- €	0.00	94.54 €	- €
CAS.08.02	m 3	APORTE TIERRA VEGETAL+ GRAVA EN JARDINERAS	0.00	14.74 €	- €	24.00	14.74 €	353.76 €
CAS.08.03	m 2	RECUBRIMIENTO DE CORTEZA DE PINO DE 3CM ESPESOR EN JARDINERAS	0.00	3.39 €	- €	56.42	3.39 €	191.26 €
CAS.08.04	ud	SUMINISTRO Y PLANTACIÓN DE PHOTINIA SERRULATA "RED ROBIN"	0.00	7.09 €	- €	50.00	7.09 €	354.50 €
CAS.08.05	ud	SUMINISTRO Y PLANTACIÓN DE "AZALEA JAPONIOCA" EN JARDINERA	0.00	8.68 €	- €	50.00	8.68 €	434.00 €
CAS.08.06	ud	SUMINISTRO Y PLANTACIÓN DE "ACER JAPONICUM".14CM.	0.00	125.40 €	- €	0.00	125.40 €	- €
E07-BHB040	m 2	FÁBRICA BLOQUE HORMIGÓN LISO BLANCO 2 C/V 40x20x20 cm	0.00	59.01 €	- €	12.28	59.01 €	724.64 €

E10IAL030	m 2	IMPERMEABILIZACIÓN BI-CAPA AUTOPROTEGIDA	0.00	19.03 €	- €	56.42	19.03 €	1 073.67 €
-----------	--------	--	------	---------	-----	-------	---------	------------

### 09. Seguridade e saúde

Mantense o importe do proxecto orixinal.

### 10. Xestión de residuos

Mantense o importe do proxecto orixinal.

### VI.- ORZAMENTO

Para a creación dos prezos contraditorios recollidos no presente proxecto modificado nº 1, tomáronse os prezos referidos á data de licitación das obras e determináronse coas mesmas bases que as do proxecto aprobado.

As variacións recollidas no presente modificado Nº1 son debido a modificacións que atenden as circunstancias recollidas nas FEC.

Nembargantes, aínda que todas as circunstancias indicadas foron previstas no PCAP reitor do contrato, parte das modificacións (tanto as derivadas das condicións xeotécnicas do ámbito do proxecto e aparición de construción soterradas; das condicións das estruturas de contención existentes; e das condicións de encontro coas obras da contorna), obrigan a introdución de novas unidades de obra con novos prezos unitarios non previstos no contrato, afectando aos seguintes capítulos e subcapítulos:

- Capítulo 03. Cimentación
- Capítulo 07. Equipamento, mobiliario e acabados
- Capítulo 08. Xardinaría

As modificacións recollidas nos citados capítulos non se axustan ao establecido no artigo 204 da LCSP ao incluír novos prezos unitarios, e se limitan a introducir as variacións estritamente indispensables e que son necesarias para responder a ditas causas obxectivas. O importe das novas unidades de obra que é necesario introducir representa o 14,81% do orzamento inicial do contrato.

CÓDIGO	UD	DESCRIPCIÓN DE LOS TRABAJOS	PRECIO	MEDI-CIÓN	IMPORTE
PN01	m	MICROPILOTE Ø200mm	182.95 €	206.70	37 815.77 €
HRA201	m2	Cierre de seguridad, de chapa perforada de acero galvanizado	53.13 €	34.32	1 823.42 €
CPE1.06.03	m	JARDINERAS LINEAL c/ 2CHAPA GALVANIZADA e=5mm H terminada=25cm	84.89 €	47.20	4 006.81 €
<b>IMPORTE TOTAL DE PRECIOS NUEVOS</b>					<b>43 646.00 €</b>



## Concello de Vigo

<b>PRESUPUESTO EJECUCIÓN MATERIAL PROYECTO ORIGINAL</b>	<b>294 637.49</b> €
---	------------------------

<b>PORCENTAJE DE IMPORTE TOTAL DE PRECIOS NUEVOS SOBRE PEM ORIGINAL</b>	<b>14.81%</b>
---	---------------

O resto das modificacións recollidas nos seguintes capítulos e subcapítulos, referentes as circunstancias derivadas das condicións xeotécnicas do ámbito do proxecto e aparición de construción soterradas; das condicións das estruturas de contención existentes; e das condicións de encontro coas obras da contorna:

- Capítulo 01. Traballos previos e demolicións
- Capítulo 03. Cimentación
- Capítulo 05. Pavimentos
- Capítulo 06. Instalacións
- Capítulo 07. Equipamento, mobiliario e acabados
- Capítulo 08. Xardinaría

Axústanse ao establecido no artigo 204 da LCSP de modificacións previstas no PCAP reitor do contrato.

A totalidade das modificacións propostas neste expediente, cuantitativamente resultan nun incremento presupuestario do 19,86%, como se resume nas seguintes táboas:

CÓDIGO	DESCRIPCIÓN DE LOS TRABAJOS	PROYECTO ORIGINAL		PROYECTO MODIFICADO Nº1		MODIFICACIONES art. 205 LSCP (modificaciones no previstas en el PCAP por introducción de nuevos precios)		MODIFICACIONES art. 204 LSCP (modificaciones previstas en el PCAP)		MODIFICADO - PROYECTO DIFERENCIA	
		IMPORTE	IMPORTE	IMPORTE	IMPORTE	IMPORTE	% S/PE M TOTAL P.O.	IMPORTE	% S/PE M TOTAL P.O.	IMPORTE	% S/PE M TOTAL P.O.
CAS.01	TRABAJOS PREVIOS Y DEMOLICIONES	3 571.96 €	17 433.52 €	- €	0.00%	13 861.56 €	4.70 %	13 861.56 €	4.70%		
CAS.02	EXCAVACIONES Y MOVIMIENTO DE TIERRAS	5 326.46 €	5 326.46 €	- €	0.00%	- €	0.00 %	- €	0.00%		



CAS.03	CIMENTACIÓN	62 058.09 €	106 175.26 €	3 788.57 €	1.29%	40 328.60 €	13.69 %	44 117.17 €	14.97 %
CAS.04	ESTRUCTURA HORMIGÓN Y METÁLICA	92 827.21 €	92 827.21 €	- €	0.00%	- €	0.00 %	- €	0.00%
CAS.05	PAVIMENTOS	18 694.55 €	15 682.73 €	- €	0.00%	-3 011.82 €	1.02 %	-3 011.82 €	-1.02%
CAS.06	INSTALACIONES	36 089.83 €	30 977.45 €	- €	0.00%	-5 112.38 €	1.74 %	-5 112.38 €	-1.74%
CAS.07	EQUIPAMIENTO, MOBILIARIO Y ACABADOS	67 405.21 €	68 934.70 €	1 823.42 €	0.62%	-293.93 €	0.10 %	1 529.49 €	0.52%
CAS.08	JARDINERÍA	3 330.98 €	10 469.62 €	4 006.81 €	1.36%	3 131.83 €	1.06 %	7 138.64 €	2.42%
CAS.09	SEGURIDAD Y SALUD	3 600.00 €	3 600.00 €	- €	0.00%	- €	0.00 %	- €	0.00%
CAS.10	GESTIÓN DE RESIDUOS	1 733.20 €	1 733.20 €	- €	0.00%	- €	0.00 %	- €	0.00%

PRESUPUESTO DE EJECUCIÓN MATERIAL	294 637.49 €	353 160.15 €	9 618.80 €		48 903.86 €		58 522.66 €	
GASTOS GENERALES (13%)	38 302.87 €	45 910.82 €	1 250.44 €		6 357.50 €			
BENEFICIO INDUSTRIAL (6%)	17 678.25 €	21 189.61 €	577.13 €		2 934.23 €			

PRESUPUESTO DE EJECUCIÓN MATERIAL	350 618.61 €	420 260.58 €	11 446.37 €		58 195.59 €			
IVA (21%)	73 629.91 €	88 254.72 €	2 403.74 €		12 221.07 €			

PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN	424 248.52 €	508 515.30 €	13 850.11 €		70 416.66 €			
BAJA ADJUDICACIÓN (8,80%)	37 333.87 €	44 749.35 €	1 218.80 €		6 196.66 €			

PRESUPUESTO LÍQUIDO DE EJECUCIÓN POR CONTRATA	386 914.65 €	463 765.95 €	12 631.31 €	3.26%	64 220.00 €	16.60 %	76 851.31 €	19.86 %
---	--------------	--------------	-------------	-------	-------------	---------	-------------	---------

As variacións recollidas no presente modificado N°1 son debido a modificacións que atenden as circunstancias recollidas nas FEC así como ás variacións de unidades do mesmo relativas ao incremento / diminución de medicións das unidades existentes conforme ao artigo 242.4 i) da LCSP, co seguinte resumo:

	P.E.M.	P. LÍQUIDO	%
<b>MODIFICACIONES art. 204 LSCP (modificaciones previstas en el PCAP)</b>	48 903.86 €	64 220,00 €	16.60%





**Concello de Vigo**

<b>MODIFICACIONES art. 205 LSCP (modificaciones no previstas en el PCAP por introducción de nuevos precios)</b>	9 618.80 €	12 631.31 €	3.26%
<b>TOTAL</b>	58 522.66 €	76 851.31 €	19.86%

As modificacións non previstas non son substanciais no sentido indicado no apartado 2.c) do artigo 205 da LSCP, xa que a obra resultante coas modificacións descritas non requiren clasificación do contratista diferente á da licitación orixinal, non se introducen unidades de obra novas que representen máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato (supón o 14,81%) nin tampouco amplía o ámbito do contrato, xa que coas modificacións non se supera o 15% do prezo inicial do contrato (supón o 3,26%) nin se encontran as novas obras propostas no ámbito doutro contrato iniciado.

	<b>P.E.M.</b>	<b>P. LÍQUIDO</b>	<b>%</b>
<b>IMPORTE UNIDADES DE OBRA NOVAS INTRODUCIDAS (Art. 205.2.C 2º, LSCP)</b>	43 646.00 €	57 315.44 €	14.81%
<b>VALOR DA ALTERACIÓN NA CUANTÍA DO CONTRATO POLAS MODIFICACIONES NON PREVISTAS PCAP POR INTRODUCCIÓN DE NOVOS PREZOS (Art. 205.2.C 3º (i), LSCP)</b>	9 618.80 €	12 631.31 €	3.26%

#### **VII.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN**

Para a execución das actuacións proxectadas, considerase necesario a ampliación do prazo por dous meses e medio (2,50), tal e como se establece no Proxecto Modificado N.º1.

#### **VIII.- CONCLUSIÓNS**

As citadas modificacións, propostas no presente Modificado nº 1 das "INSTALACIÓN DUN ASCENSOR ENTRE A PRAZA DA ESTACIÓN E A RÚA URZAIZ", estímase que non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e que son de interese público, xa que permiten levar a cabo en condicións adecuadas a execución da obra, e que as mesmas encóntranse contempladas nos ámbitos do definido no apartado 6 b das FEC, tal como se define no presente informe.

*Así mesmo, considérase que o modificado non suma prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, non amplía o obxecto do contrato e non cumpre finalidades novas non consideradas na documentación preparatoria deste, e non incorpora unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.*

*Nembargantes, aínda que todas as circunstancias indicadas foron previstas no prego de cláusulas administrativas da licitación, parte das modificacións derivadas das condicións xeotécnicas do ámbito do proxecto e aparición de construción soterradas; das condicións das estruturas de contención existentes; e das condicións de encontro coas obras da contorna) obrigan a introdución de novas unidades de obra con novos prezos unitarios non previstos no contrato. As modificacións derivadas das anteriores circunstancias citadas non son substanciais no sentido indicado no apartado 2.c) do artigo 205 da LCSP, xa que a obra resultante coas modificacións descritas non requiren clasificación do contratista diferente á da licitación orixinal, non se introducen unidades de obra novas que representen máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato (supón o 14,81%) nin tampouco amplía o ámbito do contrato, xa que coas modificacións non se supera o 15% do prezo inicial do contrato (supón o 3,26% nin se encontran as novas obras propostas no ámbito doutro contrato iniciado.*

*En canto ao resto de modificacións, tamén contempladas no apartado 6 das FEC, indícase que a variación cualitativa e cuantitativa das mesmas en relación ao prezo do contrato, non supera as limitacións establecidas no PCAP reitor do contrato, xa que no seu apartado 6 d das FEC, límites da modificación, sinala que a contía máxima da modificación non superará o 20% sobre o prezo do contrato (supón o 16,60 %).*

*Tódalas modificacións estímase non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e son de interese para unha adecuada solución do obxecto da obra contratada, sendo motivadas polas condicións xeotécnicas do ámbito do proxecto e aparición de construción soterradas; das condicións das estruturas de contención existentes; e das condicións de encontro coas obras da contorna, condicións que non puideron ser previstas no proxecto orixinal.*

*As modificacións que se formulan non alteran as condicións de adxudicación e licitación recollidas no PCAP que rexen a contratación das obras.*

*Os prezos contraditorios que se propoñen, consecuentes á solución técnica adoptada, refírense á data de licitación calculados sobre a base do proxecto orixinal aprobado para a adxudicación da obra, en todo o que se refire aos prezos unitarios de man de obra, materiais e maquinaria, e a os custos indirectos dos prezos descompostos.”*

## **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**



## Concello de Vigo

I.- A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), establece no seu artigo 190 que o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta (artigo 203 LCSP), dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e para os efectos sinalados na Lei.

II.- Asemade, o artigo 203.2 da LCSP contempla que os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación solo poderán modificarse durante a súa vixencia, cando se de algún dos seguintes supostos:

- a) Cando así se teña previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, nos términos e condicións establecidos no artigo 204 da LCSP;
- b) Excepcionalmente cando sexa necesario realizar unha modificación que non está prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre e cando se cumpran as condicións establecidas no artigo 205.

Polo tanto, a LCSP prevé dous supostos de modificación dos contratos (artigos 204 e 205 da LCSP). No primeiro caso regúlense as modificacións previstas na documentación que rexe a licitación e no segundo as modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación.

III.- En relación coa posibilidade de modificación prevista no artigo 204 da LCSP, no apartado 6 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas do contrato, aprobado pola Xunta de Goberno local en data 18 de marzo de 2021, establécese a posibilidade de modificación do mesmo nas seguintes circunstancias:

- Aspectos a modificar: as unidades de obra relacionadas con traballos previos, demolicións, escavacións e movementos de terra, cimentación, estrutura formigón e metálica, pavimentos, instalacións, equipamento, mobiliaria e acabados, xardinería, seguridade e saúde e xestión de residuos
- Circunstancias que determinan a modificación:
  - Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas, estado das estruturas e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto.
  - A necesidade de resolver adecuadamente a relación ou encontro das obras obxecto deste contrato coa nova Estación Intermodal de Vigo (que inclúe a Estación de Ferrocarril, a Terminal de Autobuses e o centro comercial Vialía, as obras dos espazos intersticiais, Praza da Estación e o túnel de Lepanto), e deste modo acadar unha imaxe unitaria do conxunto de actuacións, de conformidade coa solución aprobada definitivamente polas entidades competentes en cada unha das obras.

- Necesidades de adaptación ao entorno, no referente a servizos, deseño, esquema funcional ou accesibilidade, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto.

De conformidade co disposto no devandito artigo 204 LCSP e no Prego, as modificacións en ningún caso poderán superar o 20% do prezo inicial do contrato.

**IV.-** Asemade, en relación coa posibilidade de modificación prevista no artigo 205 da LCSP, as modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares o que, habendo sido previstas, no se axusten ao establecido no artigo 204, solo poderán realizarse cando a modificación en cuestión cumpra os seguintes requisitos:

- a) Que atope a súa xustificación en algún dos supostos que se relacionan no apartado segundo deste artigo.
- b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder a causa obxectiva que as faga necesarias.

Entre os supostos que eventualmente poderían xustificar una modificación non prevista, sempre e cando esta cumpra tódolos requisitos recolleitos no apartado anterior, figura a seguinte (art.205.2.c) da LCSP):

- Cando as modificacións non sexan substanciais. Neste caso terase que xustificar especialmente a necesidade das mesmas, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial.

Unha modificación dun contrato considerarase substancial cando teña como resultado un contrato de natureza materialmente diferente ao celebrado nun principio. En calquera caso, unha modificación considerarase substancial cando se cumpra unha ou varias das condicións seguintes:

- 1.º Que a modificación introduza condicións que, de figurar no procedemento de contratación inicial, permitirían a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación dunha oferta distinta á aceptada inicialmente ou atraerían a máis participantes no procedemento de contratación.

En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando a obra ou o servizo resultantes do proxecto orixinal ou do prego, respectivamente, máis a modificación que se pretenda, requiran dunha clasificación do contratista diferente á que, no seu caso, esixiuse no procedemento de licitación orixinal.

- 2.º Que a modificación altere o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato inicial.

En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando, como consecuencia da modificación que se pretenda realizar, introduciríanse unidades de obra novas cuxo importe representaría máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato.

- 3.º Que a modificación amplíe de forma importante o ámbito do contrato.



**Concello de Vigo**

En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando:

(i) O valor da modificación supoña unha alteración na contía do contrato que exceda, illada ou conxuntamente, do 15 por cento do prezo inicial do mesmo, IVE/IVE excluído, se se trata do contrato de obras ou dun 10 por cento, IVE/IVE excluído, cando se refira aos demais contratos, ou ben que supere o limiar que en función do tipo de contrato resulte de aplicación de entre os sinalados nos artigos 20 a 23.

(ii) As obras, servizos ou subministracións obxecto de modificación áchense dentro do ámbito doutro contrato, actual ou futuro, sempre que se iniciou a tramitación do expediente de contratación.

**V.-** Neste caso que nos ocupa, a proposta de modificación do contrato atópase contemplada nos supostos do artigo 205 da LCSP.

Todas as modificacións propostas atópanse previstas no apartado 6 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas do contrato, tal e como se xustifica no informe da dirección facultativa.

Nembargantes, aínda que todas as circunstancias indicadas foron previstas no prego de cláusulas administrativas da licitación, as modificacións referentes ás citadas circunstancias, (tanto as derivadas das condicións xeotécnicas do ámbito do proxecto e aparición de construción soterradas; das condicións das estruturas de contención existentes; e das condicións de encontro coas obras da contorna), obrigan a introdución de novas unidades de obra con novos prezos unitarios non previstos no contrato, polo que ditas modificacións non se axustan ao establecido no artigo 204 da LCSP, e se limitan a introducir as variacións estritamente indispensables e que son necesarias para responder a ditas causas obxectivas.

Asemade, dita modificación exposta non é substancial, nos termos da regulación da mesma que se establece no apartado c) do punto 2 do referido artigo 205.

Tal e como se indica no devandito informe da dirección facultativa, non se cumpren ningunha das tres condicións que cualificarían dita modificación de substancial, e mesmo en termos obxectivos por supoñer un incremento do prezo inferior ao 15% do contrato, conforme ao disposto no propio artigo 205.2. c.i) tería a consideración obxectiva de ser unha modificación non substancial.

**VI.-** As especialidades procedimentais a seguir para a modificación dos contratos figuran reguladas con carácter xeral no artigo 207 da LCSP, figurando no artigo 242 do mesmo texto as especificacións propias das modificacións dos contratos de obra.

Tales requisitos son os seguintes:

1. Audiencia do redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes se tiveran preparado por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos para que, nun prazo non inferior a tres días, formulen as consideracións que considere convenientes (artigo 191, 207 e 242 da LCSP).

2. Informe da Asesoría Xurídica Municipal e fiscalización previa da Intervención Municipal (artigos 191 do LCSP e 102 do RLCAP)
3. Ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia nos casos de modificacións do contrato cando no estivesen previstas no prego de cláusulas administrativas e a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 % do prezo inicial do contrato, IVA excluído, e o seu prezo sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros ou cando se formule oposición por parte do contratista (artigo 191 da LCSP)

Os requisitos específicos para os contratos de obras previstos no artigo 242 da LCSP son:

1. Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, e non sexa necesario realizar unha nova licitación, os prezos aplicables ás mesmas serán fixados pola Administración, previa audiencia do contratista por prazo mínimo de tres días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratatalas con outro empresario nos mesmos prezos que tivera fixado, executatalas directamente ou optar pola resolución do contrato conforme ao artigo 211 da LCSP.
2. Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto, e se cumpran os requisitos que a tal efecto regula esta lei, recadará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que substanciárase coas seguintes actuacións:
  - a) Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.
  - b) Audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por prazo mínimo de tres días.
  - c) Aprobación do expediente polo órgano de contratación así como dos gastos complementarios precisos.

Así mesmo, recadarase o informe de supervisión de proxectos no supostos previstos no artigo 235 da LCSP (136.3 do RLCAP).

**VII.-** As modificacións do contrato serán obrigatorias para o contratista e deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 (artigo 205, 206 e 242.1 da LCSP). No caso de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obra, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización algunha (art.242.1 da LCSP)

**VIII.-** Deberase publicar en todo caso un anuncio de modificación no perfil do contratante do órgano de contratación, no prazo de 5 días desde a aprobación da mesma, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de tódolos informes que , no seu caso, recadaranse con carácter previo á aprobación, incluídos aqueles aportados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación (artigo 63.3 e 207.3 da LCSP).

Asemade, remitirase copia certificada ao Consello de Contas dentro dos tres meses seguintes á formalización, para o exercicio da función fiscalizadora, sempre que a contía do contrato exceda de 600.000 euros, tratándose de obras (artigo 335 da LCSP).



**Concello de Vigo**

**IX.-** Revisado o expediente administrativo constan todos os requisitos legais preceptivos. Así:

1º.- Consta informe da Dirección Facultativa, reproducido nos antecedentes da presente proposta, xustificativo da necesidade da modificación, do seu interese público, e do cumprimento das esixencias dos artigos 203, 204, 205 e 206 da LCSP así como do apartado 6 das FEC do PCAP reitor do contrato.

2º.- Consta autorización do Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 29.09.2021, en virtude do Decreto de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e Acordo de Delegación de Competencias da Xunta de Goberno Local nos Concelleiros Delegados de Área de data 20 de xuño de 2019, órgano de contratación conforme ó previsto na Disposición Adicional 2ª da LCSP.

3º.- Consta audiencia dos redactores do proxecto, sen que formulara, en data 07.04.2022, consideracións ao mesmo. (Trámites 519, 547 e 548 do expediente dixital).

4º.- Consta o trámite de audiencia ao contratista sobre a modificación e os novos prezos e a conformidade deste, en data 01.04.2022, respecto á modificación e aos prezos das novas unidades de obra no proxecto modificado.(Trámites 520, 545 e 546 do expediente dixital).

5º.- Consta informe favorable de supervisión do proxectos, realizado pola Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 07.04.2022.

6º.- Non é preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia (artigo 191.3.b da LCSP).

7º.- Tal e como indica o informe da Dirección facultativa a modificación respecta tanto o previsto no artigo 204 como no artigo 205 da LCSP.

8º.- Con carácter previo a súa aprobación polo órgano de contratación debe emitirse:

- Informe da Asesoría Xurídica Municipal
- Informe de Fiscalización da Intervención Xeral

9º.- Unha vez aprobado o mesmo:

- Debe ser formalizado.
- Debe reaxustarse a garantía definitiva ao producirse variación no prezo no prazo de 15 días dende a notificación do acordo de modificación (artigo 109.3 d LCSP)
- Deberá facerse pública a información da modificación (artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e artigo 203.3 da LCSP)

**X.-** Procede elevar, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a citada proposta á Xunta de de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda da LCSP:

## PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1º.- Aprobar o proxecto modificado nº 1 das obras de “**INSTALACIÓN DUN ASCENSOR ENTRE A PRAZA DA ESTACIÓN E A RÚA URZAIZ**” redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Xacobe Paz Salgado e polo Enxeñeira Industrial Begoña Arránz González, o que supón unha importe líquido de **76.851,31 € (19,86%)**, supoñendo un 16,60% (64.220,00 €) de modificación por causas xustificadas contempladas no artigo 204 da LCSP, e un 3,26% (12.631,31 €) de modificación por causas xustificadas contempladas no artigo 205 da LCSP.

2º.- Autorizar a ampliación do prazo da obra en 2,5 MESES.

3º.- Autorizar a o gasto, con cargo á partida orzamentaria 1532.609.0063, pola diferenza entre o gasto autorizado estimado para a continuidade provisional das obras do modificado nº1 por importe de 33.274,66 euros (documento contable AD nº 202100095762) e o gasto líquido adicional resultante do modificado nº1 por importe de 76.851,31 euros, ascendendo dita diferenza a un total de 43.576,65 euros ó alza.

4º.- Proceder ao reaxuste da garantía definitiva con carácter previo á formalización do contrato.

5º.- Instar á mercantil PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678), adxudicataria do contrato de obra, á formalización do modificado do mesmo no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende o seguinte ao da recepción da notificación da presente resolución, nos termos do artigo 153 da LCSP, debendo acreditarse con carácter previo á formalización o reaxuste da garantía nos termos do apartado anterior.

6º.- Remitir ao Consello de Contas a modificación do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(452).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO, DAS OBRAS DE “IMPLANTACIÓN DE ASCENSOR ENTRE TRAVESÍA DE VIGO Nº 160 E ARAGÓN Nº 209”. EXPTE. 1184/441.**

Visto o informe xurídico do 26/05/2022 e o informe de fiscalización do 01/06/2022, dáse conta do informe-proposta do 09/05/2022, asinado pola técnica de xestión, o





## Concello de Vigo

xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 23.03.2021 resolveu o autorizar o gasto para a redacción do proxecto de “Implantación de ascensor entre Travesía de Vigo nº 160 e Aragón nº 209 no Concello de Vigo”, a prol da empresa Soltec Ingenieros.

II.- A devandita empresa presenta proxecto de “Implantación de ascensor entre Travesía de Vigo nº 160 e Aragón nº 209”, redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Daniel Prieto Renda, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS VINTE E UN MIL CENTO OITENTA E NOVE EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (721.189,69 €).

III.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 07.01.2022, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de datas 21 e 24 de xaneiro de 2022, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 28.01.2022 aprobou o proxecto de obras de “IMPLANTACIÓN DE ASCENSOR ENTRE TRAVESÍA DE VIGO Nº 160 E ARAGÓN Nº 209”, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS VINTE E UN MIL CENTO OITENTA E NOVE EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (721.189,69 €), de data xullo de 2021 e sinatura dixital de data 22.12.21. (Expte. 5135-443).

IV.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 28.01.2022 que se corresponde co expediente administrativo 5.135-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Daniel Prieto Renda, de data xullo de 2021.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de data 8 de marzo de 2022.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 9 de marzo de 2022.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 18 de abril de 2022.
- E) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 19 de abril de 2022.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos en data 22 de abril de 2022.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 22,24 e 25 de abril de 2022.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 9 de maio de 2022.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 9 de maio de 2022.

### II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adjudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 07.01.2022) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **“IMPLANTACIÓN DE ASCENSOR ENTRE TRAVESÍA DE VIGO Nº 160 E ARAGÓN Nº 209”**, redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Daniel Prieto Renda.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 9 de maio de 2022.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **SETECENTOS VINTE E UN MIL CENTO OITENTA E NOVE EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (721.189,69 €)**, sendo o importe corresponde ao IVE de 125.165,15 €.



## Concello de Vigo

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1539.609.00.64 "Vigo Vertical, accesibilidade T. de Vigo\_Aragón", provinte da modificación orzamentaria nº12/2022 - Crédito extraordinario e Suplemento de crédito financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais- (expediente 74/142), segundo a distribución de anualidades proposta:

2022	721.189,69 €
------	--------------

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **18(453).- BASES ESPECÍFICAS DOS PROCESOS SELECTIVOS DE ESTABILIZACIÓN PARA A EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2022 DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO CORRESPONDENTE A PRAZAS ESTRUTURAIS INCURSAS NAS DISPOSICIÓNS ADICIONAIS SEXTA E OITAVA DA LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO. EXPTE. 636/406.**

Visto o informe de fiscalización do 11/05/2022, dáse conta proposta do Secretario da Xerencia de Urbanismo tratada no Consello da Xerencia de Urbanismo de data 24/05/2022, que di o seguinte:

Lexislación aplicable.

CE. Constitución Española 1978.

LMURTEP. Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

EE.XMU. Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo. (BOP 6.10.2010)

Antecedentes. En data 11.05.2022 a Intervención xeral, mediante informe, fiscaliza favorablemente a proposta de acordo que consta no Expediente. Mantendo idéntica a parte dispositiva da mesma, con excepción do contido da Cláusula Terceira das distintas Bases e dos Anexos I de cada unha delas, procede concretar a súa xustificación xurídica.

### Informe-Proposta

I. A LMURTEP amplía os procesos de estabilización de emprego como medida complementaria inmediata para paliar a anómala situación de temporalidade existente nas distintas Administracións Públicas, neste sentido a disposición adicional sexta prevé que as Administracións Públicas convoquen, con carácter excepcional, polo sistema de concurso, aquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1 (prazas estruturais e con dotación orzamentaria) estiveran ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade o 1 de xaneiro de 2016; advirte que estes procesos, conforme doutrina fixada polo Tribunal Constitucional (STC 12/1999, de 11 de febreiro de 1999) realizaranse por unha soa vez.

A disposición adicional outorga amparo normativo o concepto xurisprudencial de interinidade de longa duración superior a cinco anos.

A disposición adicional oitava sinala que os procesos de estabilización contidos na disposición adicional sexta incluírán nas súas convocatorias as prazas vacantes de natureza estrutural ocupadas de forma temporal por persoal con unha relación, desta natureza, anterior o 1 de xaneiro de 2016.

II. Conforme a tales parámetros a Xunta de Goberno Local, en data 1.04.2022, aprobou a Oferta de Emprego Público correspondente a prazas estruturais da XMU incursas nas Disposicións adicionais sexta e oitava da LMURTEP especificando escalas e subescalas, o número de prazas para cada unha delas e o concurso como sistema de selección. As prazas que integran tal OEP son:

Nº	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Clase	Quenda
5	Téc. Admón. Xeral	A1	Admón. Xeral	Técnica	Superior	Libre
1	Aux. Advo.	C2	Admón. Xeral	Aux. Advo.		Libre
2	Arquitecto	A1	Admón. Esp.	Técnica	Superior	Libre
1	Enx. Sup. Ind.	A1	Admón. Esp.	Técnica	Superior	Libre

III. O 7.04.2022 a Vicepresidencia da XMU dita Resolución incoando expediente para a aprobación da convocatoria e bases reitoras dos procesos selectivos (concursos) destinados á execución da OEP designando instrutor o secretario da XMU.

IV. O acordo de aprobación da OEP foi publicado no BOP de Pontevedra nº 72 de 13 abril.

V. O artigo 2.2.da LMURTEP sinala que a publicación das convocatorias dos procesos selectivos producirase antes do 31.12.2022.

VI. O artigo 2.4 da LMURTEP indica que a articulación destes procesos garantirán os principios de libre concorrencia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade e que poderán ser obxecto de negociación nos ámbitos das distintas Administracións.

VII. As Bases que se achegan foron negociadas coa Mesa de Negociación da XMU en reunións de data 22 e 29 de abril.

VIII. En data 11.12.2019, a Comisión Técnica de Temporalidade e Emprego dependente da Mesa Xeral de Negociación asinou acordo Administración do Estado/Sindicatos para o desenvolvemento dos procesos de estabilización de emprego temporal previstos nos artigos 19. Un. 6 da Lei 3/2017 e 19. Un. 9 da Lei 6/2018; o acordo advirte que na fase de concurso os “Méritos Profesionais” valoraranse co 90 % da puntuación total de tal fase; o apartado Segundo, parágrafo cuarto, indica, “*na fase de concurso estableceranse criterios de valoración que teñan en conta, preferentemente os servizos prestados na Administración convocante*”. O acordo foi ratificado pola Mesa Xeral de Negociación en data 25.02.2020. O fío de tal Acordo e con tales condicionantes ditouse Resolución de 26 de maio de 2021, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se convocan procesos selectivos para estabilización de emprego temporal na Administración Xeral do Estado que afectan -Anexos III, VI e XI- a 1.425 prazas (BOE 28.05.2021).



## Concello de Vigo

IX. O feito de que o Acordo Administración do Estado/Sindicatos refírase o concurso-oposición como procedemento de selección non impide que as características da fase de concurso sexan aplicadas o concurso como procedemento de selección.

X. Pode subxacer a idea da imposibilidade legal (Dereito de Igualdade, artigos 14 e 23.2 CE) de diferenciar aos aspirantes en función da Administración na que teñen adquirido a experiencia profesional entendendo que o esencial é a experiencia na escala, subescala, clase ou categoría de que se trate sen considerar onde se ten adquirido.

A reflexión exposta resulta congruente ante un procedemento normal u ordinario de ingreso na función pública. Non é o caso.

A finalidade da Lei 20/2021 é racionalizar unha situación estrutural anómala cal é a existencia dunha elevada taxa de temporalidade no emprego público que a mesma Lei cuantifica nun 30 %, provocada, na súa maior parte, polos criterios restritivos para a dotación de prazas de novo ingreso de persoal o servizo das Administracións Públicas no marco das directrices orzamentarias de contención do gasto público, o que ten ocasionado a necesidade de provisión temporal de determinadas prazas (nomeamentos interinos) ata a súa cobertura efectiva; para tal racionalización a Lei contempla que as distintas Administracións, previa identificación das prazas incursas na súa organización nos supostos que describe (artigo 2.1 e disposicións adicionais sexta e oitava), convoquen *procesos de estabilización de emprego temporal* nun determinado prazo.

Mais aló da estabilización de prazas de carácter estrutural a "*estabilización de emprego temporal*" refírese a unha relación xurídica de carácter laboral/funcionarial (emprego) na que existen dous suxeitos: o empregador -unha Administración Pública-, e unha persoa, o empregado público (interino ou laboral temporal); o término "temporal" é unha circunstancia desa relación xurídica. O obxectivo da Lei -disposición adicional novena *in fine*-, é "*lograr reducir a temporalidade*" que, segundo o Preámbulo, "*prexudica directamente o propio persoal interino ou temporal que leva moito tempo desempeñando as súas funcións e que desexa, como é lóxico, a estabilidade profesional*".

Baixo estas premisas e seguindo a estela da Resolución de 26 de maio de 2021 da Secretaría de Estado de Función Pública (BOE 28.05.2021) se teñen redactado as Bases; certo que o acceso á función pública, artigo 23.2 CE, debe materializarse observando condicións de igualdade, agora ben, o mesmo precepto advirte, "*cos requisitos que sinalen as leis*"; neste caso os requisitos da Lei 20/2021, é dicir, os seus obxectivos.

Nada en Dereito impide que ante situacións excepcionais adóptense, aínda que sexa por unha soa vez, solucións excepcionais, máxime cando atópanse expresamente previstas nunha norma on rango de lei; cabe lembrar que a disposición adicional sexta sinala, "As Administracións Públicas, convocarán con carácter excepcional .... , polo sistema de concurso, aquelas prazas que, ... estiveran ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade o 1 de xaneiro de 2016. *Estes procesos, ... realizaranse por unha sóa vez ...*"

Respecto os *tratamentos excepcionais* é sabido que o TC admitiu a posibilidade dun acceso especial para contratados e interinos cunha dimensión temporal restrinxida a un número limitado de convocatorias (STC 67/1989). Así, o Alto Tribunal confirmou a posibilidade dunha valoración exclusiva e preferente dos servizos prestados na Administración convocante, entendendo o razoable e proporcionado desta medida, considerando a finalidade perseguida de consolidar e ordear estruturas emerxentes de persoal propio de forma estable e normalizada. É imprescindible facer notar, con todo, que estas convocatorias responderon no seu día a conxunturas moi concretas de intento de racionalización de estruturas administrativas pendentes dunha ordenación definitiva, e que,

lógicamente, non se corresponden co que debe ser un ingreso normal ou ordinario; agora (Preámbulo da Lei) trátase de cumprir co fito contido no Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia, así como cumprir co compromiso coa Comisión Europea de aprobar as reformas estruturais no ámbito do emprego público.

Seguindo a STC 67/1989, FX 3 parágrafo cuarto, *in fine*, desde a perspectiva da igualdade, a valoración constitucional das Bases (no noso caso, a súa adecuación á legalidade) debe poñerse en relación coa finalidade que persiguen e a proporcionalidade entre esa finalidade e o medio diferenciador utilizado.

Debe reiterarse. A finalidade das Bases e da Lei (redución da temporalidade, estabilización, reforma estrutural) conéctase ás especiais circunstancias creadas polos criterios restritivos para a dotación de prazas de novo ingreso de persoal o servizo da Xerencia Municipal de Urbanismo no marco das directrices orzamentarias de contención do gasto público (tasas de reposición cero dos exercicios 2012 o 2015) o que ocasionou a necesidade de provisión temporal de determinadas prazas e a existencia dun número excesivo de funcionarios (interinos) en situación precaria o que incide indirectamente na eficacia desta Administración Institucional.

Seguindo a STC 67/1989; FX 3, parágrafo sexto, enténdese que considerar como maior mérito o desempeño de servizos efectivos na Administración convocante (XMU) non pode estimarse como unha medida desproporcionada, arbitraria ou irrazonable en relación ás finalidades perseguidas, e aínda que efectivamente establece unha desigualdade, esta ven imposta en atención a un interese público lexítimo (redución do emprego temporal) e non responde o propósito de excluír a ninguén da posibilidade efectiva de acceso á función pública da XMU. Cabe dicir, por iso, con palabras da STC 137/1986, que, «*trátase dun sistema de selección aberto, con concorrencia de toda clase de persoas, onde o único que se leva a cabo é a valoración dun posible mérito, que debe considerarse como o recoñecemento dunha experiencia. Iso por sí só non é de ningún xeito contrario aos preceptos da Constitución*»

XI. En similar sentido cabe mencionar a STC 12/1999 de 11 de febreiro, FX 3, “*Non cabe excluír que, en determinados casos excepcionais, a diferenza de trato establecida na Lei en favor duns e en prexuízo doutros poida considerarse como razoable, proporcionada e non arbitraria aos efectos da desigualdade de trato que establece, sempre que dita diferenciación demóstrase como un medio excepcional para resolver unha situación tamén excepcional, expresamente prevista nunha norma con rango de lei e co obxecto de alcanzar una finalidade constitucionalmente lexítima, entre as que se integra tamén a propia eficacia da Administración*”.

XII. Tamén existen outras razóns obxectivas na diferenciación contemplada nas Bases.

A STS 2186/2019 do 24.06.2019 (rec. 1776/2016) admite unha valoración distinta en función da Administración na que se teñen prestados os servizos, diferenciando a Administración Local da Autonómica e, en boa lóxica, da Administración xeral do Estado; no FX Cuarto 2º a Sala expresa o seguinte xuízo, “*Non parece arbitrario puntuar de forma distinta a experiencia según se teña adquirido na mesma administración á que pertence a praza ou noutra. Poidendo existir puntos en común, non se trata do mesmo contexto organizativo e funcional e non coinciden, en principio, as competencias e funcións e a normativa a aplicar*”.

Con maior motivo e fundamento a distinción na puntuación -aínda que falemos de servizos prestados na mesma Escala e Subescala- ten razón de ser na Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, unha Administración Pública instrumental diferenciada (Organismo Autónomo) e especializada na xestión organizativa e funcional do servizo público urbanístico. O artigo 2.1 dos Estatutos da XMU



**Concello de Vigo**

sinalan, “*Constitúe o obxecto e a finalidade da Xerencia Municipal de Urbanismo, a xestión e execución, en réxime de descentralización funcional, das competencias atribuídas ó Concello en materia urbanística*”. Non é discutible que o coñecemento, en definitiva, a experiencia do traballo desenvolvido na sempre complexa materia urbanística, deba significar un mérito a considerar.

XIII. Seguindo os parámetros do Acordo Administración do Estado/Sindicatos para o desenvolvemento dos procesos de estabilización de emprego temporal asinado en data 11.12.2019, orientativamente a valoración de méritos sinalados nos Anexos III, VI e XI (apartados 4.2.2.) da Resolución de 26 de maio de 2021, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se convocan procesos selectivos para estabilización de emprego temporal na Administración Xeral do Estado e a normativa aplicable (Lei 7/1985, de 2 de abril; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo; Lei Autonómica 2/2015, de 19 de abril; Lei 39/2015, de 1 de outubro; Lei 40/2015, de 1 de outubro; Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro e Lei 20/2021, de 28 de decembro) formúlase á XGL, previa conformidade do Consello da XMU, a seguinte,

### **PROPOSTA DE ACORDO**

PRIMEIRO. Aprobar, segundo *Anexos I, II, III e IV* transcritos a esta proposta, as Bases reguladoras específicas dos procesos selectivos destinados á execución da Oferta de Emprego Público da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, anualidade 2022, correspondente a prazas estruturais da XMU desempeñadas por persoal con vinculación temporal incursas nos supostos das Disposicións adicionais sexta e oitava da LMURTEP.

SEGUNDO. Convocar as prazas mencionadas procedendo á publicación íntegra das Bases no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro Electrónico da Sede Electrónica do Concello de Vigo. O anuncio da convocatoria no BOE (extracto) sinalará o BOP no que se teñen publicado as Bases e determinará o inicio de prazo de presentación de solicitudes.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ANEXO I**

BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA EXCEPCIONAL DO CONCURSO LIBRE DE MÉRITOS PARA ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL E INGRESO EN CINCO PRAZAS ESTRUCTURAIAS VACANTES DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO PERTENCENTES Á **ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA TÉCNICA** INCURSAS NOS SUPOSTOS DAS DISPOSICIÓNS ADICIONAIS SEXTA E OITAVA DA LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO. (ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN).

**PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria. Normativa aplicable.**

1. En execución do proceso de estabilización de emprego temporal previsto nas Disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, as presentes Bases regulan a convocatoria excepcional e única do concurso libre de méritos para o ingreso e acceso a cinco prazas estruturais e vacantes existentes no Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo que ben se atopan ocupadas de forma temporal e ininterrompida desde data anterior o 1 de xaneiro de 2016 ou ben se atopan ocupadas de forma temporal por persoal con unha relación, desta natureza, anterior o 1 de xaneiro de 2016; as prazas, pertencentes o Grupo A, Subgrupo A1 encádranse na Escala de Administración xeral, Subescala Técnica (TAX).

As prazas se atopan incluídas na Oferta de Emprego Público extraordinaria de estabilización aprobada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión de data 1 de abril de 2022 publicada no BOP de Pontevedra nº 72 de 13 abril.

As Bases foron sometidas o coñecemento da Mesa de Negociación da Xerencia Municipal de Urbanismo en reunión de data 29 de abril de 2022.

2. Son, entre outras, tarefas propias da praza de Técnico de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo as seguintes: Realización de tarefas de xestión, estudo e proposta de carácter administrativo de nivel superior.

3. O procedemento de selección réxese polas presentes Bases, no non previsto nelas aplicarase o disposto na Lei 20/2021, de 28 de decembro; no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro; no Regulamento xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo; na Lei 2/2015, de 19 de abril, do Empregado Público de Galicia e na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

No procedemento aplicarase a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

No proceso selectivo coidarase especialmente a aplicación do Plan de Igualdade aprobado polo Pleno do Concello de Vigo en sesión de data 15 de setembro de 2021.

4. As presentes Bases publicaranse íntegramente no BOP de Pontevedra e no Taboleiro Electrónico da Sede Electrónica do Concello de Vigo (Expedientes en exposición pública) <https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/ofertas.jsp> O anuncio da convocatoria no BOE sinalará o BOP no que se teñen publicado as Bases e determinará o inicio de prazo de presentación de solicitudes.

Os sucesivos anuncios derivados do desenvolvemento da convocatoria publicaranse na mesma dirección.

## **SEGUNDA. Requisitos dos aspirantes.**

As persoas interesadas en participar no concurso de estabilización de emprego temporal reunirán, na data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión, ou en condicións de obter na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, o título universitario oficial de Licenciado en Dereito ou en Ciencias Políticas e da Administración, Licenciado en Economía, Licenciado en Administración e Dirección de Empresas,





## Concello de Vigo

Licenciado en Ciencias Actuariais e Financeiras, Licenciado en Investigación e Técnicas de Mercado ou dos títulos de Grado correspondentes, verificados polo Consello de Universidades a través do cauce procedemental previsto no Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, modificado polo Real Decreto 861/2010, de 2 de xullo e o Real Decreto 43/2015, de 2 de febreiro.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente convalidación ou da credencial que acredite a homologación.

b) Ter a nacionalidade española ou cumprir os requisitos establecidos no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público, no suposto de acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados.

c) Poseer a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

d) Ter cumpridos dezaséis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos Organismos Constitucionais ou Estatutarios das Comunidades Autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso o emorego público.

f) Acreditar o coñecemento da lingua galega mediante a posesión do Título CELGA 4 ou equivalente homologado segundo o disposto na Orde 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega. O/a aspirante que, consecuencia do proceso de selección, obtivera praza e non acreditara a posesión do Título mencionado participará no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

### **TERCEIRA. Solicitudes de inscripción. Prazo de presentación. Documentación.**

1. Solicitudes de inscripción. Cumprimentaranse electrónicamente a través da URL: <https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/ofertas.jsp> achegando a documentación esixida nas bases sendo necesario identificarse por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na Sede Electrónica, que pódense consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp> tras a cumprimentación esixida a aplicación informática xerará o documento sinalado no Anexo I.

A inscripción por esta vía permitirá:

- A inscripción en liña.
- Anexar documentos á inscripción.
- O rexistro electrónico da inscripción.

As solicitudes de inscripción en soporte papel efectuaranse mediante cumprimentación electrónica <https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/ofertas.jsp> e a súa posterior presentación no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2. Prazo de presentación das solicitudes de inscrición: 20 días hábiles contados a partir do seguinte no que apareza a publicación do anuncio de convocatoria no “Boletín Oficial del Estado”.

3. As solicitudes de inscrición, en todo caso, acompañaranse da seguinte documentación:

- Copia do Documento Nacional de Identidade (DNI) ou pasaporte, no seu defecto.
- Copia da titulación esixida nas presentes Bases ou documento acreditativo do abono das taxas para a expedición do mesmo. No caso de titulacións obtidas no extranxeiro aportarase a documentación acreditativa da súa homologación ou convalidación.
- Copia do Título CELGA 4 acreditativo do coñecemento da lingua galega.
- Índice e copia da documentación achegada para o concurso de méritos.

#### **CUARTA. Admisión de aspirantes.**

1. Concluído o prazo de presentación de solicitudes a Vicepresidencia da XMU, mediante Resolución, aprobará o listado provisional de aspirantes admitidos e excluídos, neste suposto especificarase a causa de exclusión. Contra a Resolución poderase presentar reclamación no prazo dos 10 días seguintes; as reclamacións, se as houbera, serán resoltas na Resolución da Vicepresidencia na que se aproben as listas definitivas que será obxecto de publicación na páxina web municipal, no Taboleiro Electrónico de Edictos e na Intranet. Os aspirantes que no prazo sinalado no subsanaran o defecto que motivou a súa exclusión ou no presentaren reclamación xustificando o seu dereito de inclusión na relación de admitidos serán excluídos do proceso. É insubsanable a presentación da solicitude fora do prazo e o incumprimento dos requisitos esixidos para tomar parte no Concurso.

2. No suposto de non presentarse reclamacións o listado provisional entenderase definitivo; esta circunstancia farase constar na Resolución de aprobación do listado provisional.

3. Na mesma Resolución na que se faga pública a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos constará:

- Composición do Tribunal.
- Lugar, data e hora de constitución do Tribunal para a valoración dos méritos.

Contra a Resolución poderase interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, a partir do día seguinte o de súa publicación no Taboleiro Electrónico, ou recurso Contencioso-Administrativo no prazo de dous, a partir do día seguinte á publicación.

#### **QUINTA. Tribunal cualificador.**

1. Integrarase por cinco membros; designarse o mesmo número de membros suplentes. A súa composición será a seguinte:

Presidencia: Designada pola Vicepresidencia da XMU entre persoal funcionario de carreira da XMU.

Vocalías: Tres vogais, designados pola Vicepresidencia da XMU entre persoal funcionario de carreira da XMU, ou da Administración municipal do Concello de Vigo.

Secretaría: Designada pola Vicepresidencia da XMU entre persoal funcionario de carreira da XMU.



## Concello de Vigo

A composición do Tribunal será predominantemente técnica, os seus membros posuirán unha titulación igual o superior á das prazas convocadas. As designacións axustaranse ao principio de composición equilibrada de mulleres e homes.

Para a válida constitución do Tribunal a efectos da celebración de sesións, deliberacións e adopción de acordos, requirirase a presenza da Presidencia, da Secretaría, e, alo menos, un vogal. Na sesión constitutiva o Tribunal poderá acordar que os membros titulares e suplentes de actúen indistintamente.

2. O réxime xurídico aplicable o Tribunal axustarase ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, de 1 de outubro; os seus membros absteranse de formar parte da mesma cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da norma citada. Os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015

3. O Tribunal queda facultado para resolver por maioría de votos dos membros asistentes as dúbidas que poideran xurdir na aplicación destas Bases e para adoptar os acordos necesarios para a boa orde do procedemento. En caso de empate decidirá o voto da Presidencia.

4. O Tribunal poderá requirir dos concursantes, en calquera momento do procedemento a documentación acreditativa dos requisitos esixidos na convocatoria. O Tribunal recabará dos interesados as aclaracións ou a achega da documentación adicional que considere necesaria para a comprobación dos méritos alegados.

5. Contra os actos de trámite do Tribunal que decidan directa o indirectamente sobre o fondo do asunto, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable aos dereitos e intereses lexítimos e que non poñan fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a Vicepresidencia da XMU.

Contra os demais actos de trámite os interesados poderán presentar ante o Tribunal as alegacións, reclamacións e/ou subsanacións de documentación que estimen pertinente no prazo de dez días a contar desde o seguinte á data da publicación.

6. O Tribunal terá a categoría que corresponda á Escala e Subescala convocada conforme o disposto no artigo 30 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

### **SEXTA. Sistema de selección. Valoración.**

1. O sistema selectivo será o de concurso de méritos que consistirá na valoración dos méritos acreditados polas persoas aspirantes conforme o seguinte baremo:

**Puntuación máxima: 60,00 puntos.**

#### **a) Experiencia profesional.**

1. Máximo **54,00 puntos**. Valoraranse os servizos efectivos prestados ata a data de publicación no BOE desta convocatoria conforme o seguinte baremo:

a) Servizos efectivos prestados en prazas da Escala de Administración Xeral; Subescala Técnica do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo: 0,450 puntos mes completo; máximo 54,00 puntos.

b) Servizos efectivos prestados en prazas da Escala de Administración Xeral; Subescala Técnica da Administración Municipal do Concello de Vigo: 0,286 puntos mes completo; máximo 34,40 puntos.

c) Servizos efectivos prestados na Escala de Administración Xeral e na Subescala inmediatamente inferior do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo (Subescala De Xestión): 0,180 puntos mes completo; máximo 21,60 puntos. No suposto de servizos efectivos prestados na subescala Administrativa: 0,090 puntos mes completo, máximo 10,80 puntos; no suposto de servizos efectivos na subescala Auxiliar Administrativa: 0,045 mes completo, máximo 5,40 puntos; no suposto de servizos efectivos na subescala Subalterna 0,0225 mes completo, máximo 2,70 puntos.

d) Servizos efectivos prestados na Escala de Administración Xeral e na Subescala inmediatamente inferior do Concello de Vigo (Subescala De Xestión): 0,135 puntos mes completo; máximo 16,20 puntos. No suposto de servizos efectivos prestados na subescala Administrativa, 0,065 mes completo, máximo 8,10 puntos; no suposto de servizos efectivos na subescala Auxiliar Administrativa, 0,3375 mes completo, máximo 4,05 puntos; no suposto de servizos prestados na subescala Subalterna 0,016875 puntos mes completo, máximo 2,025 puntos.

e) Servizos efectivos prestados en Corpos, Escalas ou Subescalas doutras Administracións Públicas territoriais análogos á Escala de Administración Xeral do réxime local e adscritos o subgrupo de titulación A1: 0,090 puntos mes completo, máximo 10,80 puntos; no subgrupo de titulación A2: 0,045 puntos mes completo, máximo 5,40 puntos; no subgrupo de titulación C1 0,0225 mes completo, máximo, 2,70 puntos; no subgrupo de titulación C2 0,01125 mes completo, máximo 1,35 puntos.

f) Servizos efectivos prestados en Corpos, Escalas ou Subescalas de órganos constitucionais e no resto do sector público análogos á Escala de Administración Xeral do réxime local e adscritos o subgrupo de titulación A1: 0,045 puntos mes completo, máximo 5,40 puntos; no subgrupo A2: 0,0225 mes completo; máximo 2,70 puntos; no subgrupo C1 0,01125 mes completo, máximo 1,35 puntos.

g) Servizos efectivos prestados por conta allea na empresa privada ou por conta propia en calidade de traballador autónomo desenvolvendo traballos de contido análogo o das prazas obxecto de selección (realización de tarefas de xestión, estudo e proposta de de nivel superior): 0,045 puntos mes completo; máximo 5,40 puntos.

Non computarán os servizos prestados en réxime de persoal eventual, os prestados en asignación de funcións ou asignación de tarefas nin en comisión de servizos voluntaria por persoal procedente doutras Administracións Públicas; neste suposto computaranse os servizos como prestados na Administración de orixe.

2. Acreditación dos servizos prestados na Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo ou no Concello de Vigo:

Informe emitido, previa petición polos interesados, conforme o Anexo II destas Bases pola persoa responsable do Servizo de Asuntos Xerais da XMU (ou funcionario no que delegue) ou pola persoa responsable da Área de Recursos Humanos do Concello de Vigo (ou funcionario no que delegue).

3. Acreditación dos servizos prestados noutras Administracións Públicas ou entes do sector público:

Certificación expedida pola unidade competente da Administración correspondente.

4. Acreditación dos servizos prestados por conta allea na empresa privada ou por conta propia en calidade de traballador autónomo.

Os servizos prestados por conta allea en empresas privadas acreditarase coa presentación de:

1º. Copia do contrato de traballo onde conste a categoría profesional.

2º. Informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social no que consten tales períodos.



## Concello de Vigo

Os servizos prestados por conta propia en calidade de traballador autónomo acreditaranse coa presentación da seguinte documentación:

- 1º. Alta no epígrafe correspondente do Imposto de Actividades Económicas.
- 2º. Informe da vida laboral emitido polo órgano competentes da Seguridade Social.

### **b) Méritos académicos.**

Máximo **6,00 puntos**.

#### **1. Cursos de formación: Máximo 3,00 puntos.**

1. a) Valoraranse un máximo de dez cursos de formación recibidos ou impartidos, nos dez anos anteriores á data de publicación desta convocatoria nos BOE cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da Escala de Administración Xeral; Subescala Técnica convocados, impartidos ou homologados pola Escola Galega de Administración Pública; polo o Instituto Nacional de Administración Pública, por outros institutos das Administracións Públicas ou por organizacións sindicais ou outros axentes promotores no marco do Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas de 9 de marzo de 2018 ou dos Plans de Formación Continua do persoal das Administracións Públicas.

Valoraranse os cursos que versen sobre materias de carácter transversal (igualdade de xenro, transparencia, prevención de riscos laborais, procedemento administrativo común, informática)

Non se valorarán os cursos nos que no xustificante da súa acreditación (título, diploma ou similar) non conste as datas de realización nin as horas de duración. Non valoraranse os cursos inferiores a 15 horas lectivas, os pertencentes a unha carreira universitaria, os de doutorado, os derivados de procesos selectivos, os relativos a xornadas, seminarios, simposios e similares.

A valoración dos cursos se realizarase conforme á seguinte escala:

Mais de 100 horas.....	0,60 puntos.
De 81 a 100 horas.....	0,50 puntos.
De 61 a 80 horas.....	0,40 puntos.
De 41 a 60 horas.....	0,30 puntos.
De 25 a 40 horas.....	0,20 puntos.
De 15 a 24 horas.....	0,10 puntos.

1.b) Valoraranse os cursos de linguaxe administrativa do idioma galego impartidos por entidades ou institucións públicas conforme a seguinte escala:

Nivel superior: 0,60 puntos.

Nivel medio: 0,30 puntos.

Acreditación de méritos de Formación:

Mediante copia simple dos títulos, diplomas ou certificación de superación dos cursos.

**2. Outros méritos: Máximo 3,00 puntos.** Valorarase ter superado algún dos exercicios exisidos para o acceso á Escala de Administración xeral, Subescala Técnica da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, quenda libre, nas tres últimas convocatorias, ou estar en posesión dalgunha

titulación académica superior á esixida na Base Segunda a) destas Bases o día de publicación da presente convocatoria no BOE. Esta valoración realizarase conforme a seguinte puntuación:

a) Valorarase con 3,00 puntos ter superado algún dos exercicios exixidos para o acceso á Escala de Administración xeral, Subescala Técnica da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, quenda libre, oposición, nas tres últimas convocatorias.

Acreditación. A superación dos exercicios acreditarase mediante Informe (Anexo III) da persoa responsable dos Servizos Centrais da XMU emitido a solicitude do aspirante.

b) Valorarase con un máximo de 1,50 puntos a posesión dos seguintes títulos

Titulación universitaria de Doutor, con programa de doutorado relacionado coa titulación esixida para participar no procedemento de selección: 1,50 puntos

Diploma de Técnico Urbanista ou Máster Universitario Urbanístico de Estudos Territoriais expedido polo Instituto Nacional de Administración Pública, ou entidade pública equivalente: 1,00 puntos.

Outra titulación universitaria non aportada como requisito: 0,80 puntos.

Acreditación: Mediante aportación do título, diploma ou resgardo de ter satisfeito os dereitos para a súa expedición, ou mediante certificación expedida pola Secretaría da Universidade ou Administración Pública correspondente.

#### **SÉTIMA. Listado de aprobados.**

Concluída a valoración de méritos o Tribunal publicará no Taboleiro Electrónico Municipal a relación de aspirantes na orde de puntuación alcanzada e elevará o órgano competente a proposta de nomeamento dos aspirantes seleccionados en número non superior o de prazas convocadas.

En caso de empate na puntuación terá preferencia os aspirantes vinculados co Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo mediante unha relación funcional de carácter temporal, de persistir empate terá preferencia o/a aspirante con maior puntuación no apartado a) Experiencia profesional, na seguinte orde: 1 a) ; 1.b); 1.c) e 1.d).

#### **OITAVA. Presentación de documentación.**

No prazo de vinte días naturais a contar desde o seguinte a aquel no que se faga pública a lista das puntuacións obtidas os aspirantes seleccionados presentarán nos Servizos Centrais da XMU os seguintes documentos:

a) Declaración xurada ou promesa de non haber sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública, ni hallarse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.

b) Documentación acreditativa do cumprimento dos restantes requisitos exixidos na convocatoria.

Quenes dentro del prazo fixado, e salvo caso de forza maior, non presentasen a documentación, ou do exame da mesma se dedujese que carece de algún dos requisitos sinlados nas Bases, non poderán ser



## Concello de Vigo

nomeados/as funcionarios/as, quedando anuladas as actuacións sin perjuicio da responsabilidade que proceda.

### **NOVENA. Adxudicación de destinos. Bolsa de interinos.**

A adxudicación de postos de traballo aos/as funcionarios/as de novo ingreso efectuarase de acordo cas peticións dos/as interesados/as entre os postos ofertados aos mesmos, segundo a orde obtida no proceso selectivo.

Con carácter previo á adxudicación de destinos, o persoal seleccionado será sometido a recoñecemento médico, aos efectos de non padecer enfermidade que lle impida desempeñar o posto de traballo correspondente.

As persoas relacionadas co Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo mediante unha relación funcional de carácter temporal e que, habendo participado no proceso selectivo non o superaran, integraranse nunha bolsa de persoal funcionario interino da Escala de Administración xeral, Subescala Técnica, sempre e cando a puntuación obtida no concurso sexa superior a 34,00 puntos.

### **DÉCIMA. Datos de carácter persoal.**

A participación no proceso selectivo implica o consentemento para que os datos persoais aportados sexan obxecto de publicación a través da súa inserción no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro Electrónico do Concello e na páxina web municipal cando así o requera a tramitación do procedemento.

### **UNDÉCIMA. Recursos**

Contra a presente convocatoria poderase interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo do mes seguinte o día da súa publicación no BOP ou recurso contencioso administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da Cidade de Vigo, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. No caso de interpoñer recurso de reposición non poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se haxa producido a desestimación presunta do mesmo.

## **ANEXO I**

**CONCURSO DE MÉRITOS PARA ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL (LEI 20/2021). CINCO PRAZAS DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA TÉCNICA DA XMU DO CONCELLO DE VIGO .**

D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_  
con DNI \_\_\_\_\_ e domicilio en, \_\_\_\_\_, rúa \_\_\_\_\_, C.P. \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_ e correo electrónico \_\_\_\_\_

EXPOÑO

Que segundo convocatoria inserta no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. \_\_\_\_\_, de data \_\_\_\_\_ reúno os requisitos esixidos na Base Segunda das Bases Reguladoras do concurso convocado para estabilización do emprego temporal de cinco prazas estruturais da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo da **ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA TÉCNICA**

Acepto na súa totalidade e me someto as Bases Reguladoras do concurso.

Adxunto a documentación sinalada na Base Terceira. 3:

(i) Copia do Documento Nacional de Identidade (DNI) ou pasaporte, no seu defecto.

(ii) Copia da titulación esixida nas Bases.

(iii) Índice e copia da documentación acreditativa dos méritos alegados.

(iv) Copia do Título CELGA esixido nas Bases.

SOLICITO

Ser admitido/a no procedemento convocado.

Data e sinatura dixital

Sr. Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo

## ANEXO II

INFORME DA XEFATURA DE SERVIZOS CENTRAIS DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO OU DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS DO CONCELLO DE VIGO.

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ no desempeño de mi posto de  
\_\_\_\_\_

**INFORMO**

Que no Expediente existente nesta dependencia D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con





## Concello de Vigo

DNI \_\_\_\_\_ ten acreditado nesta Administración os seguintes extremos:

- a) Servizos efectivos prestados en prazas da Escala de Administración Xeral; Subescala Técnica do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo: ..... meses completos
- b) Servizos efectivos prestados en prazas da Escala de Administración Xeral; Subescala Técnica da Administración Municipal do Concello de Vigo: ..... meses completos.
- c) Servizos efectivos prestados noutras Escalas ou Subescalas do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo: ..... meses completos.
- d) Servizos efectivos prestados noutras Escalas ou Subescalas da Administración da Administración Municipal do Concello de Vigo: ..... meses completos.

E para que xurda efectos no concurso convocado para a estabilización do emprego temporal de prazas estruturais vacantes da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo pertencentes á **Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica** expido o presente INFORME a petición do interesado/a.

Data e sinatura

### ANEXO III

INFORME DA XEFATURA DE SERVIZOS CENTRAIS DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO.

D. \_\_\_\_\_ no desempeño de mi posto  
de \_\_\_\_\_

**INFORMO**

Que na convocatoria da oposición libre realizada segundo Bases e convocatoria aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_ para o acceso á **Escala de Administración Xeral; Subescala Técnica** do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo e no Expediente \_\_\_\_/\_\_\_\_ incoado a tal fin consta que D/Dª \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_ superou algún dos exercicios do mencionado proceso de selección.

Así mesmo informo que tal proceso selectivo correspóndese cos realizados nas tres últimas convocatorias a tal Escala e Subescala.

E para que xurda efectos no concurso convocado para a estabilización do emprego temporal de prazas estruturais vacantes da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo pertencentes á Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica expido o presente INFORME a petición do interesado/a.

Data e sinatura



**Concello de Vigo**

## **ANEXO II**

**BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA EXCEPCIONAL DO CONCURSO LIBRE DE MÉRITOS PARA ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL E INGRESO EN DÚAS PRAZAS ESTRUCTURAIS VACANTES DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL PERTENCENTES Á SUBESCALA TÉCNICA, CLASE SUPERIOR (ARQUITECTO) INCURSAS NOS SUPOSTOS DAS DISPOSICIÓNS ADICIONAIS SEXTA E OITAVA DA LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO. (ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN).**

### **PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria. Normativa aplicable.**

1. En execución do proceso de estabilización de emprego temporal previsto nas Disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, as presentes Bases regulan a convocatoria excepcional e única do concurso libre de méritos para o ingreso e acceso a dúas prazas estruturais e vacantes existentes no Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo que ben se atopan ocupadas de forma temporal e ininterrompida desde data anterior o 1 de xaneiro de 2016 ou ben se atopan ocupadas de forma temporal por persoal con unha relación, desta natureza, anterior o 1 de xaneiro de 2016; as prazas, pertencentes o Grupo A, Subgrupo A1 encádranse na Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Superior (Arquitecto).

As prazas se atopan incluídas na Oferta de Emprego Público extraordinaria de estabilización aprobada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión de data 1 de abril de 2022 publicada no BOP de Pontevedra nº 72 de 13 abril.

As Bases foron sometidas o coñecemento da Mesa de Negociación da Xerencia Municipal de Urbanismo en reunión de data 29 de abril de 2022.

2. Son, entre outras, tarefas propias da praza de arquitecto superior as seguintes: Emisión de informes en expedientes de planeamento urbanístico (modificacións do Plan Xeral, aprobación e modificacións de Plans Parciais, Plans Especiais, Estudos de Detalle e outros instrumentos de planeamento). Emisión de informes en expedientes de xestión urbanística (proxectos de reparcelación e equidistribución, proxectos de urbanización, etc.); elaboración da documentación técnica para expedientes de planeamento e xestión urbanística promovidos pola Xerencia Municipal de Urbanismo. Informar os expedientes de comunicación previas, declaracións responsables ou de licenzas de obras maiores e menores, de licenzas de apertura, ambientais de actividade clasificada, de primeira ocupación, de segregación, de declaración de innecesiedade de parcelación, de ordes de execución, de declaración de ruína, de protección da legalidade urbanística e sancionadores. Elaboración de memorias valoradas para a determinación de xustiprezos en expropiacións de calquera natureza, en outros expedientes de carácter patrimonial ou para a solicitude de subvencións. Redacción de pregos de prescricións técnicas en expedientes da Xerencia de contratación pública relacionados coa arquitectura e emisión de informes técnicos sobre as propostas presentadas en tales expedientes. Emisión de informes sobre terreos, edificios, instalacións e infraestructuras municipais. Elaboración de informes técnicos en expedientes de solicitude de responsabilidade patrimonial á Xerencia Municipal de Urbanismo e en expedientes de reclamación de danos a terceiros por parte da Xerencia. Redacción de anteproxectos e proxectos de obras de escasa entidade, así como dirección de obras. Calesquiera outras na que se estea profesionalmente capacitado, previa formación no seu caso.

3. O procedemento de selección réxese polas presentes Bases, no non previsto nelas aplicarase o

disposto na Lei 20/2021, de 28 de decembro; no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro; no Regulamento xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo; na Lei 2/2015, de 19 de abril, do Empregado Público de Galicia e na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

No procedemento aplicarase a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

No proceso selectivo coidarase especialmente a aplicación do Plan de Igualdade aprobado polo Pleno do Concello de Vigo en sesión de data 15 de setembro de 2021.

4. As presentes Bases publicaranse íntegramente no BOP de Pontevedra e no Taboleiro Electrónico da Sede Electrónica do Concello de Vigo (Expedientes en exposición pública) <https://sede.vigo.org/expedientes/oposiciones/ofertas.jsp> O anuncio da convocatoria no BOE sinalará o BOP no que se teñen publicado as Bases e determinará o inicio de prazo de presentación de solicitudes.

Os sucesivos anuncios derivados do desenvolvemento da convocatoria publicaranse na mesma dirección.

#### **SEGUNDA. Requisitos dos aspirantes.**

As persoas interesadas en participar no concurso de estabilización de emprego temporal reunirán, na data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión, ou en condicións de obter na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, do Título Universitario Oficial de Arquitectura ou de título que habilite para o exercicio desta profesión regulada, segundo establece a normativa vixente.

No caso de titulacións obtidas no extranxeiro deberase estar en posesión da correspondente convalidación ou da credencial que acredite a homologación.

b) Ter a nacionalidade española ou cumprir os requisitos establecidos no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no suposto de acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados.

c) Poseer a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

d) Ter cumpridos dezaséis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos Organismos Constitucionais ou Estatutarios das Comunidades Autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso o emprego público.

f) Acreditar o coñecemento da lingua galega mediante a posesión do Título CELGA 4 ou equivalente



## Concello de Vigo

homologado segundo o disposto na Orde 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega. O/a aspirante que, consecuencia do proceso de selección, obtivera praza e non acreditara a posesión do Título mencionado participará no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

### **TERCEIRA. Solicitudes de inscrición. Prazo de presentación. Documentación.**

1. Solicitudes de inscrición. Cumprimentaranse electrónicamente a través da URL: <https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/ofertas.jsp> que, tras a cumprimentación esixida, xerará o documento sinalado no Anexo I.

A inscrición realizarase facendo uso de <https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/ofertas.jsp>, seguindo as instrucións que se lle indiquen, sendo necesario identificarse por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que pódense consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp>

A inscrición por esta vía permitirá:

- A inscrición en liña.
- Anexar documentos á inscrición.
- O rexistro electrónico da inscrición.

As solicitudes de inscrición en soporte papel efectuaranse mediante cumprimentación electrónica <https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/ofertas.jsp> e a súa posterior presentación no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2. Prazo de presentación das solicitudes de inscrición: 20 días hábiles contados a partir do seguinte no que apareza a publicación do anuncio de convocatoria no “Boletín Oficial del Estado”.

3. As solicitudes de inscrición, en todo caso, acompañaranse da seguinte documentación:

- Copia do Documento Nacional de Identidade (DNI) ou pasaporte, no seu defecto.
- Copia da titulación esixida nas presentes Bases ou documento acreditativo do abono das taxas para a expedición do mesmo. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro aportarase a documentación acreditativa da súa homologación ou convalidación.
- Copia do Título CELGA 4 acreditativo do coñecemento da lingua galega.
- Índice e copia da documentación achegada para o concurso de méritos.

### **CUARTA. Admisión de aspirantes.**

1. Concluído o prazo de presentación de solicitudes a Vicepresidencia da XMU, mediante Resolución, aprobará o listado provisional de aspirantes admitidos e excluídos, neste suposto especificarase a causa de exclusión. Contra a Resolución poderase presentar reclamación no prazo dos 10 días seguintes; as reclamacións, se as houbera, serán resoltas na Resolución da Vicepresidencia na que se aproben as listas definitivas que será obxecto de publicación na páxina web municipal, no Taboleiro Electrónico de Edictos e na Intranet. Os aspirantes que no prazo sinalado no subsanaran o defecto que motivou a súa exclusión ou no presentaren reclamación xustificando o seu dereito de inclusión na relación de admitidos serán excluídos do proceso. É insubsanable a presentación da solicitude fora do prazo e o incumprimento dos requisitos esixidos para tomar parte no Concurso.

2. No suposto de non presentarse reclamacións o listado provisional entenderase definitivo; esta circunstancia farase constar na Resolución de aprobación do listado provisional.

3. Na mesma Resolución na que se faga pública a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos constará:

- Composición do Tribunal.

- Lugar, data e hora de constitución do Tribunal para a valoración dos méritos.

Contra a Resolución poderase interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, a partir do día seguinte o de súa publicación no Taboleiro Electrónico, ou recurso Contencioso-Administrativo no prazo de dous, a partir do día seguinte á publicación.

#### **QUINTA. Tribunal cualificador.**

1. Integrarase por cinco membros; designarse o mesmo número de membros suplentes. A súa composición será a seguinte:

Presidencia: Persoa designada pola Vicepresidencia da XMU entre persoal funcionario de carreira da XMU.

Vocalías: Tres vogais, designados pola Vicepresidencia da XMU entre persoal funcionario de carreira da XMU, ou da Administración municipal do Concello de Vigo.

Secretaría: Designada pola Vicepresidencia da XMU entre persoal funcionario de carreira da XMU

A composición do Tribunal será predominantemente técnica, os seus membros posuirán unha titulación igual o superior á das prazas convocadas. As designacións axustaranse ao principio de composición equilibrada de mulleres e homes.

Para a válida constitución do Tribunal a efectos da celebración de sesións, deliberacións e adopción de acordos, requirirase a presenza da Presidencia, da Secretaría, e, alo menos, un vogal. Na sesión constitutiva o Tribunal poderá acordar que os membros titulares e suplentes de actúen indistintamente.

2. O réxime xurídico aplicable o Tribunal axustarase ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, de 1 de outubro; os seus membros absteranse de formar parte da mesma cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da norma citada. Os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015

3. O Tribunal queda facultado para resolver por maioría de votos dos membros asistentes as dúbidas que poideran xurdir na aplicación destas Bases e para adoptar os acordos necesarios para a boa orde do procedemento. En caso de empate decidirá o voto da Presidencia.

4. O Tribunal poderá requirir dos concursantes, en calquera momento do procedemento a documentación acreditativa dos requisitos esixidos na convocatoria. O Tribunal recabará dos interesados as aclaracións ou a achega da documentación adicional que considere necesaria para a comprobación dos méritos alegados.

5. Contra os actos de trámite do Tribunal que decidan directa o indirectamente sobre o fondo do



## Concello de Vigo

asunto, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable aos dereitos e intereses lexítimos e que non poñan fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a Vicepresidencia da XMU.

Contra os demais actos de trámite os interesados poderán presentar ante o Tribunal as alegacións, reclamacións e/ou subsanacións de documentación que estimen pertinente no prazo de dez días a contar desde o seguinte á data da publicación.

6. O Tribunal terá a categoría que corresponda á Escala e Subescala convocada conforme o disposto no artigo 30 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

### **SEXTA. Sistema de selección. Valoración.**

1. O sistema selectivo será o de concurso de méritos que consistirá na valoración dos méritos acreditados polas persoas aspirantes conforme o seguinte baremo:

**Puntuación máxima: 60,00 puntos.**

#### **a) Experiencia profesional.**

1. **Máximo 54,00 puntos.** Valoraranse os servizos efectivos prestados ata a data de publicación no BOE desta convocatoria conforme a seguinte puntuación:

a) Servizos efectivos prestados en prazas da Escala de Administración Especial; Subescala Técnica, Clase Superior (arquitecto) do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo: 0,450 puntos mes completo; máximo 54,00 puntos.

b) Servizos efectivos prestados en prazas da Escala de Administración Especial; Subescala Técnica, Clase Superior, (arquitecto) da Administración Municipal do Concello de Vigo: 0,286 puntos mes completo; máximo 34,40 puntos.

c) Servizos efectivos prestados na Escala de Administración Especial e na Subescala inmediatamente inferior do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo (Subescala Técnica Media, Arquitecto Técnico): 0,180 puntos mes completo; máximo 21,60 puntos.

d) Servizos efectivos prestados na Escala de Administración Especial e na Subescala inmediatamente inferior da Administración municipal de Concello de Vigo (Subescala Técnica Media, arquitecto): 0,135 puntos mes completo; máximo 16,20 puntos.

e) Servizos efectivos prestados en Corpos, Escalas ou Subescalas doutras Administracións Públicas territoriais análogos á Escala de Administración Especial do réxime local e adscritos o subgrupo de titulación A1: 0,090 puntos mes completo, máximo 10,80 puntos; no subgrupo A2: 0,045 puntos mes completo, máximo 5,40 puntos.

f) Servizos efectivos prestados en Corpos, Escalas ou Subescalas de órganos constitucionais e no resto do sector público análogos á Escala de Administración Especial do réxime local e adscritos o subgrupo de titulación A1: 0,045 puntos mes completo, máximo 5,40 puntos; no subgrupo A2: 0,0225 mes completo, máximo 2,70 puntos.

g) Servizos efectivos prestados por conta allea na empresa privada ou por conta propia en calidade de traballador autónomo desenvolvendo traballos de contido análogo o das prazas obxecto de selección (Cláusula Primeira. 2.): 0,045 puntos mes completo; máximo 5,40 puntos.

Non computarán os servizos prestados en réxime de persoal eventual, en atribución temporal de funcións ou asignación de tarefas nin en comisión de servizos voluntaria por persoal procedente doutras Administracións Públicas; neste suposto computaranse os servizos como prestados na

Administración de orixe.

2. Acreditación dos servizos prestados na Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo ou no Concello de Vigo:

Informe emitido, previa petición polos interesados, conforme o Anexo II destas Bases pola persoa responsable do Servizo de Asuntos Xerais da XMU (ou funcionario no que delegue) ou pola persoa responsable da Área de Recursos Humanos do Concello de Vigo (ou funcionario no que delegue).

3. Acreditación dos servizos prestados noutras Administracións Públicas ou entes do sector público:

Certificación expedida pola unidade competente da Administración correspondente.

4. Acreditación dos servizos prestados por conta allea na empresa privada ou por conta propia en calidade de traballador autónomo.

Os servizos prestados por conta allea en empresas privadas acreditarase coa presentación de:

1º. Copia do contrato de traballo onde conste a categoría profesional.

2º. Informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social no que consten tales períodos.

Os servizos prestados por conta propia en calidade de traballador autónomo acreditaranse coa presentación da seguinte documentación:

1º. Alta no epígrafe correspondente do Imposto de Actividades Económicas.

2º. Informe da vida laboral emitido polo órgano competentes da Seguridade Social.

#### **b) Méritos académicos.**

**Máximo 6,00 puntos.**

##### **1. Cursos de formación: Máximo 3,00 puntos.**

1. a) Valoraranse un máximo de dez cursos de formación recibidos ou impartidos, nos dez anos anteriores á data de publicación desta convocatoria nos BOE cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da Escala de Administración Especial; Subescala Técnica; Clase Superior (arquitecto) convocados, impartidos ou homologados pola Escola Galega de Administración Pública; polo o Instituto Nacional de Administración Pública, por outros institutos das Administracións Públicas ou por organizacións sindicais ou outros axentes promotores no marco do Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas de 9 de marzo de 2018 ou dos Plans de Formación Continua do persoal das Administraciones Públicas.

Valoraranse os cursos que versen sobre materias de carácter transversal (igualdade de xenro, transparencia, prevención de riscos laborais, procedemento administrativo común, informática)

Non se valorarán os cursos nos que no xustificante da súa acreditación (título, diploma ou similar) non conste as datas de realización nin as horas de duración. Non valoraranse os cursos inferiores a 15 horas lectivas, os pertencentes a unha carreira universitaria, os de doutorado, os derivados de procesos selectivos, os relativos a xornadas, seminarios, simposios e similares.





## Concello de Vigo

A valoración dos cursos se realizarase conforme á seguinte escala:

Mais de 100 horas.....	0,60 puntos.
De 81 a 100 horas.....	0,50 puntos.
De 61 a 80 horas.....	0,40 puntos.
De 41 a 60 horas.....	0,30 puntos.
De 25 a 40 horas.....	0,20 puntos.
De 15 a 24 horas.....	0,10 puntos.

1.b) Valoraranse os cursos de linguaxe administrativa do idioma galego impartidos por entidades ou institucións públicas conforme a seguinte escala:

Nivel superior: 0,60 puntos.

Nivel medio: 0,30 puntos.

Acreditación de méritos de Formación:

Mediante copia simple dos títulos, diplomas ou certificación de superación dos cursos.

**2. Outros méritos: Máximo 3,00 puntos.** Valorarase ter superado algún dos exercicios exisidos para o acceso á Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Superior (arquitecto) da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, quenda libre, nas tres últimas convocatorias, ou estar en posesión dalgunha titulación académica superior á esixida na Base Segunda a) destas Bases o día de publicación da presente convocatoria no BOE. Esta valoración realizarase conforme a seguinte puntuación:

a) Valorarase con 3,0 puntos ter superado algún dos exercicios exisidos para o acceso á Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Superior (arquitecto) da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, quenda libre, oposición, nas tres últimas convocatorias.

Acreditación. A superación dos exercicios acreditarase mediante Informe (Anexo III) da persoa responsable dos Servizos Centrais da XMU emitido a solicitude do aspirante.

b) Valorarase con un máximo de 1,50 puntos a posesión dos seguintes títulos

Titulación universitaria de Doutor, con programa de doutorado relacionado coa titulación esixida para participar no procedemento de selección: 1,50 puntos

Diploma de Técnico Urbanista ou Máster Universitario Urbanístico de Estudos Territoriales expedido polo Instituto Nacional de Administración Pública, ou entidade pública equivalente: 1,00 puntos.

Outra titulación universitaria non aportada como requisito: 0,80 puntos.

Acreditación: Mediante aportación do título, diploma ou resguardo de ter satisfeito os dereitos para a súa expedición, ou mediante certificación expedida pola Secretaría da Universidade ou Administración Pública correspondente.

### **SÉTIMA. Listado de aprobados.**

Concluída a valoración de méritos o Tribunal publicará no Taboleiro Electrónico Municipal a relación de aspirantes na orde de puntuación alcanzada e elevará o órgano competente a proposta de

nomeamento dos aspirantes seleccionados en número non superior o de prazas convocadas.

En caso de empate na puntuación terá preferencia os aspirantes vinculados co Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo mediante unha relación funcional de carácter temporal, de persistir empate terá preferencia o/a aspirante con maior puntuación no apartado a) Experiencia profesional, na seguinte orde: 1 a) ; 1.b); 1.c) e 1.d).

#### **OITAVA. Presentación de documentación.**

No prazo de vinte días hábiles a contar desde o seguinte a aquel no que se faga pública a lista das puntuacións obtidas os aspirantes seleccionados presentarán nos Servizos Centrais da XMU os seguintes documentos:

- a) Declaración xurada ou promesa de non haber sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública, ni hallarse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.
- b) Documentación acreditativa do cumprimento dos restantes requisitos esixidos na convocatoria.

Quenes dentro del prazo fixado, e salvo caso de forza maior, non presentasen a documentación, ou do exame da mesma se dedujese que carece de algún dos requisitos sinlados nas Bases, non poderán ser nomeados/as funcionarios/as, quedando anuladas las actuaciones sin perjuicio da responsabilidade que proceda.

#### **NOVENA. Adxudicación de destinos. Bolsa de interinos.**

A adxudicación de postos de traballo aos/as funcionarios/as de novo ingreso efectuarase de acordo cas peticións dos/as interesados/as entre os postos ofertados aos mesmos, segundo a orde obtida no proceso selectivo.

Con carácter previo á adxudicación de destinos, o persoal seleccionado será sometido a recoñecemento médico, aos efectos de non padecer enfermidade que lle impida desempeñar o puesto de traballo correspondente.

As persoas relacionadas co Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo mediante unha relación funcional de carácter temporal e que, habendo participado no proceso selectivo non o superaran, integraranse nunha bolsa de persoal funcionario interino da Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, clase superior (arquitecto) sempre e cando a puntuación obtida no concurso sexa superior a 34,0 puntos.

#### **DÉCIMA. Datos de carácter persoal.**

A participación no proceso selectivo implica o consentemento para que os datos persoais aportados sexan obxecto de publicación a través da súa inserción no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro Electrónico do Concello e na páxina web municipal cando así o requera a tramitación do procedemento.

#### **UNDÉCIMA. Recursos.**

Contra a presente convocatoria poderase interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo do mes seguinte o día da súa publicación no



**Concello de Vigo**

BOP ou recurso contencioso administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da Cidade de Vigo, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. No caso de interpoñer recurso de reposición non poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se haxa producido a desestimación presunta do mesmo.

### **ANEXO I**

**CONCURSO DE MÉRITOS PARA ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL (LEI 20/2021).  
DÚAS PRAZAS DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA,  
CLASE SUPERIOR (ARQUITECTO) DA XMU DO CONCELLO DE VIGO .**

D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_  
con DNI \_\_\_\_\_ e domicilio en, \_\_\_\_\_, rúa \_\_\_\_\_, C.P.  
\_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_ e correo electrónico \_\_\_\_\_

### **EXPOÑO**

Que segundo convocatoria inserta no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. \_\_\_\_\_, de data \_\_\_\_\_ reúno os requisitos esixidos na Base Segunda das Bases Reguladoras do concurso convocado para estabilización do emprego temporal de dúas prazas estruturais da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo da **ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, CLASE SUPERIOR (ARQUITECTO)**.

Acepto na súa totalidade e me someto as Bases Reguladoras do concurso.

Adxunto a documentación sinalada na Base Terceira. 3:

- (i) Copia do Documento Nacional de Identidade (DNI) ou pasaporte, no seu defecto.
- (ii) Copia da titulación esixida nas Bases.
- (iii) Índice e copia da documentación acreditativa dos méritos alegados.
- (iv) Copia do Título CELGA esixido nas Bases.

### **SOLICITO**

Ser admitido/a no procedemento convocado.

Data e sinatura dixital

Sr. Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo

## ANEXO II

INFORME DA XEFATURA DE SERVIZOS CENTRAIS DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO OU DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS DO CONCELLO DE VIGO.

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ no desempeño de mi posto de  
\_\_\_\_\_

### INFORMO

Que no Expediente existente nesta dependencia D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_ ten acreditado nesta Administración os seguintes extremos:

- a) Servizos efectivos prestados en prazas da Escala de Administración Especial; Subescala Técnica, Clase Superior (Arquitecto) do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo: ..... meses completos
- b) Servizos efectivos prestados en prazas da Escala de Administración Especial; Subescala Técnica, Clase Superior (Arquitecto) da Administración Municipal do Concello de Vigo: ..... meses completos.
- c) Servizos efectivos prestados noutras Escalas ou Subescalas do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo: ..... meses completos.
- d) Servizos efectivos prestados noutras Escalas ou Subescalas da Administración da Administración Municipal do Concello de Vigo: ..... meses completos.

E para que xurda efectos no concurso convocado para a estabilización do emprego temporal de prazas estruturais vacantes da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo pertencentes á **Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase superior (Arquitecto)** expido o presente INFORME a petición do interesado/a.

Data e sinatura



**Concello de Vigo**

### **ANEXO III**

**INFORME DA XEFATURA DE SERVIZOS CENTRAIS DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO.**

D. \_\_\_\_\_ no desempeño de mi posto de \_\_\_\_\_

#### **INFORMO**

Que na convocatoria da oposición libre realizada segundo Bases e convocatoria aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_ para o acceso á **Escala de Administración Especial; Subescala Técnica, Clase superior (Arquitecto)** do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo e no Expediente \_\_\_\_/\_\_\_\_ incoado a tal fin consta que D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_ superou algún dos exercicios do mencionado proceso de selección.

Así mesmo informo que tal proceso selectivo correspóndese cos realizados nas tres últimas convocatorias a tal Escala e Subescala.

E para que xurda efectos no concurso convocado para a estabilización do emprego temporal de prazas estruturais vacantes da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo pertencentes á **Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Superior (Arquitecto)** expido o presente INFORME a petición do interesado/a.

Data e sinatura

### **ANEXO III**

BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA EXCEPCIONAL DO CONCURSO LIBRE DE MÉRITOS PARA ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL E INGRESO NUNHA PRAZA ESTRUTURAL VACANTE DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO DA **ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR ADMINISTRATIVA**, INCURSA NOS SUPOSTOS DAS DISPOSICIÓNS ADICIONAIS SEXTA E OITAVA DA LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO. (ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN) E RESERVADA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (DISCAPACIDADE INTELECTUAL).

#### **PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria. Normativa aplicable.**

1. En execución do proceso de estabilización de emprego temporal previsto nas Disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, as presentes Bases regulan a convocatoria excepcional e única do concurso libre de méritos para o ingreso e acceso a unha praza estrutural e vacante existente no Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo ocupada de forma temporal e ininterrompida desde data anterior o 1 de xaneiro de 2016 e reservada a persoas con discapacidae (discapacidade intelectual); a praza, pertencente o Grupo C, Subgrupo C2 encádrase na Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar Administrativa.

As prazas se atopan incluídas na Oferta de Emprego Público extraordinaria de estabilización aprobada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión de data 1 de abril de 2022 publicada no BOP de Pontevedra nº 72 de 13 abril.

As Bases foron sometidas o coñecemento da Mesa de Negociación da Xerencia Municipal de Urbanismo en reunión de data 29 de abril de 2022.

2. Son, entre outras, tarefas propias da praza de Auxiliar Administrativo as seguintes: uso dos programas informáticos de tratamento de textos e de cálculo (Office); cálculo sinxelo; xestión de arquivos e documentación; rexistro, tramitación ordinaria de expedientes (gasto, contratos, persoal, certificados); atención presencial, telemática ou telefónica o cidadá; grabación e mantemento de bases de datos; funcións de apoio o resto de membros das unidades administrativas nas que presten servizo.

3. O procedemento de selección réxese polas presentes Bases, no non previsto nelas aplicarase o disposto na Lei 20/2021, de 28 de decembro; no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro; no Regulamento xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo; na Lei 2/2015, de 19 de abril, do Empregado Público de Galicia e na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

No procedemento aplicarase a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

No proceso selectivo coidarase especialmente a aplicación do Plan de Igualdade aprobado polo Pleno do Concello de Vigo en sesión de data 15 de setembro de 2021.



## Concello de Vigo

4. As presentes Bases publicaranse íntegramente no BOP de Pontevedra e no Taboleiro Electrónico da Sede Electrónica do Concello de Vigo (Expedientes en exposición pública) <https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/ofertas.jsp> O anuncio da convocatoria no BOE sinalará o BOP no que se teñen publicado as Bases e determinará o inicio de prazo de presentación de solicitudes.

Os sucesivos anuncios derivados do desenvolvemento da convocatoria publicaranse na mesma dirección.

### **SEGUNDA. Requisitos dos aspirantes.**

As persoas interesadas en participar no concurso de estabilización de emprego temporal reunirán, na data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

a) Ter recoñecida oficialmente unha discapacidade intelectual, en grado igual ou superior o 33 por 100.

b) Estar en posesión, ou en condicións de obter na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria (ESO). Asimesmo, estarase ao disposto na Orde EDU/1603/2009, de 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bachiller regulados na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada mediante a Orde EDU/520/2011, de 7 de marzo.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente convalidación ou da credencial que acredite a homologación.

c) Ter a nacionalidade española ou cumprir os requisitos establecidos no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no suposto de acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados.

d) Poseer a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

e) Ter cumpridos dezaséis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

f) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos Organismos Constitucionais ou Estatutarios das Comunidades Autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso o emprego público.

g) Acreditar o coñecemento da lingua galega mediante a posesión do Título CELGA 3 ou equivalente homologado segundo o disposto na Orde 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega. O/a aspirante que, consecuencia do proceso de selección, obtivera praza e non acreditara a posesión do Título mencionado participará no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

### **TERCEIRA. Solicitudes de inscrición. Prazo de presentación. Documentación.**

1. Solicitudes de inscripción. Cumprimentaranse electrónicamente a través da URL: <https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/ofertas.jsp> que, tras a cumprimentación esixida, xerará o documento sinalado no Anexo I.

A inscripción realizarase facendo uso de <https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/ofertas.jsp>, seguindo as instrucións que se lle indiquen, sendo necesario identificarse por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que pódense consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp>

A inscripción por esta vía permitirá:

- A inscripción en liña.
- Anexar documentos á inscripción.
- O rexistro electrónico da inscripción.

As solicitudes de inscripción en soporte papel efectuaranse mediante cumprimentación electrónica <https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/ofertas.jsp> e a súa posterior presentación no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2. Prazo de presentación das solicitudes de inscripción: 20 días hábiles contados a partir do seguinte no que apareza a publicación do anuncio de convocatoria no “Boletín Oficial del Estado”.

3. As solicitudes de inscripción, en todo caso, acompañaranse da seguinte documentación:

- Copia compulsada do certificado de discapacidade ou ditame técnico facultativo emitido por órgano competente que acredite que ten recoñecida oficialmente unha discapacidade intelectual en grao igual ou superior ao 33 %.
- Copia do Documento Nacional de Identidade (DNI) ou pasaporte, no seu defecto.
- Copia da titulación esixida nas presentes Bases ou documento acreditativo do abono das taxas para a expedición do mesmo. No caso de titulacións obtidas no extranxeiro aportarase a documentación acreditativa da súa homologación ou convalidación.
- Copia do Título CELGA 3 acreditativo do coñecemento da lingua galega.
- Índice e copia da documentación achegada para o concurso de méritos.

#### **CUARTA. Admisión de aspirantes.**

1. Concluído o prazo de presentación de solicitudes a Vicepresidencia da XMU, mediante Resolución, aprobará o listado provisional de aspirantes admitidos e excluídos, neste suposto especificarase a causa de exclusión. Contra a Resolución poderase presentar reclamación no prazo dos 10 días seguintes; as reclamacións, se as houbera, serán resoltas na Resolución da Vicepresidencia na que se aproben as listas definitivas que será obxecto de publicación na páxina web municipal, no Taboleiro Electrónico de Edictos e na Intranet. Os aspirantes que no prazo sinalado no subsanaran o defecto que motivou a súa exclusión ou no presentaren reclamación xustificando o seu dereito de inclusión na relación de admitidos serán excluídos do proceso. É insubsanable a presentación da solicitude fora do prazo e o incumprimento dos requisitos esixidos para tomar parte no Concurso.

2. No suposto de non presentarse reclamacións o listado provisional entenderase definitivo; esta circunstancia farase constar na Resolución de aprobación do listado provisional.





## Concello de Vigo

3. Na mesma Resolución na que se faga pública a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos constará:

- Composición do Tribunal.
- Lugar, data e hora de constitución do Tribunal para a valoración dos méritos.

Contra a Resolución poderase interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, a partir do día seguinte o de súa publicación no Taboleiro Electrónico, ou recurso Contencioso-Administrativo no prazo de dous, a partir do día seguinte á publicación.

### **QUINTA. Tribunal cualificador.**

1. Intégrase por cinco membros; designarse o mesmo número de membros suplentes. A súa composición será a seguinte:

Presidencia: Persoa designada pola Vicepresidencia da XMU entre persoal funcionario de carreira da XMU, .

Vocalías: Tres vogais, designados pola Vicepresidencia da XMU entre persoal funcionario de carreira da XMU, ou da Administración municipal do Concello de Vigo.

Secretaría: Designada pola Vicepresidencia da XMU entre persoal funcionario de carreira da XMU

A composición do Tribunal será predominantemente técnica, os seus membros posuirán unha titulación igual o superior á das prazas convocadas. As designacións axustaranse ao principio de composición equilibrada de mulleres e homes.

Para a válida constitución do Tribunal a efectos da celebración de sesións, deliberacións e adopción de acordos, requírese a presenza da Presidencia, da Secretaría, e, alo menos, un vogal. Na sesión constitutiva o Tribunal poderá acordar que os membros titulares e suplentes de actúen indistintamente.

2. O réxime xurídico aplicable o Tribunal axustarase ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, de 1 de outubro; os seus membros absteranse de formar parte da mesma cando conorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da norma citada. Os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015

3. O Tribunal queda facultado para resolver por maioría de votos dos membros asistentes as dúbidas que poideran xurdir na aplicación destas Bases e para adoptar os acordos necesarios para a boa orde do procedemento. En caso de empate decidirá o voto da Presidencia.

4. O Tribunal poderá requirir dos concursantes, en calquera momento do procedemento a documentación acreditativa dos requisitos esixidos na convocatoria. O Tribunal recabará dos interesados as aclaracións ou a achega da documentación adicional que considere necesaria para a comprobación dos méritos alegados.

5. Contra os actos de trámite do Tribunal que decidan directa o indirectamente sobre o fondo do asunto, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable aos dereitos e intereses lexítimos e que non poñan fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a Vicepresidencia da XMU.

Contra os demais actos de trámite os interesados poderán presentar ante o Tribunal as alegacións, reclamacións e/ou subsanacións de documentación que estimen pertinente no prazo de dez días a contar desde o seguinte á data da publicación.

6. O Tribunal terá a categoría que corresponda á Escala e Subescala convocada conforme o disposto no artigo 30 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

#### **SEXTA. Sistema de selección. Valoración.**

1. O sistema selectivo será o de concurso de méritos que consistirá na valoración dos méritos acreditados polas persoas aspirantes conforme o seguinte baremo:

**Puntuación máxima: 60,00 puntos.**

##### **a) Experiencia profesional.**

1. Máximo **54,00 puntos**. Valoraranse os servizos efectivos prestados ata a data de publicación no BOE desta convocatoria conforme a seguinte puntuación:

a) Servizos efectivos prestados en prazas da Escala de Administración Xeral; Subescala Auxiliar Administrativo, do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo: 0,450 puntos mes completo; máximo 54,00 puntos.

b) Servizos efectivos prestados en prazas da Escala de Administración Xeral; Subescala Auxiliar Administrativo da Administración Municipal do Concello de Vigo: 0,286 puntos mes completo; máximo 34,40 puntos.

c) Servizos efectivos prestados na Escala de Administración Xeral e na Subescala inmediatamente inferior do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo (Subescala Subalterna): 0,180 puntos mes completo; máximo 21,60 puntos.

d) Servizos efectivos prestados na Escala de Administración Xeral e na Subescala inmediatamente inferior da Administración municipal do Concello de Vigo (Subescala Subalterna): 0,135 puntos mes completo; máximo 16,20 puntos.

e) Servizos efectivos prestados en Corpos, Escalas ou Subescalas doutras Administracións Públicas territoriais análogos á Escala de Administración Xeral do réxime local: 0,090 puntos mes completo, máximo 10,80 puntos.

f) Servizos efectivos prestados en órganos constitucionais e no resto do sector público en Corpos, Escalas ou Subescalas análogos á Escala de Administración Xeral do réxime local: 0,045 puntos mes completo, máximo 5,40 puntos.

g) Servizos efectivos prestados por conta allea na empresa privada ou por conta propia en calidade de traballador autónomo desenvolvendo traballos de contido análogo o das prazas obxecto de selección (Cláusula Primeira. 2.): 0,045 puntos mes completo; máximo 5,40 puntos.

Non computarán os servizos prestados en réxime de persoal eventual, os prestados en atribución temporal de funcións ou asignación de tarefas nin en comisión de servizos voluntaria por persoal procedente doutras Administracións Públicas; neste suposto computaranse os servizos como prestados na Administración de orixe.

2. Acreditación dos servizos prestados na Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo ou no Concello de Vigo:

Informe emitido, previa petición polos interesados, conforme o Anexo II destas Bases pola persoa



## Concello de Vigo

responsable do Servizo de Asuntos Xerais da XMU (ou funcionario no que delegue) ou pola persoa responsable da Área de Recursos Humanos do Concello de Vigo (ou funcionario no que delegue).

3. Acreditación dos servizos prestados noutras Administracións Públicas ou entes do sector público:

Certificación expedida pola unidade competente da Administración correspondente.

4. Acreditación dos servizos prestados por conta allea na empresa privada ou por conta propia en calidade de traballador autónomo.

Os servizos prestados por conta allea en empresas privadas acreditarase coa presentación de:

1º. Copia do contrato de traballo onde conste a categoría profesional.

2º. Informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social no que consten tales períodos.

Os servizos prestados por conta propia en calidade de traballador autónomo acreditaranse coa presentación da seguinte documentación:

1º. Alta no epígrafe correspondente do Imposto de Actividades Económicas.

2º. Informe da vida laboral emitido polo órgano competentes da Seguridade Social.

### **b) Méritos académicos.**

**Máximo 6,00 puntos.**

#### **1. Cursos de formación: Máximo 3,00 puntos.**

1.a) Valoraranse un máximo de dez cursos de formación recibidos ou impartidos, nos dez anos anteriores á data de publicación desta convocatoria nos BOE cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da Escala de Administración Xeral; Subescala Auxiliar Administrativo convocados, impartidos ou homologados pola Escola Galega de Administración Pública; polo o Instituto Nacional de Administración Pública, por outros institutos das Administracións Públicas ou por organizacións sindicais ou outros axentes promotores no marco do Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas de 9 de marzo de 2018 ou dos Plans de Formación Continua do persoal das Administracións Públicas.

Valoraranse os cursos que versen sobre materias de carácter transversal (igualdade de xenro, transparencia, prevención de riscos laborais, procedemento administrativo común, informática)

Non se valorarán os cursos nos que no xustificante da súa acreditación (título, diploma ou similar) non conste as datas de realización nin as horas de duración. Non valoraranse os cursos inferiores a 15 horas lectivas, os pertencentes a unha carreira universitaria, os de doutorado, os derivados de procesos selectivos, os relativos a xornadas, seminarios, simposios e similares.

A valoración dos cursos se realizarase conforme á seguinte escala:

Mais de 60 horas.....	0,40 puntos.
De 41 a 60 horas.....	0,30 puntos.
De 25 a 40 horas.....	0,20 puntos.
De 5 a 24 horas.....	0,10 puntos.

1.b) Valoraranse os cursos de linguaxe administrativa do idioma galego impartidos por entidades ou institucións públicas conforme a seguinte escala:

Nivel superior: 0,60 puntos.

Nivel medio: 0,30 puntos.

Acreditación de méritos de Formación:

Mediante copia simple dos títulos, diplomas ou certificación de superación dos cursos.

**2. Outros méritos: Máximo 3,00 puntos.** Valorarase ter superado algún dos exercicios exisidos para o acceso á Escala de Administración xeral, Subescala Auxiliar Administrativa da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, quenda libre, nas tres últimas convocatorias, ou estar en posesión dalgunha titulación académica superior á esixida na Base Segunda a) destas Bases o día de publicación da presente convocatoria no BOE. Esta valoración realizarase conforme a seguinte puntuación:

a) Valorarase con 3,0 puntos ter superado algún dos exercicios exisidos para o acceso á Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar Administrativa da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, quenda libre, oposición, nas tres últimas convocatorias.

Acreditación. A superación dos exercicios acreditarase mediante Informe (Anexo III) da persoa responsable dos Servizos Centrais da XMU emitido a solicitude do aspirante.

b) Valorarase con 1,0 puntos a posesión de título académico oficial superior o esixido para a subescala conforme o seguinte baremo:

Título de Técnico Superior ou calquera outro superior o sinalado: 1,00 puntos.

Título de Diplomado Universitario, Enxeñeiro Técnico ou Arquitecto Técnico: 0,75 puntos.

Título de Bacharel-LOE, Bacharel-LOGSE, de Bacharelato Unificado Polivalente, de Bacharel Superior ou ter aprobadas as probas de acceso á Universidade para maiores de 25 anos: 0,50 puntos.

Acreditación. Copia compulsada do título, diploma ou resguardo de ter satisfeito os dereitos para a súa expedición, ou mediante certificación expedida pola Secretaría da Universidade ou Administración Pública correspondente.

#### **SÉTIMA. Listado de aprobados.**

Concluída a valoración de méritos o Tribunal publicará no Taboleiro Electrónico Municipal a relación de aspirantes na orde de puntuación alcanzada e elevará o órgano competente a proposta de nomeamento dos aspirantes seleccionados en número non superior o de prazas convocadas.

En caso de empate na puntuación terá preferencia os aspirantes vinculados co Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo mediante unha relación funcional de carácter temporal, de persistir empate terá preferencia o/a aspirante con maior puntuación no apartado a) Experiencia profesional, na seguinte orde: 1 a) ; 1.b); 1.c) e 1.d).

#### **OITAVA. Presentación de documentación.**



## Concello de Vigo

No prazo de vinte días naturais a contar desde o seguinte a aquel no que se faga pública a lista das puntuacións obtidas os aspirantes seleccionados presentarán nos Servizos Centrais da XMU os seguintes documentos:

a) Declaración xurada ou promesa de non haber sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública, ni hallarse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.

b) Documentación acreditativa do cumprimento dos restantes requisitos esixidos na convocatoria.

Quenes dentro del prazo fixado, e salvo caso de forza maior, non presentasen a documentación, ou do exame da mesma se deduxese que carece de algún dos requisitos sinlados nas Bases, non poderán ser nomeados/as funcionarios/as, quedando anuladas las actuaciones sin perjuicio da responsabilidade que proceda.

### **NOVENA. Adxudicación de destinos. Bolsa de interinos.**

Con carácter previo á adxudicación de destinos, o persoal seleccionado será sometido a recoñecemento médico, aos efectos de non padecer enfermidade que lle impida desempeñar o puesto de traballo correspondente.

As persoas relacionadas co Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo mediante unha relación funcionarial de carácter temporal e que, habendo participado no proceso selectivo non o superaran, integraranse nunha bolsa de persoal funcionario interino da Escala de Administración xeral, Subescala Auxiliar Administrativa, sempre e cando a puntuación obtida no concurso sexa superior a 34,0 puntos.

### **DÉCIMA. Datos de carácter persoal.**

A participación no proceso selectivo implica o consentemento para que os datos persoais aportados sexan obxecto de publicación a través da súa inserción no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro Electrónico do Concello e na páxina web municipal cando así o requera a tramitación do procedemento.

### **UNDÉCIMA. Recursos**

Contra a presente convocatoria poderase interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo do mes seguinte o día da súa publicación no BOP ou recurso contencioso administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da Cidade de Vigo, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. No caso de interpoñer recurso de reposición non poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se haxa producido a desestimación presunta do mesmo.

## ANEXO I

CONCURSO DE MÉRITOS PARA ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL (LEI 20/2021).  
UNHA PRAZA DA **ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR ADMINISTRATIVA** (TURNO DISCAPACIDADE INTELECTUAL) DA XMU DO CONCELLO DE VIGO.

D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_  
con DNI \_\_\_\_\_ e domicilio en, \_\_\_\_\_, rúa \_\_\_\_\_, C.P. \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_ e correo electrónico \_\_\_\_\_

### EXPOÑO

Que segundo convocatoria inserta no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. \_\_\_\_\_, de data \_\_\_\_\_ reúno os requisitos esixidos na Base Segunda das Bases Reguladoras do concurso convocado para estabilización do emprego temporal dunha praza estrutural da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo da **ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR ADMINISTRATIVA** (TURNO DISCAPACIDADE INTELECTUAL).

Acepto na súa totalidade e me someto as Bases Reguladoras do concurso.

Adxunto a documentación sinalada na Base Terceira. 3:

- (i) Copia do Documento Nacional de Identidade (DNI) ou pasaporte, no seu defecto.
- (ii) Copia da titulación esixida nas Bases.
- (iii) Índice e copia da documentación acreditativa dos méritos alegados.
- (iv) Copia do Título CELGA esixido nas Bases.
- (v) Copia do certificado de discapacidade emitido por órgano competente que acredita unha discapacidade intelectual en grao igual ou superior ao 33 %

### SOLICITO

Ser admitido/a no procedemento convocado.

Data e sinatura dixital

Sr. Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo



**Concello de Vigo**

## ANEXO II

INFORME DA XEFATURA DE SERVIZOS CENTRAIS DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO OU DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS DO CONCELLO DE VIGO.

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ no desempeño de mi posto de  
\_\_\_\_\_

### INFORMO

Que no Expediente existente nesta dependencia D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_ ten acreditado nesta Administración os seguintes extremos:

- a) Servizos efectivos prestados en prazas da Escala de Administración Xeral; Subescala Auxiliar Administrativa do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo: ..... meses completos
- b) Servizos efectivos prestados en prazas da Escala de Administración Xeral; Subescala Auxiliar Administrativa da Administración Municipal do Concello de Vigo: ..... meses completos.
- c) Servizos efectivos prestados noutras Escalas ou Subescalas do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo: ..... meses completos.
- d) Servizos efectivos prestados noutras Escalas ou Subescalas da Administración da Administración Municipal do Concello de Vigo: ..... meses completos.

E para que xurda efectos no concurso convocado para a estabilización do emprego temporal de prazas estruturais vacantes da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo pertencentes á **Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar Administrativa** expido o presente INFORME a petición do interesado/a.

Data e sinatura

### ANEXO III

INFORME DA XEFATURA DE SERVIZOS CENTRAIS DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO.

D. \_\_\_\_\_ no desempeño de mi posto de  
\_\_\_\_\_

#### INFORMO

Que na convocatoria da oposición libre realizada segundo Bases e convocatoria aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_ para o acceso á Escala de Administración Xeral; Subescala Auxiliar Administrativo do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo e no Expediente \_\_\_\_/\_\_\_\_ incoado a tal fin consta que D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_ superou algún dos exercicios do mencionado proceso de selección.

Así mesmo informo que tal proceso selectivo correspóndese cos realizados nas tres últimas convocatorias a tal Escala e Subescala.

E para que xurda efectos no concurso convocado para a estabilización do emprego temporal de prazas estruturais vacantes da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo pertencentes á **Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar Administrativo** expido o presente INFORME a petición do interesado/a.

Data e sinatura.





**Concello de Vigo**

#### **ANEXO IV**

**BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA EXCEPCIONAL DO CONCURSO LIBRE DE MÉRITOS PARA ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL E INGRESO NUNHA PRAZA ESTRUTURAL VACANTE DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL PERTENCENTES Á SUBESCALA TÉCNICA, CLASE SUPERIOR (ENXEÑEIRO INDUSTRIAL) INCURSA NOS SUPOSTOS DAS DISPOSICIÓNS ADICIONAIS SEXTA E OITAVA DA LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO. (ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN).**

#### **PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria. Normativa aplicable.**

1. En execución do proceso de estabilización de emprego temporal previsto nas Disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, as presentes Bases regulan a convocatoria excepcional e única do concurso libre de méritos para o ingreso e acceso a unha praza estrutural e vacante existente no Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo que ben se atopan ocupadas de forma temporal e ininterrompida desde data anterior o 1 de xaneiro de 2016 ou ben se atopan ocupadas de forma temporal por persoal con unha relación, desta natureza, anterior o 1 de xaneiro de 2016; a praza, pertencente o Grupo A, Subgrupo A1 encádranse na Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Superior (enxeñeiro industrial).

As prazas se atopan incluídas na Oferta de Emprego Público extraordinaria de estabilización aprobada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión de data 1 de abril de 2022 publicada no BOP de Pontevedra nº 72 de 13 abril.

As Bases foron sometidas o coñecemento da Mesa de Negociación da Xerencia Municipal de Urbanismo en reunión de data 29 de abril de 2022.

2. Son, entre outras, tarefas propias da praza de enxeñeiro industrial superior as que constitúen o obxecto peculiar da profesión de enxeñeiro industrial e en particular as seguintes: Emisión de informes previos o outorgamento dos actos de edificación e uso do solo suxeitos a licenza cando prevexan obras, servizos ou instalacións eléctricas, químicas, mecánicas, de economía industrial ou similares. Emisión de informes relativos o outorgamento ou control de licenzas de apertura de establecementos, industrias clasificadas, seguridade industrial, espectáculos públicos e actividades recreativas, sen prexuízo das reservadas a outros facultativos. Confección de proxectos, orzamentos, memorias valoradas, tasacións e peritacións respecto dos servizos e instalacións municipais. Emisión de informes relativos á implantación ou autorización de eventos, actividades recreativas e/ou espectáculos de carácter temporal e extraordinario en particular en materia de seguridade das instalacións, ruidos e vibracións, emerxencias, protección e prevención da seguridade pública. Redacción de pregos de prescricións técnicas en expedientes da Xerencia de contratación pública relacionados coa enxeñería industrial e emisión de informes técnicos sobre as propostas presentadas en tales expedientes. Emisión de informes e cometidos diversos relacionados co mantemento dos edificios de titularidade municipal sen prexuízo das reservadas a outros facultativos. Emisión de informes e cometidos diversos relacionados co mantemento e funcionamento dos servizos municipais de subministro de auga, saneamento, depuración de augas, tratamento de residuos, alumeados públicos, eficiencia e valoración enerxética, transporte e mobilidade en aspectos da súa competencia e en coordinación con outros facultativos. Emisión de informes e cometidos diversos relacionados coa conservación e mantemento de vías públicas, tráfico rodado, mobilidade, xestión do transporte, contaminación acústica, parque mobil e prazas, parques e xardíns públicos, en aspectos da súa competencia.

3. O procedemento de selección réxese polas presentes Bases, no non previsto nelas aplicarase o disposto na Lei 20/2021, de 28 de decembro; no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro; no Regulamento xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo; na Lei 2/2015, de 19 de abril, do Empregado Público de Galicia e na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

No procedemento aplicarase a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

No proceso selectivo coidarase especialmente a aplicación do Plan de Igualdade aprobado polo Pleno do Concello de Vigo en sesión de data 15 de setembro de 2021.

4. As presentes Bases publicaranse íntegramente no BOP de Pontevedra e no Taboleiro Electrónico da Sede Electrónica do Concello de Vigo (Expedientes en exposición pública) <https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/ofertas.jsp> O anuncio da convocatoria no BOE sinalará o BOP no que se teñen publicado as Bases e determinará o inicio de prazo de presentación de solicitudes.

Os sucesivos anuncios derivados do desenvolvemento da convocatoria publicaranse na mesma dirección.

#### **SEGUNDA. Requisitos dos aspirantes.**

As persoas interesadas en participar no concurso de estabilización de emprego temporal reunirán, na data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión, ou en condicións de obter na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, do Título Universitario Oficial de Enxeñería Industrial ou de título que habilite para o exercicio desta profesión regulada, segundo establece a normativa vixente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente convalidación ou da credencial que acredite a homologación.

b) Ter a nacionalidade española ou cumprir os requisitos establecidos no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no suposto de acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados.

c) Poseer a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

d) Ter cumpridos dezaséis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos Organismos Constitucionais ou Estatutarios das Comunidades Autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso o emorego público.



## Concello de Vigo

f) Acreditar o coñecemento da lingua galega mediante a posesión do Título CELGA 4 ou equivalente homologado segundo o disposto na Orde 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega. O/a aspirante que, consecuencia do proceso de selección, obtivera praza e non acreditara a posesión do Título mencionado participará no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

### **TERCEIRA. Solicitudes de inscrición. Prazo de presentación. Documentación.**

1. Solicitudes de inscrición. Cumprimentaranse electrónicamente a través da URL: <https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/ofertas.jsp> que, tras a cumprimentación esixida, xerará o documento sinalado no Anexo I.

A inscrición realizarase facendo uso de <https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/ofertas.jsp>, seguindo as instrucións que se lle indiquen, sendo necesario identificarse por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que pódense consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp>

A inscrición por esta vía permitirá:

- A inscrición en liña.
- Anexar documentos á inscrición.
- O rexistro electrónico da inscrición.

As solicitudes de inscrición en soporte papel efectuaranse mediante cumprimentación electrónica <https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/ofertas.jsp> e a súa posterior presentación no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2. Prazo de presentación das solicitudes de inscrición: 20 días hábiles contados a partir do seguinte no que apareza a publicación do anuncio de convocatoria no “Boletín Oficial del Estado”.

3. As solicitudes de inscrición, en todo caso, acompañaranse da seguinte documentación:

- Copia do Documento Nacional de Identidade (DNI) ou pasaporte, no seu defecto.
- Copia da titulación esixida nas presentes Bases ou documento acreditativo do abono das taxas para a expedición do mesmo. No caso de titulacións obtidas no extranxeiro aportarase a documentación acreditativa da súa homologación ou convalidación.
- Copia do Título CELGA 4 acreditativo do coñecemento da lingua galega.
- Índice e copia da documentación achegada para o concurso de méritos.

### **CUARTA. Admisión de aspirantes.**

1. Concluído o prazo de presentación de solicitudes a Vicepresidencia da XMU, mediante Resolución, aprobará o listado provisional de aspirantes admitidos e excluídos, neste suposto especificarase a causa de exclusión. Contra a Resolución poderase presentar reclamación no prazo dos 10 días seguintes; as reclamacións, se as houbera, serán resoltas na Resolución da Vicepresidencia na que se aproben as listas definitivas que será obxecto de publicación na páxina web municipal, no Taboleiro Electrónico de Edictos e na Intranet. Os aspirantes que no prazo sinalado no subsanaran o defecto que motivou a súa exclusión ou no presentaren reclamación xustificando o seu dereito de inclusión na relación de

admitidos serán excluídos do proceso. É insubsanable a presentación da solicitude fora do prazo e o incumprimento dos requisitos esixidos para tomar parte no Concurso.

2. No suposto de non presentarse reclamacións o listado provisional entenderase definitivo; esta circunstancia farase constar na Resolución de aprobación do listado provisional.

3. Na mesma Resolución na que se faga pública a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos constará:

- Composición do Tribunal.

- Lugar, data e hora de constitución do Tribunal para a valoración dos méritos.

Contra a Resolución poderase interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, a partir do día seguinte o de súa publicación no Taboleiro Electrónico, ou recurso Contencioso-Administrativo no prazo de dous, a partir do día seguinte á publicación.

#### **QUINTA. Tribunal cualificador.**

1. Integrarase por cinco membros; designarse o mesmo número de membros suplentes. A súa composición será a seguinte:

Presidencia: Persoa designada pola Vicepresidencia da XMU entre persoal funcionario de carreira da XMU.

Vocalías: Tres vogais, designados pola Vicepresidencia da XMU entre persoal funcionario de carreira da XMU, ou da Administración municipal do Concello de Vigo.

Secretaría: Designada pola Vicepresidencia da XMU entre persoal funcionario de carreira da XMU

A composición do Tribunal será predominantemente técnica, os seus membros posuirán unha titulación igual o superior á das prazas convocadas. As designacións axustaranse ao principio de composición equilibrada de mulleres e homes.

Para a válida constitución do Tribunal a efectos da celebración de sesións, deliberacións e adopción de acordos, requirirase a presenza da Presidencia, da Secretaría, e, alo menos, un vogal. Na sesión constitutiva o Tribunal poderá acordar que os membros titulares e suplentes de actúen indistintamente.

2. O réxime xurídico aplicable o Tribunal axustarase ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, de 1 de outubro; os seus membros absteranse de formar parte da mesma cando conorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da norma citada. Os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015

3. O Tribunal queda facultado para resolver por maioría de votos dos membros asistentes as dúbidas que poideran xurdir na aplicación destas Bases e para adoptar os acordos necesarios para a boa orde do procedemento. En caso de empate decidirá o voto da Presidencia.

4. O Tribunal poderá requirir dos concursantes, en calquera momento do procedemento a documentación acreditativa dos requisitos esixidos na convocatoria. O Tribunal recabará dos interesados as aclaracións ou a achega da documentación adicional que considere necesaria para a comprobación dos méritos alegados.



## Concello de Vigo

5. Contra os actos de trámite do Tribunal que decidan directa o indirectamente sobre o fondo do asunto, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable aos dereitos e intereses lexítimos e que non poñan fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a Vicepresidencia da XMU.

Contra os demais actos de trámite os interesados poderán presentar ante o Tribunal as alegacións, reclamacións e/ou subsanacións de documentación que estimen pertinente no prazo de dez días a contar desde o seguinte á data da publicación.

6. O Tribunal terá a categoría que corresponda á Escala e Subescala convocada conforme o disposto no artigo 30 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

### **SEXTA. Sistema de selección. Valoración.**

1. O sistema selectivo será o de concurso de méritos que consistirá na valoración dos méritos acreditados polas persoas aspirantes conforme o seguinte baremo:

**Puntuación máxima: 60,00 puntos.**

#### **a) Experiencia profesional.**

1. Máximo **54,00 puntos**. Valoraranse os servizos efectivos prestados ata a data de publicación no BOE desta convocatoria conforme a seguinte puntuación:

a) Servizos efectivos prestados en prazas da Escala de Administración Especial; Subescala Técnica, Clase Superior (enxeñeiro industrial) do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo: 0,450 puntos mes completo; máximo 54,00 puntos.

b) Servizos efectivos prestados en prazas da Escala de Administración Especial; Subescala Técnica, Clase Superior, (enxeñeiro industrial) da Administración Municipal do Concello de Vigo: 0,286 puntos mes completo; máximo 34,40 puntos.

c) Servizos efectivos prestados na Escala de Administración Especial e na Subescala inmediatamente inferior do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo (Subescala Técnica Media, Enxeñeiro Industrial): 0,180 puntos mes completo; máximo 21,60 puntos.

d) Servizos efectivos prestados na Escala de Administración Especial e na Subescala inmediatamente inferior da Administración Municipal do Concello de Vigo: 0,135 puntos mes completo; máximo 16,20 puntos.

e) Servizos efectivos prestados en Corpos, Escalas ou Subescalas doutras Administracións Públicas territoriais análogos á Escala de Administración Especial do réxime local e adscritos o subgrupo de titulación A1: 0,090 puntos mes completo, máximo 10,80 puntos; no subgrupo A2: 0,045 puntos mes completo, máximo 5,40 puntos.

